<sup>1</sup> Estas claves da nova Administración liberal foron sinaladas por autores da época: COLMEIRO, MANUEL: *Derecho Administrativo Español*, Santiago de Compostela: Librería de don Ángel Calleja, 1850. Claves nas que tamén inciden autores contemporáneos: GARCÍA DE ENTERRÍA, Eduardo: *Revolución Francesa y Administración contemporánea*, Madrid: Taurus, 1981, pp. 46 e ss.

<sup>2</sup> Para un achegamento ós prefectos franceses Vid. CHAPMAN, Brian: *Los Prefectos y la Francia provincial*, Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1959.

<sup>3</sup> Esta dupla frustración foi plenamente demostrada por Manel RISQUES CORBELLA no seu estudo do Goberno Civil de Barcelona: *El Govern Civil de Barcelona al segle XIX*, Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1995.

por principal misión defende-lo bloque histórico protagonista do afianzamento do liberalismo en España<sup>4</sup>.

Con todo, o modelo que acabamos de describir tamén tivo as súas alternativas. Nos derradeiros anos do reinado de Fernando VII, e trala morte deste, foise desenvolvendo un programa de reformas administrativas patrocinadas desde o Estado, que tamén tentou debuxar unha administración centralizada, mais sen caer nas eivas que presentaba o sistema liberal. Tal modelo asentábase sobre uns presupostos ideolóxicos que se situaban a medio camiño entre o liberalismo e o absolutismo. En efecto, ó longo da segunda restauración absolutista de Fernando VII (1823-1833), tanto desde a clase política gobernante, coma desde os que permanecían fóra dos ámbitos de poder, foise xestando un programa político baseado na moderación e nas reformas administrativas desde arriba para saír da situación de inmovilismo existente. Tal programa político era equidistante do liberalismo máis exaltado e do ultrarrealismo máis radical, o que levou a algúns autores a definilo como unha especie de *terceira vía*<sup>5</sup>. En realidade, non se trataba de nada novo, senón máis ben da recuperación das ideas da Ilustración española, rescatadas agora para tentar dar solución á crise do Estado absoluto, e, por outra parte, era tamén o que no seu momento tentou levar adiante o goberno afrancesado, das reformas pacíficas, gradualistas e impulsadas desde o poder.

O presente traballo ten por obxectivos estudar unha das principais realizacións do reformismo administrativo: os subdelegados de Fomento, postos á fronte das novas provincias consolidadas no 1833; e moi en particular achegarse ás vicisitudes que marcaron a súa instalación na provincia de Lugo, así como á figura do seu primeiro subdelegado de Fomento: José María Moscoso de Altamira.

## 2. O modelo dos subdelegados de Fomento

A instalación dos subdelegados de Fomento á fronte das provincias supuxo unha creación orixinal que se erguía sobre dúas tradicións diferentes: en primeiro lugar, os subdelegados reproducían a continuidade

<sup>4</sup> As ideas de pacto e de transición desde arriba son as que protagonizaron o asentamento do liberalismo en España, a diferenza da ruptura revolucionaria acontecida en Francia: Vid. FONTANA, Josep: *La crisis del Antiguo Régimen, 1808-1833*, Barcelona: Crítica, 1979. TUÑÓN DE LARA, Manuel: «Sociedad señorial, revolución burguesa y sociedad capitalista», en VII Coloquio de Pau: *Crisis del Antiguo Régimen e industrialización en la España del siglo XIX*, Madrid: Cuadernos para el Diálogo, 1972, pp. 11-26.

<sup>5</sup> COMELLAS, José Luis: *Isabel II. Una Reina y un reinado*, Barcelona: Ariel, 1999, p. 18.



dun pensamento autóctono, que era o representado pola herdanza do reformismo ilustrado, coa súa concepción da Administración como fomento da riqueza e do benestar, pero sen que isto signifique reformas políticas ou sociais. Así, non é estraño que os subdelegados de Fomento fosen unha institución perfectamente axeitada para o reformismo administrativo que se tentou levar adiante trala morte de Fernando VII, xa que os beneficios da Administración pretendían substituír calquera aperturismo político ou social. En segundo lugar, baseándose nos obxectivos de prosperidade e de fomento que posuían os subdelegados, entroncarían co modelo departamental francés, que tiña nos prefectos ós xefes da Administración periférica, rol que pretendían asumir en España os subdelegados<sup>6</sup>.

As dúas tradicións que acabamos de apuntar concretábanse nun home: Javier de Burgos (1778-1849), principal artífice dos subdelegados de Fomento. Burgos procedía da tradición da Ilustración española, das reformas desde arriba, sen muda-la estrutura social e política da sociedade. Por outra parte, coñecía ben o modelo da Administración francesa, durante o período de goberno de Xosé I foi subprefecto de Almería; tamén pasou varios anos exiliado en Francia, o que lle deu oportunidade de afondar no coñecemento da Administración do país veciño; sería precisamente desde París desde onde lle dirixiría no 1826 unha exposición a Fernando VII, que xa contiña as claves da política do reformismo administrativo, política da que el foi un dos principais valedores, sobre todo desde o acceso ó Ministerio de Fomento o 21 de outubro de 1833 (departamento que fora creado en novembro de 1832 como pedra fundamental sobre a que se asentaría a política das reformas administrativas). Desde este posto, Burgos implantaría a división provincial de 1833, que chegaría ata a actualidade, razón pola que este persoeiro pasou á historia como o principal autor desta partición, cando a súa actuación só se limitou a lles dar carta de legalidade ós traballos realizados en épocas pasadas, sobre todo nos períodos constitucionais e ó longo da «década ominosa». A verdadeira orixinalidade de Javier de Burgos foi pór esta división ó servizo das reformas administrativas e, sobre todo, a creación dos subdelegados para o goberno das novas provincias. Así, paradoxalmente, as ideas administrativas de Javier de Burgos, simbolizadas nos subdelegados de Fomento, terían máis que ver co pensamento ilustrado de finais do Antigo réxime que coas ideas xeradas polo liberalismo español; e, por outra parte, se atendemos á práctica dos subdelegados, estes estarían seguindo máis fielmente o modelo dos prefectos franceses có dos xefes políticos dos tempos da Constitución de 1812.

<sup>6</sup> NIETO, Alejandro: *Los primeros pasos del Estado constitucional. Historia administrativa de la Regencia de María Cristina de Borbón*, Barcelona: Ariel, 1996, pp. 246-247.

Unha vez vistos os obxectivos dos subdelegados de Fomento, baseados na busca da prosperidade, podemos dicir que había unha clara diferenza cos xefes políticos das épocas constitucionais, pois mentres que estes tiñan un obxectivo eminentemente político, os subdelegados pretendían fuxir do político e centrarse no fomento<sup>7</sup>. Nunca os nomes duns cargos públicos estiveran tan acorde coa súa función real<sup>8</sup>. Así as cousas, fronte a uns cargos politizados, como eran os xefes políticos, os subdelegados de Fomento aspiraban a se converter en funcionarios profesionalizados, sen ningunha clase de adulteración política, afastados de todo partidismo e das alternativas políticas. Deste xeito, se na división provincial implantada no 1833 non se partía de cero, posto que son claras as súas influencias de traballos anteriores, no obxectivo procurado por esta división, e, sobre todo, nos delegados postos á súa fronte, si habería unha clara novidade. A intencionalidade xa non será puramente política, senón administrativa, entendendo a administración como fomento, tarefa á que estaban dedicados os subdelegados. Con todo, isto non quere dicir que a proposta de Javier de Burgos e do reformismo administrativo fose menos centralista cá das pasadas épocas liberais, o que ocurría era que o centralismo, ó igual cá división provincial, poríase ó servizo duns ideais administrativos de fomento e prosperidade. A centralización perseguida neste momento, máis que unha misión política, tiña unha función administrativa e de fomento.

Unha vez que procedemos ó comentario das características xerais e á orixe dos subdelegados de Fomento, imos proceder á descrición do proceso legal que levou á súa instauración. Para o asentamento dos subdelegados o primeiro acontecemento importante será o nomeamento de Javier de Burgos como ministro de Fomento, o 21 de outubro de 1833, dentro do Gabinete presidido por Cea Bermúdez (1779-1850). Sen dúbida, a creación destes funcionarios xa estaba na mente de Burgos antes de chegar ó Ministerio, pois tan só dous días despois, o 23 de outubro de 1833, a raíña gobernadora, María Cristina de Borbón, asinaba o Real decreto polo que se creaban os subdelegados principais de Fomento.

---

<sup>7</sup> Verbo da recente bibliografía arredor dos Gobernadores Cívís podemos apuntar dúas obras de interese: AA.VV.: *El Gobernador Civil en la política y en la Administración de la España contemporánea*, Madrid: Ministerio del Interior, 1997. CAJAL VALERO, Arturo: *El Gobernador Civil y el Estado centralizado del siglo XIX*, Madrid: MAP, 1999.

<sup>8</sup> NIETO, Alejandro: *Los primeros pasos del Estado constitucional...* Op. Cit. Así o afirma este autor. «... lo esencial era que se trataba de una Administración *de fomento*. Ya la denominación tiene en este punto un enorme valor significativo, que se contrastaba con la sustancia eminentemente política de la figura liberal («jefe político», «gobernador») pensada para gobernar y mandar; mientras que la hechura de Javier de Burgos quiso mantenerse en lo posible al margen de lo político para centrarse en el «fomento» de la prosperidad de los individuos y de los pueblos», p. 248.

«Convencida de que para que sea eficaz la protección que quiero dar á todos los intereses legítimos, es menester que haya en las provincias agentes especiales de prosperidad, he tenido a bien mandar en nombre de mi muy cara y amada Hija la Reina Doña Isabel II lo que sigue:

Artículo 1º. En cada una de las capitales de las provincias que hoy existen, y de las que se formen en la nueva división territorial, que os he encargado plantear, se establecerá una autoridad superior administrativa con el título de Subdelegado principal de Fomento.

(...)

Art. 3º. Los subdelegados principales y los subalternos serán escogidos entre las personas dotadas de conocimientos especiales en administración»<sup>9</sup>.

A través destas verbas podemos observar como os subdelegados de Fomento eran os axentes encargados de levárllle-los beneficios da Administración ás provincias, tendo como misión fundamental a súa prosperidade. Este traballo sería realizado por entendidos na Administración, é dicir, pretendíase unha profesionalización dos máximos xefes provinciais; alén de toda circunstancia política, primaban para o seu nomeamento os coñecementos no relativo a temas administrativos. Como se pode apreciar, estanse designando os subdelegados de Fomento antes de que se produza a racionalización provincial, o que nos dá idea de dúas cuestións: primeiro, está indicando que os subdelegados son a grande creación de Javier de Burgos, este anticipo denota a grande importancia que a racionalización da Administración e o fomento da prosperidade tiñan no manifesto do 4 de outubro de 1833 (programa de goberno do ministerio Cea Bermúdez, que facía fincapé nas reformas administrativas); segundo, a división provincial, implantada máis tarde, serviría como ámbito de xurisdicción para uns funcionarios xa creados, denotando o seu carácter de copia de pasados traballos e o seu carácter colateral respecto dos subdelegados de Fomento<sup>10</sup>. Estes axentes de fomento converteríanse na ponte entre o Estado e as provincias, eran funcionarios que espallarían pola provincia tódalas disposicións do Goberno e elevarían cara ó centro as necesidades da periferia.

Sen embargo, non todo serían facilidades para Javier de Burgos á hora de levar adiante a implantación dos subdelegados de Fomento. En efecto, podemos afirmar que a principal oposición ós novos funcionarios veu por parte do Consello de goberno, institución prevista no testamento de Fernando VII para asesora-la raíña gobernadora. Nun primeiro momento o Consello de Goberno vaise preocupar tanto pola indetermi-

<sup>9</sup> *Gaceta de Madrid*, 24-X-1833.

<sup>10</sup> MAESTRE ROCA, Julio: «Javier de Burgos, liberal doctrinario», *Revista de Estudios Políticos*, xaneiro-febreiro, 1972, n.º. 181, pp. 133-156.

nación das atribucións que se lles darían ós subdelegados, como polo posible aumento de gastos que suporía para o Estado a súa creación; verbo de ámbolos temas demandaballe información ó Consello de Ministros<sup>11</sup>. Sen embargo, Burgos vai reaccionar rapidamente e o 11 de novembro de 1833 presenta detalladamente o proxecto de creación dos subdelegados de Fomento perante o Consello de Ministros: as súas atribucións, dotacións e presuposto de gastos das subdelegacións, impugnando as reticencias do Consello de Goberno, diante desta exposición os ministros aprobaron as subdelegacións de Fomento<sup>12</sup>.

Pero, aínda que os subdelegados foron aprobados polos ministros, non por iso o Consello de Goberno acatou as súas medidas; así, nun oficio do 20 de novembro de 1833, enviado ó Consello de Ministros, manifestaba a súa idea de que a división territorial debía limitarse só á parte administrativa, non facéndoa extensiva ós demais eidos do servicio do Estado. Por outra parte, noutro oficio do 23 de novembro, os membros do Consello de Goberno manifestaban innecesario establecer subdelegados de Fomento, aducindo que as funcións que para eles estaban previstas podían exercelas os Intendentes<sup>13</sup>. Mais Burgos discrepou abertamente desta opinión: «El Sr. Ministro del ramo entró en el examen de todos los fundamentos de esta opinión: mostró los inconvenientes que se seguirían de adoptarla: probó la contradicción que existía entre la aprobación de la División territorial limitada a la parte administrativa y la no aprobación del establecimiento de las subdelegaciones de Fomento»<sup>14</sup>. Os demais ministros amosáronse de acordo con Burgos e aprobaron definitivamente os proxectos dos subdelegados.

Pero, a oposición do Consello de Goberno ós subdelegados, máis que polo aumento do gasto que ó Estado lle podería causar, debíase a un tema de maior profundidade e importancia. En efecto, Javier de Burgos ó crea-los subdelegados de Fomento non os consideraba só como funcionarios profesionais, senón que pensaba tamén en civís para desempeñalos, é dicir, Burgos desexaba unha Administración civilista, afastada de calquera intervencionismo militar, pois era esta unha condición *sine qua non* para que a Administración puidera cumprilo seu cometido fomentador da prosperidade. No caso das subdelegacións non había ningunha posibilidade de que foran desempeñadas por militares, a diferenza do que ocorría coas xefaturas políticas, que en momentos de excepción

<sup>11</sup> *Actas del Consejo de Ministros*. Isabel II. Tomo IX (1833-1839), Madrid: Ministerio de la Presidencia, 1995. Sesión do 10-XI-1833, p. 48.

<sup>12</sup> *Actas del Consejo de Ministros*. Op. Cit. Sesión do 11-XI-1833, p. 50.

<sup>13</sup> *Actas del Consejo de Ministros*. Op. Cit. Sesión do 29-XI-1833, p. 67.

<sup>14</sup> *Ibidem*, pp. 67-68.

poderían estar ocupadas por militares. Era claro que esta determinación civilista de Burgos ía chocar co tradicional poder dos militares, exercido en tódolos ámbitos do Estado, tamén na Administración; neste senso, as prevencións do Consello de Goberno contra dos subdelegados debémos entendelas como un intento de defende-los intereses militares, ante o choque competencial que se ía producir cos subdelegados de Fomento. Tal defensa enténdese polo feito de que no Consello de Goberno había importantes mandos militares, e temos o exemplo máis significativo no marqués das Amarillas, disposto a defende-lo corporativismo militar<sup>15</sup>. Cómpre lembrar que na conxuntura política do momento, dominada pola crise dinástica aberta tralo pasamento de Fernando VII, e a conseguinte reacción carlista fronte ó trono isabelino, os militares posufron unha privilexiada situación política, dado que o estado de guerra facía deles un elemento necesario para a conservación da Monarquía de Isabel II, de aí que non estiveran dispostos a ceder nada do seu tradicional poder e influencia, converténdose, xa que logo, en inimigos declarados da implantación dos subdelegados.

Unha vez aprobados polo Consello de Ministros, e superados os últimos obstáculos, os subdelegados tiveron vía libre para a súa definitiva implantación. Efectivamente, o 30 de novembro de 1833, na mesma data en que se procedía á instalación dunha nova división provincial, publicábase tamén o Real decreto polo que se fixaba a cadro de persoal dos subdelegados de Fomento postos á fronte das novas provincias. A división provincial e a creación dos subdelegados púñanse nun mesmo e inseparable plano, o da acción benéfica que se agardaba da Administración:

«La nueva división territorial, que con el objeto de facilitar la acción de la administración he tenido á bien sancionar por mi decreto de este día, no sería un beneficio para los pueblos, si á la cabeza de cada una de las provincias, y aun á la de algunos partidos, no hubiese un jefe encargado de estudiar las necesidades locales, y de socorrerlas él mismo, ó de proponer al Gobierno los medios de verificarlo. Con este objeto mandé por mi Real decreto de 23 de octubre que se estableciesen dichos jefes con el título de subdelegados de Fomento; y no conviniendo diferir ya la ejecución de esta medida, ni pudiendo llevarse á cabo sin otras que la regularicen y completen...»<sup>16</sup>.

Pasaba, a continuación, á precisa regulamentación dos subdelegados de Fomento, así como á fixación do seu plano de traballo. As funcións dos Subdelegados ficaban claras cando no artigo 11 do Real decreto se afirmaba: «Siendo la protección de los intereses generales el objeto esen-

<sup>15</sup> GAY ARMENTEROS, Juan C.: *Política y Administración en Javier de Burgos*, Granada: CEMCI, 1993, p. 148.

<sup>16</sup> *Gaceta de Madrid*, 3-XII-1833.



cial de la administración, los Subdelegados que no los favorezcan sin descanso, los que no promuevan bienes efectivos serán separados de sus destinos, cualquiera que sea la causa que les haya impedido hacer el bien»<sup>17</sup>. Non podía quedar máis clara a misión dos subdelegados, a busca da prosperidade era o seu fin principal.

Pero, non contente con esta clara fixación de tarefas, Javier de Burgos vai elaborar unha detallada «Instrucción para el Gobierno de los Subdelegados de Fomento» na que se describía punto por punto as obrigas dos subdelegados en cada materia da súa atribución. Dividida en 20 capítulos trataba de todo o relativo ó fomento da prosperidade das provincias: agricultura, industria, comercio, sociedades económicas, división territorial, estatística e moitos outros temas eran obxecto preferente da súa atención. Nesta instrucción os subdelegados ficaban constituídos como axentes fundamentais da centralización estatal, postos ó servicio das benéficas previsións da Administración emanada do Goberno central: «Los subdelegados de Fomento son empleados de ejecución y como tales no pueden mandar ni prohibir sino lo que manden o prohiban las leyes, las Reales ordenes y las instrucciones del ramo»<sup>18</sup>. Para o seguimento do traballo dos subdelegados estes quedaban obrigados a enviarlle cada mes un informe ó Goberno no que darían conta dos seus progresos no tocante a acada-la riqueza das provincias que dirixían. Sen dúbida, un dos puntos máis importantes desta instrucción era aquel no que Burgos lles ordenaba ós axentes provinciais que recolleran dos Capitáns Xenerais aquelas atribucións que agora pasarían a estar administradas polos subdelegados, atribucións que respondían fundamentalmente ó control da orde pública e policía, competencias que tradicionalmente foran dominio dos militares. Con esta actitude Burgos pretendía, como máis arriba xa comentamos, o desenvolvemento dunha Administración plenamente civilista e servida por funcionarios civís. Anque Burgos recomendaba, finalmente, ós subdelegados a colaboración e a harmonía con todas as autoridades, incluídas as militares, era claro que estes non se deixarían roubar facilmente competencias que viñan ocupando durante moito tempo, e non estaban dispostos a perder protagonismo nin na Administración do Estado, nin na das provincias, polo que non tardarían en lles presentar problemas ós subdelegados e en xeral á Administración civilista proposta por Burgos<sup>19</sup>.

<sup>17</sup> Ibidem.

<sup>18</sup> *Gaceta de Madrid*, 12-XII-1833. A «Instrucción para el Gobierno de los Subdelegados de Fomento aprobada por S.M.» sería publicada neste periódico entre o 5-XII-1833 e o 12-XII-1833.

<sup>19</sup> GAY ARMENTEROS, Juan C.: *Política y Administración...* Op. Cit., pp. 148-149. Sen embargo Burgos non cedeu na súa teima de acadar unha Administración de corte ci-



Unha vez fixadas legalmente as atribucións dos subdelegados de Fomento, tan só faltaba o nomeamento das persoas que deberían ocupar tal posto á fronte das provincias. Tal feito vaise producir por senllos decretos de 10 e 14 de decembro de 1833 que ofrecían as listaxes dos novos axentes provinciais<sup>20</sup>. Polo que respecta ás provincias galegas, os nomeados foron: Miguel Gayoso de Mendoza, señor de Rubianes, para a Subdelegación de Fomento da provincia da Coruña; José Rodríguez del Busto, subdelegado de Fomento da provincia de Ourense; José María Bremón, para a Subdelegación de Fomento de Pontevedra e José María Moscoso de Altamira, que sería o primeiro subdelegado de Fomento da provincia de Lugo<sup>21</sup>. Unha vez establecidos os novos funcionarios, unha Real orde de 29 de decembro de 1833 ordenaba que estes se presentasen de contado nas provincias da súa Administración, e dábbase como data límite para verificar tal feito ata o 31 de xaneiro de 1834, data a partir da cal os subdelegados que non se presentaran a cumprir coas súas obrigas perderían o seu destino; tal feito era símbolo da importancia e das esperanzas que se tiñan postas nos subdelegados e na súa misión fomentadora<sup>22</sup>.

Unha vez que realizamos a análise das bases ideolóxicas que sustentaban ós subdelegados de Fomento, así como da súa misión á fronte das provincias e o proceso legal que levou á súa instauración; imos proceder, de seguido, ó exame da implantación da Subdelegación de Fomento na provincia de Lugo, que era unha das catro en que Galicia ficou dividida a partir de 1833.

### 3. Notas biográficas de José María Moscoso de Altamira

O home escollido para se facer cargo da Subdelegación de Fomento da provincia de Lugo foi José María Moscoso de Altamira, quen á altura do ano 1833 xa contaba cun longo *curriculum* político, tanto a nivel ga-

---

vilista, así Vid. *Actas del Consejo de Ministros*, Op. Cit. Sesión do 27-XII-1833: «Finalmente leyó el Sr. Secretario del Despacho del Fomento las minutas de una circular que se proponía dirigir a los Capitanes Generales de la Provincias, para que con arreglo al Real Decreto de 30 de Noviembre último en que se nombran subdelegados de Fomento, entreguen a éstos los negocios concernientes a la Policía y demás dependencias que por el mismo decreto se ponen bajo su inspección; y de un artículo que se acompaña a la Instrucción que se ha de remitir a los mismos subdelegados encargándoles la prontitud y escrupulosidad con que deben transmitir a los Capitanes Generales cuantas noticias puedan interesar a la tranquilidad y seguridad del país», p. 104. Como se pode apreciar a sombra do poder militar seguía presente.

<sup>20</sup> *Gaceta de Madrid*, 17-XII-1833.

<sup>21</sup> VIVEIRO MOGO, Prudencio: «La instalación de los Subdelegados de Fomento en Galicia», *Historia Contemporánea*, n.º 21, 2000, pp. 627-650.

<sup>22</sup> *Diario de la Administración*, 18-II-1834.

lego como español, que o levaron a ocupa-las máis altas responsabilidades á fronte do Estado, e chegará a se converter nun persoeiro clave para a consolidación das institucións liberais en Galicia, e máis concretamente na provincia de Lugo, da que era natural. Efectivamente, José María Moscoso de Altamira nace no ano 1788 na cidade de Mondoñedo, no seo dunha familia fidalga posuidora dun importante patrimonio territorial:

«En veinte y cinco de Mayo de mil setecientos ochenta y ocho: Yo Don Domingo Antonio Pérez, primer teniente cura de la Parroquia del Señor Santiago única de esta ciudad de Mondoñedo, de la que es propio cura Don Jacinto Penelas, Bapticé solemnemente un Niño que nació á la una de la tarde del día antecedente veinte y cuatro de dicho mes y año, hijo legítimo de Don Josef María Moscoso, y de Doña María del Carmen Quiroga vecinos de dicha Parroquia; nieto por parte paterna de Don Antonio Moscoso, y de Doña Bernarda de Miranda, difuntos vecinos que fueron de la repetida Parroquia; y por la materna de Don Andrés Quiroga y Ulloa, y de Doña María Antonia Pardo y Quindós, aquel difunto, y vecinos que ella es, y aquel fue de la ciudad de Betanzos, Arzobispado de Santiago: Púsele nombre Josef María; fue su padrino el R.P. Fr. Pedro Martínez, Difinidor Conventual en el de San Martin de Villaoriente extramuros de dicha ciudad del orden tercera de San Francisco, y para que conste lo firmo en dicha ciudad»<sup>23</sup>.

O seu pai foi José María Moscoso Omaña y Miranda (1749-1802), natural de Santa Cecilia do Valadouro, veciño de Mondoñedo, de onde era rexedor perpetuo e coronel das milicias provinciais. Os Moscoso Omaña eran os señores xurisdiccionais de Ferreiravella (San Martiño de Mondoñedo), posuíndo ademais outras importantes propiedades: Fontao, Formarán, Donalbai, Senande, Barreira... Desde o ano 1588, en que Lorenzo Sánchez Moscoso foi nomeado polo capitán xeneral de Galicia para o emprego de capitán das compañías de milicias das parroquias de Santa Cecilia do Valadouro, San Martiño de Mondoñedo e outras, esta familia dominou esta zona da *provincia* de Mondoñedo. Sería precisamente Moscoso de Altamira o derradeiro señor xurisdiccional de Ferreiravella. A nai de Moscoso, María del Carmen Quiroga y Quindós (n. 1764), era natural de Betanzos, onde viviu ata o ano 1782, data na que se trasladou a Mondoñedo para casar con José María Moscoso Omaña<sup>24</sup>. No ano 1803 Moscoso de Altamira foi admitido na clase de cabaleiros cadetes do Real Colexio de Artillería de Segovia, despois de ter aprobadas as pertinentes probas de nobreza. No ano 1804 foi admitido no Real

<sup>23</sup> Archivo Diocesano de Mondoñedo. Libro de Bautizados (Mondoñedo) de 29-III-1785 ao 18-III-1792. Folio 233.

<sup>24</sup> Archivo Histórico Nacional (AHN). Estado. Carlos III. Expediente n.º. 2302.

Corpo de Maestranza de Ronda, despois de ter novamente superadas as probas de nobreza. En 1805 estaba recoñecido por «Noble hijodalgo» de sangue nos empadroamentos formados na xurisdicción de Ferreira, parroquia de San Martiño de Mondoñedo. A mesma cualificación tería na parroquia de Santiago de Abres, xurisdicción de Castropol, nos anos 1825 e 1831, cómpre afirmar que o vencello de Moscoso de Altamira a esta zona viría motivada pola súa avoa paterna, Bernarda Miranda Navia y Osorio, natural de Santiago de Abres. No ano 1808 foi electo pola Xunta Provincial de Mondoñedo como representante da nobreza deste partido para o congreso composto de deputados desta clase, máis os do clero e o Estamento popular, convocado pola Xunta Soberana do Reino de Galicia na cidade da Coruña, con obxecto de proporcionar recursos contra dos franceses; neste mesmo ano foi nomeado pola Xunta como comandante con graduación de tenente coronel de terceiro batallón do rexemento de reserva de Mondoñedo, amais de ocupar outros cargos<sup>25</sup>. Ó longo da súa vida Moscoso de Altamira terá unha importante relación coa cidade de Ferrol, vencello que podería deberse a dous motivos: primeiro, pola súa condición de militar; segundo, Moscoso era bisneto por liña materna dos marqueses de San Saturnino, moi ligados a Ferrol. Nesta cidade tería Moscoso a súa residencia por moitos anos.

A orixe do vencello de Moscoso co liberalismo atopámola nunha probable referencia de Benito Pérez Galdós nos seus «*Episodios Nacionales*». Así foi, no ano 1814 Moscoso, que daquela posuía a graduación de *brigadier*, foi encausado polas comisións de Estado encargadas de perseguir os elementos liberais trala restauración absolutista de Fernando VII. A causa que se lle abre a Moscoso non vén motivada por ser un valedor do liberalismo, senón máis ben por non ter defendido o absolutismo e os dereitos do rei cando outros oficiais do exército facían gabanzas da Constitución de 1812, delicto polo cal o fiscal da citada comisión pediu para Moscoso a pena capital<sup>26</sup>. Por suposto, esta pena non chegou a se facer realidade. En efecto, en anos posteriores Moscoso de Altamira semella que recuperou o seu creto, e mesmo en 1817 acadou ser nomeado «Gentil Hombre de Cámara de S.M. con entrada». Ora ben, desde o incidente comentado desaparece a vencellación de Moscoso co exército. Durante o primeiro período absolutista de Fernando VII Moscoso permaneceu nas

<sup>25</sup> Ibidem.

<sup>26</sup> PÉREZ GALDÓS, Benito: *Memorias de un cortesano de 1815. Episodios Nacionales*. V. I, Madrid: Aguilar, 1971. «Me acuerdo de la causa formada al brigadier Moscoso 'por no haber desplegado los labios' mientras otros oficiales elogiaban la Constitución... Vamos, si no se puede uno contener tratando de esto. Bien hizo el fiscal en pedir para Moscoso la pena de muerte, porque el deber de éste era reprender a los desvergonzados oficiales...», p. 1.290.

súas propiedades en Galicia, e foi nesta época cando tivo lugar o seu casamento con María Dolores Taboada y Bueno, veciña de Lugo e pertencente á familia fidalga dos Bendoiro; froito deste matrimonio sería o nacemento en Ferrol da filla primoxénita de Moscoso, Sofía, no ano 1818.

Moscoso de Altamira vai tomar claramente partido polo liberalismo no 1820, apoiando decididamente o movemento revolucionario que se produciu neste ano contra o absolutismo. Efectivamente, Moscoso será un dos homes claves para o triunfo do levantamento de 1820 en Ferrol, formando parte da Xunta creada nesta cidade<sup>27</sup>. Posteriormente converteríase no primeiro alcalde constitucional de Ferrol no Trienio Liberal (1820-1823), cargo que desempeñaría por moi pouco tempo, pois nas eleccións ás Cortes celebradas no 1820 Moscoso foi electo deputado en representación da provincia de Galicia, considerada daquela aínda como unha unidade. Durante o Trienio Liberal verificouse tamén o vencello de Moscoso á masonería, asumindo o nome masónico de *Foción*, tal feito non significa necesariamente un grande compromiso do noso home con esta sociedade secreta, pois, naquel entón, a inmensa maioría da clase política estaba afiliada ás loxas, e a pertenza a elas era unha condición forzosa para quen aspirase a ascender postos na súa carreira política<sup>28</sup>.

Cómpre afirmar que correspondendo coas primeiras discordias dentro da familia liberal que podemos atopar no Trienio, Moscoso de Altamira vaise vencellar ó liberalismo máis moderado. Neste senso, podemos afirmar que foi un destacado membro da sociedade do «Anillo de Oro», formada por liberais partidarios da moderación e da orde, sociedade valedora dos privilexios da Coroa e partidaria de reprimir calquera esaxeración revolucionaria<sup>29</sup>. O feito de pertencer a esta sociedade era sinónimo de triunfo, e un xeito de escalar rapidamente postos na Administración do Estado, isto foi o que lle ocorreu a Moscoso de Altamira, quen na lexislatura do 1821 foi un dos presidentes das Cortes, e en febreiro de 1822 chegaría a ser ministro da Gobernación no Gabinete presidido por Francisco Martínez de la Rosa. Sería desde o Ministerio da Gobernación, desde onde Moscoso procedería ó nomeamento dos xefes políticos encargados de administrar as novas provincias implantadas en xaneiro de 1822. Moscoso destacaría, sobre todo, por nomear militares para os gobernos políticos, demostrando que como liberal moderado unha das

<sup>27</sup> BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R.: *Liberales y Absolutistas en Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982, pp. 22-23.

<sup>28</sup> DIEGO GARCÍA, Emilio de: «Aproximación al estudio de los posibles masones en 1823», en FERRER BENIMELI, J. A. (COORD.): *La masonería en la España del siglo XIX*, V. II, Salamanca: Junta de Castilla y León, 1987, pp. 451-466.

<sup>29</sup> DEROZIER, Albert: *Escritores políticos españoles, 1780-1854*, Madrid: Ediciones Turner, 1975, pp. 59-60.

primeiras cuestións que lle importaban era a defensa da orde e da tranquilidade. Este nomeamento de militares para as xefaturas políticas ía en detrimento do carácter civilista da institución, cuestión pola que xa foi criticado polos seus contemporáneos, caso de Juan Romero Alpuente<sup>30</sup>. O talante moderado de Moscoso amósanolo con detalle Antonio Alcalá Galiano, cando referíndose ó Ministerio Martínez de la Rosa afirma:

De todos los nuevos ministros, Moscoso era el más desagradable á la parcialidad contraria, por ser tieso y entonado y tratarla en la apariencia, sí no en la realidad, con desprecio, habiendo sido de las juntas restablecedoras de la Constitución en su provincia, Galicia, y luego enemistándose tanto por su conducta en las Córtes con la gente de opiniones extremadas, que casi pasaba por realista; personaje por otra parte de respetable medianía en alcances y ciencia, pero no más, y á quien al parecer tenía en particular estima Martínez de la Rosa»<sup>31</sup>.

Moscoso de Altamira viuse na obriga de dimitir como ministro da Gobernación a raíz da súa morna actuación nos sucesos do 7 de xullo de 1822, que puxeron en perigo o réxime constitucional. Ó igual que os seus compañeiros de Ministerio, Moscoso foi procesado por mor da súa ambigua actuación nos sucesos do 7 de xullo, pero finalmente a causa sería sobresida. Moscoso non deixaría de ocupar cargos de responsabilidade, pois en 1823 pasou a formar parte do Consello de Estado. A boa estrela de Moscoso de Altamira remataría no 1823 coa invasión dos «Cen mil fillos de San Luís», que levaría ó restablecemento do absolutismo en España; a colaboración de Moscoso co liberalismo ía supo-lo seu abandono da Corte. Así, por Real decreto autógrafo de Fernando VII, expedido en Andújar o 31 de outubro de 1823, Moscoso foi separado do seu cargo de «Gentil Hombre de Cámara de S.M. con entrada»<sup>32</sup>. Tal feito supuxo que Moscoso deixase Madrid e voltase a Galicia, onde permanecería ata a morte de Fernando VII, en setembro de 1833, e desde onde foi reclamado pouco tempo despois para ocupa-la Subdelegación de Fomento da Provincia de Lugo, cuestión que nos ocupará de seguido.

<sup>30</sup> Expresaba Romero Alpuente dun xeito irónico a súa oposición ó nomeamento de xefes políticos realizado por Moscoso de Altamira: «El ministro de la gobernación de la Península que por medio de su imparcial y acertada elección de jefes políticos había de hacer conocer a los pueblos la prosperidad a que había de llevarlos el nuevo sistema, mantuvo en sus puestos a los que habían dado pruebas más positivas de ser sus enemigos...». Vid. ROMERO ALPUENTE, Juan: *Historia de la Revolución Española y otros escritos*, V. II. Edición preparada e introducida por Alberto GIL NOVALES, Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1989, p. 276.

<sup>31</sup> ALCALÁ GALIANO, ANTONIO: *Memorias*, Madrid: Imprenta de Enrique Rubiños, tomo II, 1886, p. 247.

<sup>32</sup> Archivo General de Palacio (AGP). Personal. Caja 720. Expediente 10.



#### 4. A instalación da Subdelegación de Fomento en Lugo

No Antigo réxime a cidade de Lugo encabezaba unha das sete *provincias* nas que estaba dividido o Reino de Galicia. A presentación dunha nova división provincial por parte do Estado liberal vai ter sempre presente a Lugo e ó seu territorio de influencia, ben como unha subdivisión dentro da provincia de Galicia ou ben como unha entidade provincial de seu. A provincia de Lugo delimitouse na división provincial do 1822, aprobada polas Cortes do Trienio Liberal, e, con pequenas mudanzas, sería a que se implantaría definitivamente en 1833, pervivindo ata a actualidade<sup>33</sup>. A definitiva consolidación como provincia independente supuxo tamén a fixación dunhas institucións propias (das que carecera no Antigo Réxime), entidades que virían representadas fundamentalmente por un subdelegado de Fomento, xa que as Deputacións Provinciais non se restablecerían ata 1835.

Tralo falecemento de Fernando VII, os sectores do reformismo administrativo, que hexemonizaran o poder na derradeira etapa da vida do monarca defunto, e os sectores liberais que foran moderando o seu discurso co paso do tempo, comezarán un proceso de converxencia que deseñará un novo modelo de Estado arredor da Monarquía de Isabel II. Neste contexto de dupla conxuntura de pacto político entre o liberalismo moderado e o absolutismo reformista, por unha parte, e de Guerra Civil e de contestación á Monarquía isabelina, por outra parte; homes como José María Moscoso de Altamira convertéranse en imprescindibles para o novo réxime; a súa influencia social, baseada sobre todo na propiedade territorial, fai deles pezas claves que poden asegurar a fidelidade do seu territorio de orixe ao novo réxime que está nacemento. Esta será a razón fundamental pola que Moscoso de Altamira foi nomeado en decembro do 1833 subdelegado de Fomento da provincia de Lugo, pois a súa condición de grande propietario da nova provincia convertíao nun poder local importante co que o Estado pretendía contar. Ora ben, as intencións do Estado non sempre coincidían cos intereses dos nomeados para as subdelegacións de Fomento, este será o caso de Moscoso de Altamira, quen terá unha reacción ambigua con respecto ó seu nomeamento; ambigüidade que se concretou en dúas misivas diferentes datadas en Ferrol o 20 de decembro de 1833, enviadas ó ministro de Fomento, Javier de Burgos.

A primeira das cartas podemos considerala a resposta oficial de Moscoso, contestación na que agradece á raíña gobernadora o seu nomeamento ó tempo que dá significativas mostras de fidelidade a Isabel II e á nova orde vixente:

<sup>33</sup> VIVEIRO MOGO, Prudencio: «A xénese da provincia de Lugo, 1812-1833: Estado liberal e división provincial», *Lucensia*, n.º 23, 2001, pp. 213-230.



«El distinguido honor que merezco á S.M. la REINA Gobernadora en el nombramiento para Subdelegado de Fomento de la provincia de Lugo, que V.E. me comunica con fecha de 10 del corriente, ha llenado mi corazón de la mas pura gratitud á sus bondades, si bien me aflige el temor de que esta ocasión sea acaso la única en que el acierto que acompaña todas las resoluciones de S.M. se vea disminuido por el exceso de su benevolencia augusta respecto de mi persona. No obstante colocado entre la desconfianza de poder corresponder dignamente á ella, y el deseo de aprovechar la primera ocasion que se me presenta de acreditar á S.M. y á la REINA nuestra Señora Doña Isabel II mi sincera gratitud de sacrificarme en su servicio, no puedo vacilar en aceptar con el mas profundo reconocimiento el encargo honorífico que S.M. se digna confiarme»<sup>34</sup>.

Como se pode apreciar, o noso protagonista acepta claramente o cargo que se lle propón; é máis, Moscoso continuaba pedindo a colaboración de Javier de Burgos para levar adiante os obxectivos que estaban fixados para as subdelegacións de Fomento, obxectivos que non eran outros que o deseño dunha Administración eficaz que buscaba a prosperidade e a riqueza da periferia, estas son as metas que se marcaba Moscoso para a provincia de Lugo; por outra parte; o servizo e o sacrificio de Moscoso de Altamira cara Isabel II marcarían o seu traballo como xefe da Administración á fronte da súa provincia: «¡Dichoso yo si mereciendo la clasificación de agente especial de esta, lograrse algun dia el placer de presentar ante el trono, como objeto el mas grato al benéfico corazón de S.M. la demostracion de haber remediado una sola de las necesidades de esta fiel porcion de sus queridos hijos!»<sup>35</sup>. Como vemos, Moscoso colócase claramente en sintonía ideolóxica co reformismo administrativo, e cifraba o seu éxito en espalla-los beneficios da Administración. Da importancia que o Goberno daba á figura de Moscoso de Altamira foi exemplo o feito de que esta contestación foi publicada na *Gaceta de Madrid*, o que revela o desexo de contar con Moscoso para a política das reformas administrativas. Sen dúbida, o goberno valoraba como de moita importancia a participación de Moscoso de Altamira no novo réxime, polo que lle queren dar eco publicando a súa carta. A loita pola conservación da Monarquía de Isabel II e o éxito da política das reformas administrativas estarían detrás deste feito.

Ora ben, como dicíamos máis arriba, Moscoso de Altamira enviou unha segunda carta a Javier de Burgos, tamén datada o 20 de decembro de 1833, na que xa non se amosaba tan optimista nin tan contento co cargo co que fora agraciado, sen deixar de amosa-la súa gratitude cara ó ministro de Fomento e sen rexear explicitamente o posto que se lle

<sup>34</sup> *Gaceta de Madrid*, 31-XII-1833.

<sup>35</sup> *Ibidem*.

ofrece, Moscoso manifestaba a serie de motivos polos cales o posto de subdelegado de Fomento de Lugo viña a contraria-la súa vida:

«El deber y mi honor no me dexan otra alternativa que la de obedecer, considerando sobradamente recompensados desde este momento quantos sacrificios pueda haber consagrado desde mis primeros años en obsequio de mis Soberanos y en bien de mi Pais. Sin embargo V.E. permitirá le manifieste que por poco importantes que aquellos hayan sido, sus resultados desde hace doce años fueron para mí tan funestos baxo diversos aspectos, que habia llegado á inspirarme un verdadero horror solo la idea de la posibilidad de tener que ocuparme de nuevo de los negocios públicos, ya que en ellos, ora sea por mi poca flexibilidad ante los diversos ídolos de las facciones, ó por la fatalidad de los tiempos, solo encontré amarguras y tribulaciones en recompensa de un sincero amor á mi Rey y á mi Pais»<sup>36</sup>.

Destas verbas de Moscoso de Altamira destacariamos dúas cuestións: en primeiro lugar, o noso home semella escarmentado do seu paso pola vida pública e pola política, que como vimos anteriormente lle trouxera penalidades e castigos; e, en segundo lugar, Moscoso amosa claramente un talante autoritario e inflexible, propio dun liberal moderado; sexa como for, sen rexeita-lo encargo que se lle fai, solicita de Javier de Burgos que, do mesmo xeito que o propuxo diante da raíña gobernadora para ocupa-la Subdelegación de Fomento de Lugo, se sirva agora exoneralo no momento que considere máis oportuno, pois non se considera o home máis apropiado para cumprir co traballo que se lle encomenda; para reforza-la súa posición Moscoso engade: «Hace días que me hallo sufriendo una indisposicion catarral que en la opinion de los facultativos solo puede zeder respirando hasta la primavera próxima el aire de los puertos de mar, menos frio y húmedo que es el de Lugo»<sup>37</sup>. Moscoso estaba solicitando do ministro de Fomento poder permanecer en Ferrol ata a primavera de 1834, o cal sería unha clara violación da Real orde do 29 de decembro de 1833, que lles esixía ós subdelegados de Fomento que se presentaran nas súas provincias antes do 31 de xaneiro de 1834. Por suposto, estas consideracións de Moscoso non foron dadas á publicidade, como si acontecera coa outra carta.

Pero Javier de Burgos non se conformou con esta resposta polo que escribiu a Moscoso de Altamira o 28 de decembro de 1833 pedíndolle que fixera todo o posible por se presentar en Lugo canto antes; esta nova petición vai motivar unha nova carta de Moscoso ó ministro de Fo-

<sup>36</sup> AHN, Fondos Contemporáneos: Ministerio de la Gobernación. Personal. Legajo 339.

<sup>37</sup> Ibidem.

mento, datada en Ferrol o 18 de xaneiro de 1834<sup>38</sup>. Nesta misiva Moscoso afirmaba que non podería viaxar sen pór en perigo a súa saúde, ata os últimos días do mes de febreiro de 1834; ademais afirmaba que, aínda que puidera estar en Lugo naquel intre, ata o seu completo restablecemento non podería facer nada para mellora-la Administración desta provincia, tal situación era a que levaba a Moscoso a pedir autorización ó ministro para permanecer en Ferrol despois do 31 de xaneiro de 1834, saltando, xa que logo, por riba da legalidade. Moscoso afirmaba que podería estar en Lugo para o primeiro de marzo, non sen antes ter pasado pola Coruña para xura-lo seu cargo diante do capitán xeneral<sup>39</sup>. Acto seguido Moscoso, consciente da importancia que para o Goberno era a súa situación na Subdelegación de Fomento de Lugo e da posición de forza que isto lle daba, informaba ó ministro que de non lle concede-lo que pedía se vería na obriga de dimitir do seu cargo, pois manifestaba que lle era absolutamente imposible presentarse en Lugo denantes do 31 de xaneiro do 1834. Esta insistencia de Moscoso de atrasar a súa partida a Lugo, máis que polos males do pasado ou pola saúde do presente, debíase a que abandonar Ferrol supuña unha míngua importante para os seus negocios, que non se vía compensada cun cargo como o de subdelegado de Fomento, cargo que ademais era ben pouca cousa para quen ocupara responsabilidades máis altas ó servicio do Estado; nas seguintes liñas que reproducimos amósanse con detalle cales eran as súas reticencias para acepta-la Subdelegación de Lugo:

«En mi corta carrera pública jamas di la preferencia á mis intereses sobre los de mi patria y los de mi Soberano; y aun podria con satisfaccion demostrar que en mas de una ocasion hice en obsequio de los segundos el sacrificio de los primeros; pero, si bien es muy bella la máxima de que este no debe de tener límites cuando se trata de objetos tan sagrados no ignora V. que todos los hombres los fixan segun su posicion social respectiva. La que la suerte me permitió ocupar no me ofrece en el ejercicio de qualquier empleo otro atractivo que el, inestimable á mis ojos, de obedecer y servir á S.M.; mas para desempeñar el de Subdelegado de Lugo con que se ha dignado honrarme, no solamente tengo que abandonar con toda mi familia el pueblo en el que estoy establecido pasa de veinte años y las comodidades que en el encuentro, para trasladarme á otro distante quince leguas, sino tambien en gran parte, el cuidado de mis haciendas é intereses; pues consagrado á los del público, poco podré ocuparme ya de aquellos; y aunque ningun mérito debo dar á estas consideraciones me parece que en la de V. serán suficientes para no aplicarme en todo rigor las reglas que hayan de servir con los individuos que en la carrera de los empleos encuentren una ventaja personal»<sup>40</sup>.

<sup>38</sup> Ibidem. Carta de Moscoso de Altamira a Javier de Burgos, Ferrol 18-I-1834.

<sup>39</sup> Ibidem.

<sup>40</sup> Ibidem.

Moscoso de Altamira era un home claramente consciente da súa posición social. Un cargo como o de subdelegado de Fomento podería resultar atractivo para un individuo que está comezando a súa carreira na Administración, pero non para quen xa tiña, coma el, unha longa carreira ás súas costas, máxime cando este cargo ía causar prexuízos ós seus negocios persoais. Estes motivos son os que levan a Moscoso a se considerar como un caso especial, como a excepción da regra, e solicita do ministro o atraso na ocupación do posto, permitíndose *ameazar* a Burgos coa dimisión se non lle concedese o que solicita. Deste xeito, Javier de Burgos tivo que ceder e permitir que Moscoso se presentase en Lugo cando máis lle conviñese; o mesmo ministro escribe no papel da carta de Moscoso: «Que con él no hablen las reglas generales, que la utilidad de su cooperacion no se predice por el tiempo, sino por la importancia de sus esfuerzos; que haga lo que guste, y que cuente siempre con cuanto yo pueda ó valga»<sup>41</sup>. Estaba claro, Moscoso era un home importantísimo para o Goberno polo que non se tiña en conta o tempo que pasase sen se presentar en Lugo, sempre que o fixese efectivo.

Con todo, ademais das consideracións devanditas polas que Moscoso non vía con bos ollos o cargo que se lle ofrecía como Subdelegado de Fomento de Lugo, aínda podemos atopar outra razón pola cal tal posto supuña un inconveniente para o noso protagonista. En efecto, non temos que perder de vista a conxuntura histórica e política que se vivía naquel momento, marcada pola Guerra Civil Carlista; neste senso, en Galicia, e moi particularmente na provincia de Lugo, axiña comezaron a actuar guerrillas carlistas, que se converterían nun problema para as autoridades. Con esta perspectiva era lóxico pensar que Moscoso non se atopara moi cómodo á fronte da Subdelegación de Lugo, pois de contado ía ter que tratar coa difícil sublevación carlista. Este feito queda demostrado no seguinte texto que reproducimos, trátase do fragmento dunha carta do xeneral Pablo Morillo (1775-1837), daquela capitán xeneral de Galicia, e verdadeiro artífice do asentamento do trono de Isabel II en Galicia:

«La provincia se nos va revolviendo por todas partes, y el clero faccioso de este país sordamente trabaja sin cesar, haciendo alistamientos secretos para don Carlos, y es muy dificultoso averiguar mucho más con el trastorno de los nuevos empleados de policía, que no sólo no conocen el país ni lo que tienen entre manos, además de una caterva de ignorantes que han sido colocados en este ramo. ¡Que desgracia! El Sr. Burgos no sólo nos ha trastornado los Ayuntamientos y los Jueces por sus precipitados

<sup>41</sup> Ibidem. Este texto é un engadido á Carta de Moscoso na súa parte superior dereita, moi probablemente realizado polo mesmo Burgos. Esta anotación leva data do 28 de xaneiro de 1834.

nombramientos, si no es que nos ha embrollado el país en tales términos, que ni los Subdelegados ni mi autoridad son capaces de desenredar este embrollo. Rubianes y Moscoso, que son hijos del país, están aburridísimos y los dos quieren separarse de sus destinos»<sup>42</sup>.

A difícil situación provocada pola reacción carlista podía pór en entredito a carreira política de Moscoso, de aí que tentara abandonar canto antes o seu cargo. Mais, no anterior texto tamén podemos observar as reticencias que un militar como Pablo Morillo tiña contra o sistema dos subdelegados de Fomento ideados por Javier de Burgos, co que se vén a confirmar que o estamento militar era oposto á instalación destes funcionarios civís, pola mingua de competencias que lles supuña, como xa anteriormente afirmamos. En calquera caso, das liñas devanditas queremos subliñar-la importancia que Moscoso de Altamira ten como destacado propietario da provincia de Lugo, o que o converte nun personaxe cunha importante influencia social nesta provincia. Nun momento en que a Monarquía de Isabel II, e o réxime que a defende, están sendo fortemente contestados, homes como Moscoso, que representan ás oligarquías provinciais, son fundamentais para o Goberno para garantir a fidelidade da periferia á Monarquía isabelina; de aí que tenten captalos por tódolos medios, aínda que sexa, como no caso de Moscoso, violando a mesma legalidade do Estado que se pretende defender.

A continuación imos ocuparnos das principais reaccións producidas na provincia de Lugo perante a instalación do seu subdelegado de Fomento. De xeito xeral, podemos afirmar que as respostas estiveron marcadas pola pasividade e a non oposición ó novo xefe provincial. Efectivamente, para demostralo vexamos o exemplo do Concello de Mondoñedo, quen ó recibir un oficio de Moscoso de Altamira participándolle o seu nomeamento como subdelegado de Fomento da provincia de Lugo, sen ningunha clase de comentario verbo da nova institución acorda felicitar ó subdelegado: «Vieron igualmente otro del Sr. Don José Maria Moscoso en que con fecha veinticinco del mismo mes participaba al Ayuntamiento el destino de Subdelegado principal de fomento de esta provincia, á que le habia promovido espontaneamente S.M. la Reyna Gobernadora»<sup>43</sup>. O Concello mindoniense recibe pasivamente a instalación da nova institución; e se isto ocorría coas subdelegacións de Fomento, outro tanto vai ocorrer co home designado para ocupar tal posto. En efecto, o 29 de xaneiro de 1834 a Capitanía xeneral comunicáballe ó Concello de Mondo-

<sup>42</sup> Carta de Pablo Morillo ao ministro da Guerra, xeneral Zarco del Valle. Ourense, 27 de marzo do 1834; en RODRIGUEZ VILLA, Antonio: *El Teniente General Don Pablo Morillo*, Tomo I, Madrid: Fontanet, 1910, p. 589.

<sup>43</sup> Libro de Actas do Concello de Mondoñedo. Sesión do 27-XII-1833. Arquivo Municipal de Mondoñedo (AMM). Cartafol 962.



ñedo o feito de que os catro subdelegados nomeados para as provincias galegas xa realizaran o seu xuramento, e, xa que logo, a partir deste momento o municipio debería entenderse con este funcionario en todo o concernente ó fomento da prosperidade provincial: «Han visto igualmente otro oficio del Excmo. Sr. General 2º. Cabo de este Reyno en que con fecha veinte y nueve de Enero último prevenía al Ayuntamiento se entendiese desde luego en todos los asuntos concnientes al ramo de Fomento con el subdelegado principal respectivo como autoridad competente, mediante han prestado ya los de las cuatro Provincias del Reyno de Galicia el juramento prevenido en el artículo trece de la Real Instrucción»<sup>44</sup>. O Concello de Mondoñedo tamén vai acatar esta comunicación, sen facerlle ningún comentario, comprometéndose a obedecer e a comunicarse coa nova autoridade provincial.

A mesma actitude que observamos no Concello de Mondoñedo foi a que reproduciu a Corporación da capital provincial. Efectivamente, o concello lucense tamén vai dar conta do oficio da Capitanía xeneral de Galicia comunicándolle o xuramento dos subdelegados galegos e polo tanto a súa entrada efectiva en funcionamento. Do mesmo xeito que ocorría en Mondoñedo, o municipio de Lugo non fai comentarios verbo da nova institución, limitándose a aceptala pasivamente<sup>45</sup>. Ora ben, o concello lucense deu un paso máis adiante ó solicitar explicitamente a presenza do subdelegado Moscoso en Lugo. Como se lembrará, os intereses persoais de Moscoso atrasaron a súa partida cara á capital lucense. Pois ben, esta tardanza vai ser vista con preocupación polo Concello de Lugo, que vai oficiar a Moscoso para que se presente canto antes en Lugo: «... y al propio tiempo teniendo en consideracion que el Sr. subdelegado de Fomento nombrado no se ha presentado todavía a encargarse de su magistratura con grave perjuicio de la Provincia y para bien de muchos negocios que deve entender, se acordo igualmente oficiarse, rogándole que se sirva acelerar su venida la mas pronto posible»<sup>46</sup>. Velaquí o exemplo de que o concello da capital provincial non só non se opón á nova institución, senón que demanda a súa instalación o antes posible, con vista a se aproveitar dos beneficios da Administración que debería promoverlo subdelegado de Lugo, o que tamén demostraba a confianza que tiñan os veciños lucenses na política inspirada desde o Goberno central, política asentada nunhas reformas administrativas que lles levarían a prosperidade ás provincias e impulsarían o seu renacemento.

<sup>44</sup> Ibidem. Sesión do 3-II-1834. AMM. Cartafol 962.

<sup>45</sup> Libro de actas do Concello de Lugo. Sesión do 3-II-1834. Arquivo Histórico provincial de Lugo (AHPL). Libro 158.

<sup>46</sup> Ibidem. Sesión do 10-II-1834. AHPL. Libro 158.

Moscoso de Altamira foi o subdelegado de Fomento de Galicia que máis adiou a súa instalación á fronte das súas obrigas, sen facer efectiva a súa presenza en Lugo ata finais de febreiro de 1834, un mes despois da data marcada legalmente, e cando os seus homólogos galegos entraran xa en funcionamento. Efectivamente, o 28 de febreiro de 1834 dirixíalles Moscoso un oficio de presentación ós principais concellos da provincia da súa administración, oficio que ía acompañado de exemplares da súa alocución á provincia de Lugo, na que relataba as principais tarefas da institución que encarnaba. No seu oficio ós concellos da provincia de Lugo, Moscoso daba conta da súa instalación e de cáles eran as principais obrigas da Subdelegación de Fomento, a saber: a busca da prosperidade e do progreso da nova provincia. Moscoso chamaba tamén á colaboración das autoridades municipais co subdelegado de Fomento, pois tal cooperación redundaría en beneficio da provincia. Moscoso, que se presentaba como o axente do fomento provincial, advertíalles ás Corporacións municipais que a mellora ou decadencia dos concellos serían testemuña do traballo efectivo ou da negligencia das súas autoridades, polo cal lles facía unha clara advertencia ás persoas que estaban á fronte dos municipios lucenses para que desempeñasen as súas obrigas con puntualidade e eficacia, en caso de que esta necesidade non se verificase non dubidaría en empregar as súas facultades para sancionar a calquera autoridade que non cumprise co seu deber: «...aplicando todo el rigor de las leyes á aquellos individuos que permitan su infracción con una culpable indiferencia; pues la idea de que alguno pueda incurrir personalmente en ella como cómplice es para mí tan repugnante, que creería ofender el honor de esa corporación, suponiendo solamente la posibilidad de que exista nadie tan olvidado del suyo, que quiera atraer sobre si tanta ignominia»<sup>47</sup>. As verbas de Moscoso de Altamira traducen claramente o seu carácter intervencionista, propio dun liberal moderado que pretende o cumprimento efectivo da lexislación que emana do Goberno central, de aí que o subdelegado de Lugo esixa un fiel seguimento da política do reformismo administrativo, que chamaba a tódalas autoridades á busca da prosperidade no seu ámbito de xurisdicción. Así era, Moscoso non ordenaba só o cumprimento inmediato da lexislación central, senón que interpretaba correctamente cales eran as bases ideolóxicas dun novo Estado que se estaba comezando a construír, deste xeito afirmaba: «La moderación unida á la fuerza, son la divisa del Gobierno. La alianza de estos dos principios excluye todo género de exageración, y si en alguno es permitida, será solamente en la ri-

<sup>47</sup> Oficio de Moscoso de Altamira (28-II-1834) inserto no Libro de actas do Concello de Lugo. Sesión do 1-III-1834. AHPL. Libro 158.

validad que conviene entre los funcionarios públicos para la mas rápida y acertada ejecucion de sus deberes»<sup>48</sup>. Ficaba claro, xa que logo, que a temperanza e a efectividade na súa función deberían ser modelo de actuación para as autoridades.

Como afirmamos, Moscoso de Altamira vai dirixirlles unha alocución ós habitantes da provincia de Lugo que, a xeito de programa de goberno, explique as misións fundamentais dun subdelegado de Fomento. En efecto, o 28 de febreiro de 1834 Moscoso dirixíase ós lucenses para comunicarlle-los múltiples beneficios que se ían acadar coa nova división provincial e coa creación dos subdelegados de Fomento; Moscoso dáballes a estes dous feitos unha misión nidamente administrativa, entendendo a Administración como o xeito de labra-la felicidade e o benestar das xentes; situándose, xa que logo, na liña política de Javier de Burgos; así o sinalaba o subdelegado lucense:

«De todos los beneficios que debemos á S.M. la Reina Gobernadora, y que son otros tantos testimonios del tierno interés que le inspira la felicidad de los Españoles, ninguno debe ser mas fecundo en dichosos resultados que la nueva division territorial de la Monarquía, y la creacion de las Subdelegaciones de Fomento, establecidas á la cabeza de la administracion interior de cada una de las provincias que la componen. Entre las inmensas ventajas que prometen ambas medidas, si bien algunas solo pueden ser conocidas luego que el tiempo y la experiencia allanen los obstáculos que por el pronto intenten oponer una viciosa rutina ó el interés privado, hay otras cuya evidencia no puede ocultarse sino á los ojos fascinados por una torpe ignorancia ó por el espíritu de una oposicion maliciosa y sistemática»<sup>49</sup>.

Como se pode observar, Moscoso non podía ignora-lo seu papel como valedor da monarquía isabelina, de aí que nas súas palabras poidamos tamén observa-lo ataque contra os que pretenden situarse fóra do sistema, xa sexa pola dereita ou pola esquerda. Con todo, sen dúbida, o que máis destaca da alocución de Moscoso son as vantaxes que lle prometía á provincia coa instalación da Subdelegación de Fomento, entre estas vantaxes sinalaba Moscoso: a maior proximidade da autoridade ás persoas, situación que axudaría a un maior coñecemento das necesidades dos habitantes e, xa que logo, redundaría nunha maior prosperidade. Prometía, tamén, Moscoso o apoio a todas aquelas empresas que tiveran por obxectivo acada-la riqueza pública na agricultura, comercio ou indus-

<sup>48</sup> Ibidem.

<sup>49</sup> Alocución de Moscoso de Altamira ós habitantes da provincia de Lugo (28-II-1834), inserta no Libro de actas do Concello de Lugo. Sesión do 1-III-1834. AHPL. Libro 158. Esta alocución tamén pode ser consultada no *Diario de la Administración*, 9-III-1834.

tria. Como vemos o subdelegado lucense comprendía perfectamente o seu rol como fomentador da economía provincial. Efectivamente, se algo destaca na alocución de Moscoso era a súa detallada enumeración das funcións do subdelegado, nas que sobresaía o seu papel de fomentador da prosperidade. Destacaba Moscoso: o fomento do ensino para a mellora dos costumes e a adquisición de coñecementos aplicables á agricultura ou á industria; a formación dunha correcta estatística provincial, para unha axeitada distribución dos impostos; a eliminación de todo tipo de abusos; a vixilancia da Administración municipal, coidando de que esta contribúa ó benestar público; a mellora das obras públicas da provincia; Moscoso fai fincapé en todo momento no desenvolvemento económico, polo cal propuña medidas moi anovadoras, como a asociación industrial que favorecera a concentración de capitais, e poder facer así máis doada a realización de empresas; neste senso, non dubidaba Moscoso en favorecer-la mobilidade dos capitais, como medio máis axeitado para a industrialización. Seguindo nesta mesma liña, o subdelegado de Lugo propuña a formación de montepíos de labradores, que lles ofreceran protección ós labregos contra as malas colleitas e a conseguinte caída nas mans dos usuereiros, que os despoxaban da súa propiedade<sup>50</sup>. Como se pode ver, o programa de Moscoso era nidiamente económico e tiña como obxectivo a busca do desenvolvemento da provincia de Lugo.

Moscoso postulábase a si mesmo como un axente do fomento provincial, e cifraba nuns obxectivos económicos a súa misión á fronte da Subdelegación de Fomento; ora ben, Moscoso tamén tiña claro que era un axente de centralización, é dicir, o encargado de facer que as leis do Goberno tiveran puntual cumprimento en Lugo; é máis, a felicidade e a prosperidade que prometera estaban condicionadas á estricta obediencia ás leis e á autoridade: «Pero esta perspectiva de felicidade, se convertirá en enganosa ilusión, si no os convenceis de que, para llegar a gozarlal, es condición indispensable que presteis la mas sumisa obediencia á todas las leyes y providencias emanadas del Gobierno de S.M. la Reina Gobernadora, como única autorizada para dictarlas en nombre de su augusta hija nuestra legítima REINA DOÑA ISABEL II»<sup>51</sup>. Continuando nesta liña, Moscoso non podía esquecer-lo momento político que se vivía, é dicir, a situación de guerra civil e de contestación ó trono isabelino. Así, nun exceso de optimismo, Moscoso compara a lealdade dos galegos fronte á reacción carlista doutras provincias, non desaproveita a ocasión para lembrar que as bases máis sólidas para acadar-la prosperidade pública son a

<sup>50</sup> Ibidem.

<sup>51</sup> Ibidem. Efectivamente, cómpre voltar a lembrar que os obxectivos claramente económicos dos subdelegados non exclúan o seu papel como axentes da centralización, Moscoso demostrao con detalle con estas palabras.

obediencia ás autoridades e a unión arredor da Monarquía lexítima. En suma, Moscoso estaba a cumprilo papel para o que fora nomeado para a Subdelegación de Fomento de Lugo, aproveita a súa influencia social para acadar a fidelidade da provincia da súa xurisdicción á Monarquía de Isabel II e ó seu Goberno, de aí que Moscoso ataque decididamente os carlistas acusándoos de sementar a violencia, a xenreira e a vinganza, situación nada axeitada para construí-lo benestar dos españois. Moscoso non dubida en ameazar os carlistas e en avisar as autoridades para que os persigan sen descanso; ó tempo que lles promete o maior dos beneficios ós que se amosen submisos ás leis: «Mi autoridad lo es de paz y protección, y esta debo dispensarla en el círculo de mis atribuciones á todos los habitantes honrados, laboriosos y sumisos á las leyes, los cuales siempre me hallarán dispuesto á escuchar las reclamaciones que me presenten conformes con ellas, así como a solicitar con eficacia la reparación de sus agravios»<sup>52</sup>. Pero se isto se lles prometía ós que cumprisen coas leis, Moscoso amosábase claramente autoritario contra aqueles que desoísen as súas ordes e non lles fosen fieis a Isabel II e ó Goberno; o subdelegado de Lugo deixábase claro con estas palabras: «Como hombre público no reconozco otros amigos ó enemigos que aquellos que lo sean de los derechos de nuestra legítima REINA»<sup>53</sup>; o papel de Moscoso como garante da Monarquía isabelina na provincia de Lugo non podía ficar máis claro. E esa misión, que Moscoso se daba a si mesmo, facíalla estender ás autoridades dos concellos, ás que instaba a cumprir rigorosamente coa súa obrigaón ou ben a abandonar os seus cargos.

Comezaba Moscoso a súa alocución fixando un programa económico de progreso, continuaba situándose como garante do réxime isabelino, e vai rematar sentando as bases do Estado liberal que finalmente se consolidará en España. Así Moscoso afirmaba: «Propietarios y Hacendados, mis palabras no pueden ser sospechosas, pues pertenezco a vuestra clase»<sup>54</sup>. Efectivamente, Moscoso, como liberal moderado, estaba claramente na liña dun liberalismo doutrinario, que só lles concedía a participación política a aquelas clases preparadas para utilizar os seus dereitos, preparación que viña dada pola propiedade, que a partir deste momento se converterá nunha necesidade para obter relevancia política. Esta será a razón pola que Moscoso se identifica como propietario, pois esta é unha garantía da súa xestión, para acadar a fidelidade dos propietarios da provincia a Isabel II, xa que verán os seus intereses garantidos ó

<sup>52</sup> Ibidem.

<sup>53</sup> Ibidem. Obsérvase que trala fixación duns obxectivos económicos, Moscoso pasa a destacar claramente o seu papel político como valedor da causa de Isabel II, situación que remataría primando sobre as misións de fomento.

<sup>54</sup> Ibidem.



estar un igual á fronte da provincia. Esta sería a grande misión de Moscoso de Altamira, pola cal Javier de Burgos teimara tanto en que debía ocupa-la Subdelegación de Lugo; pero tamén, paradoxalmente, a misión que levaría a desvirtua-lo obxectivo inicial dos subdelegados: a busca do fomento provincial, que será progresivamente esquecido a prol duns obxectivos políticos.

O período de mandato de Moscoso de Altamira á fronte da Subdelegación de Lugo foi moi curto, desde finais de febreiro de 1834 ata mediados de abril do mesmo ano. Neste escaso período de tempo foron escasas as realizacións que podemos anotar do goberno de Moscoso, mais, sen dúbida, unha das máis importantes foi a creación do *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* (BOPLU), que comezou a súa andaina en maio de 1834, cando xa Moscoso tiña abandonada a Subdelegación de Lugo. Xa desde setembro de 1833 viña funcionando un *Boletín Oficial de Galicia*, editado desde A Coruña, esta publicación fora promovida polo Ministerio de Fomento, co obxectivo de espallar, o máis posible, as ordes e os mandatos do Goberno; con esta medida pretendíase dar a coñece-los beneficios das reformas administrativas, polo que o Ministerio mandaba crear en cada capital de provincia un diario ou boletín periódico que puidese levarlles a tódolos lugares a lexislación gobernamental, motivo polo cal obrigaba ás poboacións de certa entidade a se subscribir forzosamente a este boletín.

A idea de dar a coñece-las disposicións oficiais será tamén a que leve a Moscoso a crea-lo BOPLU, ó que se lle engadía tamén outro beneficio para as vilas e parroquias lucenses: co novo periódico xa non terían que soporta-lo importante gasto de subscrición ó *Boletín Oficial de Galicia*, derivado da súa edición desde A Coruña; agora a subscrición ó BOPLU sería menos onerosa para os habitantes da provincia de Lugo. Xunto con esta vantaxe de carácter económico, os múltiples beneficios da nova publicación quedaron consagrados por Moscoso de Altamira no primeiro número do *Boletín*, que saíu do prelo en maio do 1834:

«Poner á todos al corriente de los Reales decretos, órdenes é instrucciones que emanen del Gobierno; facilitar la circulación de las disposiciones especiales de las autoridades judiciales, militares y administrativas de las provincias: despertar el deseo y aun escitar la afición á la lectura, harto necesaria para que no se mire con tanto descuido y abandono la enseñanza primaria; hacer en fin partícipes de otra porción de noticias no menos útiles que interesantes tanto á los habitantes de las ciudades populosas como á los de la aldea mas desconocida, tales son los bienes que ha producido semejante institucion»<sup>55</sup>.

<sup>55</sup> BOPLU, 4-V-1834.

Moscoso presentaba o BOPLU como unha parte máis dos beneficios e da prosperidade que lle levarían á provincia as reformas administrativas, das que o boletín sería o seu voceiro; e aínda agardaba que a súa publicación puidese axudar a impulsa-la instrucción primaria na provincia. Non se nos oculta tampouco que detrás da creación desta publicación hai un claro desexo centralizador, que fai efectivo o coñecemento a tódolos habitantes de lexislación central, que Moscoso insta a respectar e obedecer. Ora ben, tamén é certo que esa centralización se nos presenta cuns obxectivos igualitarios, pois pretende chegar tanto ás cidades como ás parroquias máis afastadas. Concluía Moscoso afirmando que o BOPLU sería o medio de comunicación das medidas que un Goberno sabio e paternal tomaba en beneficio dos seus administrados, afirmación que nos lembra o talante ilustrado e reformista da política que primaba naquel momento<sup>56</sup>.

## 5. Moscoso de Altamira e a fin dos subdelegados

Como xa temos afirmado, a difícil situación na que se atopaba a Monarquía de Isabel II, e o Goberno das reformas administrativas que a sustentaba, facía necesaria a consecución da colaboración das elites locais, pois a súa influencia social podería determina-la fidelidade da provincia, o caso descrito de Moscoso de Altamira constitúe un exemplo paradigmático. Efectivamente, desde un principio a Monarquía de Isabel II tentou gaña-lo apoio de Moscoso, restituíndolle os cargos dos que fora expulso pola súa militancia liberal. Así, polo Real decreto do 30 de xaneiro de 1834, devolvéuselle a súa condición de «Gentil Hombre de Cámara de S.M., con entrada», posto do cal fora purgado por Fernando VII en 1823; agora a Monarquía, esquecendo o pasado, restituíelle a antiñidade perdida<sup>57</sup>. Mais a Moscoso non só se lle devolveu a súa condición de cortesán, senón que o novo réxime pretendía contar con el para o goberno e a administración do Estado; xa vimos como Moscoso foi obrigado a acepta-lo cargo de subdelegado de Fomento de Lugo, por mor da súa condición de importante propietario desta provincia; pero a importancia da figura de Moscoso, máis a súa experiencia pasada na política española, destinaban para el postos de máis alta categoría, cargos que non tardarían en chegar. En efecto, o 30 de marzo de 1834 Moscoso de Altamira era nomeado decano da Sección de Fomento do Consello Real de España e Indias, institución creada por Real decreto do 24 de

<sup>56</sup> Ibidem.

<sup>57</sup> AGP. Personal. Caja 720. Expediente 10.

marzo de 1834<sup>58</sup>; este nomeamento supuña o paso de Moscoso á política do Estado, e, sobre todo, un primeiro chanzo para o seguinte cargo de responsabilidade que ía ocupar: o Ministerio de Fomento.

A necesidade de salva-lo trono isabelino dos seus inimigos carlistas motivou o abandono das reformas administrativas e a adopción de reformas políticas que atraesen á defensa de Isabel II ó liberalismo moderado. O fracaso na consecución dunha Administración profesional e civilista levou á decepción do seu principal promotor: Javier de Burgos, quen ante a progresiva politización da Administración do Estado presentou a súa dimisión como ministro de Fomento en abril de 1834. As circunstancias do momento puideron coa utopía administrativa de Burgos, pois a única existencia dunha Administración eficaz non ía detela reacción carlista. Pero non era só esta situación a que motivaba unha acción máis enérxica á fronte do Ministerio de Fomento; o deseño dun novo sistema político como foi o do Estatuto Real, promulgado en abril de 1834, no cal a necesidade de afrontar unhas inmediatas eleccións, levou ineludiblemente á politización do Ministerio de Fomento, que debería garantir que os electos fosen persoas fieis ó novo réxime. Tal situación non podería desempeñala un home como Burgos, para quen tanto o Ministerio coma os subdelegados provinciais estaban só ó servizo dos intereses administrativos, de aí a necesidade de atopar outra persoa quen de se acomodar ás novas necesidades. Esa nova persoa foi Moscoso de Altamira, que o 17 de abril de 1834 foi nomeado ministro de Fomento en substitución de Javier de Burgos<sup>59</sup>.

A chegada de Moscoso ó Ministerio de Fomento marcará tanto a politización deste departamento coma a dos subdelegados provinciais, que progresivamente foron deixando nun segundo plano as atribucións relativas á busca da prosperidade, para se centrar en temas nidiamente políticos, como a loita fronte á disidencia carlista e a preparación das eleccións, segundo as necesidades do Goberno. Moscoso de Altamira foi o home que marca o comezo desta tendencia, para a cal non lle faltaba experiencia, lémbrese que en 1822 xa fora ministro da gobernación no Gabinete Martínez de la Rosa, personaxe que desde xaneiro de 1834 ocupaba novamente a presidencia do Consello de Ministros. As boas condicións de Moscoso para ocupa-lo Ministerio de Fomento nunhas circunstancias de transición

<sup>58</sup> AHN. Fondos Contemporáneos. Ministerio de la Gobernación. Personal. Legajo 339. Vid. tamén *Actas del Consejo de Ministros*. Op. Cit. Sesión do 29-III-1834, p. 185.

<sup>59</sup> *Gaceta de Madrid*, 19-IV-1834. Xa en outubro de 1833, cando o Ministerio de Fomento ficou vacante polo paso do Conde de Ofalia ó Consello de Goberno, o nome de Moscoso de Altamira fora proposto para ministro de Fomento en virtude das súas «luces y experiencia»; naquel momento, sen embargo, o escollido foi Javier de Burgos. Vid. *Actas del Consejo de Ministros*. Op. Cit. Sesión do 20-X-1833, p. 21.

cara a formas de goberno representativas non pasaron desapercibidas para os seus contemporáneos. Así, nun artigo laudatorio da figura de Moscoso, publicado no BOPLU por mor do seu abandono da Subdelegación de Fomento de Lugo, ficaban ben claros cáles eran os motivos que levaban ó noso protagonista ó Ministerio, entre os que a súa experiencia na política e na Administración e as vindeiras eleccións a Cortes, xogaban un papel destacado:

«La opinión pública manifestada del modo mas ostensible, hacia ya mucho tiempo que designaba al Sr. Moscoso como el hombre necesario para regir en las presentes circunstancias los importantes negocios de la administracion. Sus profundos conocimientos en este ramo, el alto concepto á que justamente le hicieron acreedor sus discursos en la tribuna, la dulzura de su carácter, y la necesidad de su presencia en la prócsima reunion de Córtes, no pudieron ocultarse á la sabiduría de nuestra adorada REINA Gobernadora...»<sup>60</sup>.

Efectivamente, non se tardaría moito en nota-la presencia de Moscoso, un mes despois da súa chegada ó Gabinete, en maio de 1834, o noso home vai muda-lo nome do Ministerio de Fomento, que se denominou, desde entón, Ministerio do Interior, todo un símbolo que malia a afirmación de que non mudarían as súas atribucións, si expresaba que os vellos obxectivos de Burgos eran agora abandonados. Ó mesmo tempo, os subdelegados de Fomento tamén cambiaban o seu nome, pasando a se denominar gobernadores civís das provincias, e agoirando que nun futuro o fomento non ía se-la súa principal misión<sup>61</sup>. Remataba, deste xeito, a breve andaina dos subdelegados de Fomento.

O nomeamento de Moscoso de Altamira como ministro de Fomento sería o que motivaría o escaso período de tempo que pasou á fronte da Subdelegación de Fomento de Lugo. Unha vez que se verificou a súa marcha, sería o Secretario da Subdelegación, Nicolás de Prado y Neira, o que ficaría á fronte da Administración da provincia como subdelegado interino, mentres o Goberno non nomeaba outro xefe provincial en propiedade. Con Nicolás de Prado y Neira levaríanse adiante en Lugo importantes acontecementos, tales como a proclamación oficial de Isabel II ou a promulgación do Estatuto Real, ó tempo que Nicolás de Prado pasaba a ser gobernador civil interino, segundo a nova denominación comentada. Con este personaxe mantíñase a idea de situar á fronte da

<sup>60</sup> BOPLU, 4-V-1834. Artigo asinado G. Comezaba aquí a segunda grande etapa de Moscoso na vida política española. En efecto, José María Moscoso chegaría a ocupa-los cargos máis sobranceiros no Estado liberal español (caso da presidencia do Senado) e o seu *cursus honorum* culminaría en 1839 coa concesión do título nobiliario de Conde de Fontao.

<sup>61</sup> *Diario de la Administración*, 15-V-1834.


provincia a un protagonista de destacada relevancia social, para deste xeito asegura-la lealdade da provincia. Nicolás de Prado posuía unha clara orixe fidalga e era propietario, mais, se cadra, a súa característica máis relevante era a de ser familiar de Jose María de Prado y Neira, marqués de San Martiño de Hombreiro, importante propietario e home cunha xa vella influencia na cidade de Lugo, de onde era o seu rexedor decano; ademais o marqués de San Martiño de Hombreiro era, á altura de 1834, o deputado xeral do Reino de Galicia en Madrid, cargo para o que fora proposto pola cidade de Lugo. Nicolás de Prado y Neira era, deste xeito, o home máis axeitado para a Administración da provincia de Lugo, mentres o Goberno non nomeara outro xefe provincial, pois estaba relacionado cos principais intereses da provincia. Unha vez máis, quedaba demostrado que o Estado víase na necesidade de contar cos poderes locais para poder asenta-lo seu dominio e levar adiante a súa lexislación. Os casos de José María Moscoso de Altamira e de Nicolás de Prado y Neira, son, xa que logo, relevantes.

## 6. Conclusións

Malia a súa breve duración temporal, os subdelegados de Fomento supuxeron un serio intento de deseñar unha Administración provincial sobre bases propias hispanas, que se asentaban nas vellas ideas da Ilustración española, que concibía a Administración como o fomento da prosperidade e da riqueza; ó tempo que pola súa práctica, os subdelegados de Fomento estaban máis relacionados cos prefectos franceses ca cos xefes políticos constitucionais, funcionarios totalmente politizados e sometidos a unha importante militarización. De ámbalas dúas tradicións estaba influído o principal promotor dos subdelegados: Javier de Burgos. Ora ben, co que non contaba este persoeiro era coa conxuntura política na que pretendía instala-los seus funcionarios, situación marcada pola Guerra civil carlista, que facía practicamente imposible que os axentes provinciais tiveran unha exclusiva dedicación administrativa, como ficou demostrado na alocución que José María Moscoso de Altamira dirixiu ós lucenses. É máis, a inestable situación política fixo tamén imposible a utopía civilista de Burgos, xa que a situación de guerra dáballes ós militares un protagonismo destacado, fora precisamente o estamento castrense o máis oposto á instalación dos subdelegados.

O asentamento da Subdelegación de Fomento na provincia de Lugo non produciu ningunha oposición, reclamando a Corporación lucense a instalación inmediata do seu subdelegado: Moscoso de Altamira; para o maior proveito da Administración provincial. Ora ben, isto non significa necesariamente que o Estado central estea impondo sen máis a súa



lexislación. En efecto, as débiles bases que sustentaban á Monarquía de Isabel II facían necesario buscar na periferia o apoio das elites locais, que xa tradicionalmente viñan exercendo o poder. Moscoso de Altamira foi o exemplo desa elite na provincia de Lugo, que o Goberno central buscou desesperadamente para consolida-lo seu poder. A visión tradicional do centralismo patrocinado polo Estado liberal debe así maticzarse, concedéndolles unha grande importancia ás elites locais. 

## 7. Bibliografía citada

- AA.VV.: *El Gobernador Civil en la política y en la Administración de la España contemporánea*, Madrid: Ministerio del Interior, 1997.
- Actas del Consejo de Ministros. Isabel II. Tomo IX (1833-1839)*, Madrid: Ministerio de la Presidencia, 1995. Sesión do 10-XI-1833.
- ALCALA GALIANO, ANTONIO: *Memorias*, Madrid: Imprenta de Enrique Rubiños, tomo II, 1886.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón: *Liberales y Absolutistas en Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1982.
- CAJAL VALERO, ARTURO: *El Gobernador Civil y el Estado centralizado del siglo XIX*, Madrid: MAP, 1999.
- CHAPMAN, Brian: *Los Prefectos y la Francia provincial*, Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1959.
- COLMEIRO, Manuel: *Derecho Administrativo Español*, Santiago de Compostela: Librería de don Ángel Calleja, 1850.
- COMELLAS, José Luis: *Isabel II. Una Reina y un reinado*, Barcelona: Ariel, 1999.
- DEROZIER, Albert: *Escritores políticos españoles, 1780-1854*, Madrid: Ediciones Turner, 1975.
- DIEGO GARCÍA, Emilio de: «Aproximación al estudio de los posibles masones en 1823», en FERRER BENIMELI, J.A. (COORD.): *La masonería en la España del siglo XIX*, Volume II, Salamanca: Junta de Castilla y León, 1987, pp. 451-466.
- FONTANA, Josep: *La crisis del Antiguo Régimen, 1808-1833*, Barcelona: Crítica, 1979.
- GAY ARMENTEROS, Juan C.: *Política y Administración en Javier de Burgos*, Granada: CEMCI, 1993, p. 148.
- GARCÍA DE ENTERRÍA, Eduardo: *Revolución Francesa y Administración contemporánea*, Madrid: Taurus, 1981.
- MAESTRE ROCA, Julio: «Javier de Burgos, liberal doctrinario», *Revista de Estudios Políticos*, xaneiro - febreiro, 1972, n.º. 181, pp. 133-156.
- NIETO, Alejandro: *Los primeros pasos del Estado constitucional. Historia administrativa de la Regencia de María Cristina de Borbón*, Barcelona: Ariel, 1996.
- PÉREZ GALDÓS, Benito: *Memorias de un cortesano de 1815. Episodios Nacionales*. Volume I, Madrid: Aguilar, 1971.
- RISQUES CORBELLÀ, Manel: *El Govern Civil de Barcelona al segle XIX*, Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1995.
- RODRÍGUEZ VILLA, Antonio: *El Teniente General Don Pablo Morillo*, Tomo I, Madrid: Fontanet, 1910.
- ROMERO ALPUENTE, Juan: *Historia de la Revolución Española y otros escritos*, V. II. Edición preparada e introducida por ALBERTO GIL NOVALES, Madrid: Centro de Estudios Constitucionales, 1989.
- TUÑÓN DE LARA, Manuel: «Sociedad señorial, revolución burguesa y sociedad capitalista», en VII Coloquio de Pau: *Crisis del Antiguo Régimen e industrialización en la España del siglo XIX*, Madrid: Cuadernos para el diálogo, 1972, pp. 11-26.
- VIVEIRO MOGO, Prudencio: «La instalación de los Subdelegados de Fomento en Galicia», *Historia Contemporánea*, n.º 21, 2000, pp. 627-650.
- ; «A xénese da provincia de Lugo, 1812-1833: Estado liberal e división provincial», *Lucensia*, n.º 23, 2001, pp. 213-230.

# CONSIDERACIÓN DENE DA CIENCIA DA ADMINISTRACIÓN SOBRE AS NOVAS TÉCNICAS DE PRODUCCIÓN DE NORMAS ADMINISTRATIVAS

**Miguel Anxo Bastos Boubeta**

Profesor axudante do departamento de  
Ciencia Política e da Administración  
Universidade de Santiago de Compostela

## 1. Introducción

A mellora e desenvolvemento de técnicas analíticas de apoio á produción normativa é quizais o aspecto menos atendido de todo o amplo abano de propostas de reforma e modernización que se fixeron nos últimos vinte anos. As reformas incidiron principalmente no sistema de incentivos da función pública ou no redeseño das súas estruturas, pero desestimaron na maioría das ocasións o cambio nos procedementos de elaboración de leis e regulamentos, a pesar de terse desenvolvido todo un complexo corpus de coñecemento dedicado a tal fin. Do mesmo xeito, a produción normativa parece se-la grande esquecida nos actuais proxectos de mellora da calidade administrativa. Preocupa a calidade dos servizos prestados pola Administración e invístense inxentes sumas de diñeiro con tal fin, pero esquecese aplicarlle os mesmos principios á creación da norma administrativa. Imos polo tanto analizar, polo miúdo, cáles son as principais achegas no desenvolvemento lexislativo, en especial as propostas de participación cidadán e de avaliación da lexislación, tendo en conta que algunhas delas foron recollidas polo lexislador espa-

ñol. Estas técnicas son unha concreción dos procesos de racionalización do dereito, emprendidos na maior parte dos códigos legais dos países europeos nos últimos anos<sup>1</sup>, procesos que non son privativos do mundo da administración pública, senón que se pretende, alomenos desde algúns sectores da doutrina, que se estenda á totalidade do proceso político<sup>2</sup>. Pero tamén hai que dicir que moitas destas técnicas, tal e como son propostas pola Lexística, que é como se coñece a disciplina que se ocupa do deseño das leis<sup>3</sup>, non merecen, na opinión de quen isto escribe, ser tomadas en serio, pois da súa aplicación, entendo que se derivarían máis males ca bens como veremos máis adiante. Incorporaremos, en consecuencia, un rumbo crítico na análise das novas técnicas xurídicas, tratando de discriminar entre aquelas medidas que efectivamente consigan adecua-la produción de normas ás necesidades da sociedade actual, que tal debe se-lo obxectivo destas reformas lexislativas<sup>4</sup>, daquelas que non pasan de ser mera retórica dedicada a xustifica-lo traballo de inútiles gabinetes e centros de asesoramento, ou a expandi-los orzamentos e os medios humanos de unidades administrativas ociosas<sup>5</sup>.

## 2. A participación cidadán na produción lexislativa

No ámbito da administración pública non se adoita falar en termos de dereita e esquerda, pero de establecerse tal distinción o principal criterio definidor sería o da menor ou maior énfase respecto da participación de cidadáns e usuarios nos procesos de xestión ou de elaboración das normas administrativas<sup>6</sup>. En efecto, por unha banda os sectores máis tradicionais da doutrina<sup>7</sup>, alomenos neste aspecto, veñen cuestionado o

<sup>1</sup> Vid., HEINZ SCHÄFFER, «Racionalización y creación del Derecho» en *Documentación Administrativa*, nº 218-219 (abril-setembro 1989), pp. 153-195.

<sup>2</sup> A pretensión de racionaliza-lo mundo político e social é analizada críticamente en: John Ralston Saul, *Los bastardos de Voltaire*, Andrés Bello, Barcelona, 1998.

<sup>3</sup> Vid., J. Chevallier, «La juridicisation des preceptes manageriaux» en *Politiques et management publique*, vol. 11, nº 4, dec. 1993, pp. 111-134.

<sup>4</sup> Ver al respecto: MARTÍN BULLINGER, «La Administración, al ritmo de la economía y la sociedad» en *Documentación Administrativa*, nº 234 (abril-xuño 1993), pp. 85-113.

<sup>5</sup> Unha visión moi crítica, pero ao meu ver moi realista, do proceso de creación de normas e dos intereses egoístas que o moven pode verse en: Bruce Benson, *Justicia sin Estado*, Unión editorial, Madrid, 2000.

<sup>6</sup> Vid., Q. BRUGUÉ, M. AMORÓS e R. GOMA, «La Administración Pública y sus clientes: ¿Moda organizativa u opción ideológica? En *Gestión y análisis de políticas públicas*, nº 1, setembro-diciembre 1994, pp. 33-46.

<sup>7</sup> Ver ó respecto: Ramón Parada, *Derecho Administrativo: Vol. Parte General*, Marcial Pons, Madrid, 1991. pp.28-9

principio de autoridade polas propostas de aqueles que lle achacan boa parte dos males da Administración pública (entre outros factores) á insuficiente incorporación do cidadán ós procesos e derivan, polo tanto, de aí a necesidade da transformación do dereito administrativo, tanto no seu contido coma na súa xénese<sup>8</sup>. Sen embargo, neste punto, os defensores do principio de autoridade, ou sexa de competencia técnica e profesional<sup>9</sup>, perderon a batalla fronte ós partidarios da democracia participativa e da comunidade ideal de diálogo<sup>10</sup> á hora de formular políticas públicas. Pero a ofensiva participativa non é nova, polo menos en España. En efecto, a pesar de ser presentado como unha novidade dentro dos procesos de modernización da Administración pública<sup>11</sup>, o principio de participación dos cidadáns e de grupos afectados na elaboración das normas<sup>12</sup> está presente na Constitución española e prevese polo tanto o desenvolvemento de iniciativas neste senso. O certo é que estas previsións constitucionais non tiveron demasiada vixencia ata tempos recentes, polo menos no que lles toca ós cidadáns entendidos de forma particular, pois sindicatos, partidos, colexios profesionais e patronais levan tempo incidindo e sendo escoitados tanto na formulación de normas coma na súa execución. Pero o debate recente na politicoloxía quere afondar, alomenos na teoría, na democracia de base, isto é na participación do cidadán como tal ou agrupado en organizacións de base, non en grandes organizacións corporativas consideradas como demasiado poderosas<sup>13</sup>. Para isto, tratan de establecérense, aproveitando en moitos casos novas tecnoloxías como a internet, formas innovadoras, isto é que vaian alén das formas xa previstas para incorporarlle a opinión cidadán ó proceso lexislativo, como poden se-las enquisas, as consultas especifi-

<sup>8</sup> Vid., HARTMUT BAUER, «¿Transformación radical en la doctrina del Derecho administrativo?» en *Documentación Administrativa*, nº 234 (abril-xuño 1993), pp. 133-160.

<sup>9</sup> Vid., THOMAS MOLNAR, *Authority and Its enemies*, Arlington House, New Rochelle N.Y, 1976.

<sup>10</sup> Vid., Thomas Webler e Seth Tuler, «Fairness and Competence in Citizen Participation» en *Administration & Society*, vol. 32, nº 5, November 2000, pp. 566-595.

<sup>11</sup> Un exemplo da incorporación deste principio na lexislación pode verse na Lei 50/1997 do 27 de novembro, de organización, competencia e funcionamento do goberno, en especial cando se refire á iniciativa lexislativa e potestade regulamentaria.

<sup>12</sup> A Constitución prevé a consulta de cidadáns, sindicatos, asociacións empresariais, colexios profesionais, partidos, etc. Tamén permite a iniciativa lexislativa popular, o xurado na Administración de Xustiza ou a consulta en asuntos de planificación, entre outras posibles formas de participación cidadán. Vid., Lorenzo Martín-Retortillo Baquer, «La participación en Administración Pública: Principios y límites» en *La Participación. Anuari de la Facultat de Pret*, Estudi General de Lleida, 1985, pp.63-106.

<sup>13</sup> Vid., Peter deLeon, «The Democratization of the Policy Sciences» en *Public Administration Review*, vol. 52, nº 2, March/April 1992, pp. 125-129.



cas ou a iniciativa lexislativa popular. Tamén cómpre lembrar que a participación cidadán non se cingue, en exclusiva, á elaboración de normas e regulamentos, senón que adoita usarse para controla-lo desempeño desa norma, unha vez aprobada, e avaliar deste xeito o seu rendemento, como veremos máis adiante<sup>14</sup>. Podemos citar, seguindo a Joan Subirats<sup>15</sup>, algunhas destas iniciativas:

▮ Experiencias de participación baseadas na información e o debate. Pódense cita-los xurados de cidadáns ou núcleos de intervención participativa e as conferencias de consenso ou grupos de mediación. Todas teñen en común a vontade de mesturar na deliberación sobre o proxecto, os coñecementos técnicos e as opinións defensoras dos intereses sociais. Estas técnicas poden usar procedementos aleatorios de selección de cidadáns, establecendo mostras de cidadáns que pretenden ser representativas do grupo interesado na normativa. O xurados de cidadáns úsanse basicamente para informa-los decisores dos puntos de vista meditados dun grupo de cidadáns escollidos aleatoriamente que se reúnen durante varios días con información sobre o tema. As enquisas deliberativas buscan establecer unha mostra representativa, darlles información e que despois procedan a contestar unha enquisa especialmente deseñada. As conferencias de consenso, buscan tamén coñece-la opinión da xente común, previamente informada, sobre algún tema. Neste caso a selección non é aleatoria, senón que só se consulta a aqueles cidadáns que se autoproponen, tras publicita-lo tema da conferencia. Pola súa parte, os grupos de mediación circunscribense máis á resolución de conflitos e búscase a implicación de cidadáns e grupos na elaboración de compromisos e respostas. Trátase de informar ó lexislador sobre as alternativas en xogo, non de imporlle propostas.

▮ Implicación de comunidades. Trátase de involucra-las comunidades de afectados por algún problema merecedor de regulación na súa solución para garantir unha maior eficacia na implementación da norma. A base principal de participación é territorial, isto é, buscaríase a forma de que entidades descentralizadas, sobre todo do ámbito local (parroquias, por exemplo) organicen mecanismos de participación e discusión sobre os temas que lles abranguen.

▮ Canles de democracia directa. Para efectos do que estamos a tratar, isto é a produción da norma administrativa, son pouco funcionais. Cando falamos de democracia directa adoitamos referirnos a figuras

---

<sup>14</sup> Vid., CHRISTOPHER POLLITT, «Bringing Consumers into Performance Measurement: Concepts, Consequences and Constraints» en *Policy and Politics*, vol. 16, nº 2 (1988), pp. 77-87.

<sup>15</sup> Vid., JOAN SUBIRATS, «Democracia: Participación y eficiencia» en *Gestión y análisis de políticas públicas*, nº 5-6, xaneiro-agosto 1996, pp. 35-44.

como o referendo, sobre todo no ámbito local, tal como se fai en Suíza ou nos Estados Unidos. A técnica moderna, en cambio, permite xeneralizalas consultas populares sobre determinados temas por vía da internet. O establecemento de redes de debate ou o uso do correo electrónico permitirán melloralas capacidade de obter información sobre as opinións cidadáns respecto dos diversos temas.

As formas máis típicas de participación cidadán deben obviamente serlles engadidas aquelas formas de participación na elaboración das normas que prevén a consulta e a implicación dos colectivos profesionais e laborais afectados pola normativa, aínda que para isto xa están previstas canles formais de participación a través de sindicatos e comités laborais, polo que só nos centramos na participación cidadán.

A normativa española, no que atinxe á produción de regulamentos administrativos, concrétase na necesidade de dar audiencia durante un prazo razoable, de forma directa ou a través de organizacións ou asociacións recoñecidas pola lei que os representen, sen concretar cál debe serlo tipo de audiencia ou consulta a que se debe somete-lo lexislador. Non se concreta nin se fai referencia explícita a ningunha das formas de participación antes vistas, máis cremos que algunha das propostas antes referidas podería perfectamente ser aplicada ó proceso normativo.

Mais a participación cidadá, ou dos colectivos profesionais afectados, non está exenta de problemas. A participación parece ser unha destas ideas que todo o mundo apoia retoricamente, pero que tódolos gobernantes adían á hora de pola en práctica. E non só por cuestións técnicas ou do custo de pola en práctica, que son as excusas que habitualmente se aducen para eludi-la súa aplicación, senón porque as virtudes de tales técnicas non están tan claras como argumentan os seus defensores. En primeiro lugar, estaría a cuestión da corporativización da participación. Na maioría dos casos a participación na elaboración de normas adoita ser aproveitada polas organizacións que teñen intereses nestas. Sindicatos e grupos de interese adoitan se-los principais beneficiados pola participación cidadá na formulación das leis. Só eles contan coa información e a disposición de medios humanos e materiais para participar de forma efectiva na elaboración de normas. Corre o risco de establecérense «cidadáns profesionais» cunha función que sexa a de representa-lo conxunto da cidadanía nestes labores e que representen realmente os intereses das súas organizacións.

Outros problemas que poderían derivarse da democracia participativa teñen máis que ver coa disfuncionalidade de tales técnicas. En primeiro lugar, a participación cidadá pode dificultar e ralentizar moito o procedemento de elaboración de normas. Se hai que prima-la participación e a deliberación pérdese moito en resolubilidade, ademais de que, en segundo lugar, a participación pode ser paradoxalmente menos par-

ticipativa cos procedementos formalizados antigos. Na democracia representativa todo o mundo ten un voto e pode exercelo delegando naquelas persoas que se consideren máis afíns, pero á hora de participar non todo o mundo conta coas mesmas habilidades. Non todo o mundo ten os mesmos coñecementos, capacidade oratoria ou experiencia política como para participar en igualdade de condicións nun debate, sobre todo se este é público. A persoa con poucos dotes deste estilo verase en inferioridade de condicións respecto das persoas que si posúen estes dotes, mais se estas son profesionais da participación, polo que á hora da verdade pode ser que só participen uns de forma efectiva frustrando así as aspiracións de moitos cidadáns. En moitas ocasións, pode ser máis participativa *de facto* a xerarquía formal, pero lexitimada por unha elección que unha participación formalmente igualitaria pero elitista.

No fundamento 4º da sentenza patrocínase, sen embargo, unha solución diferente para a televisión por cable de ámbito local, a partir dos artigos 41 (a iniciativa económica é libre), 43 (só por lei se pode exceptuar esa libre iniciativa) e 21.1 (libre expresión do pensamento por calquera medio de difusión) da Constitución. As instalacións de televisión por cable de ámbito local non xeran, dentro de certos límites e a xuízo da Corte, un custo insostible para unha empresa singular, ó facer mención á opinión do Consiglio Superiore Tecnico delle Telecomunicazioni, que afirma que a falta dunha reserva ó Estado, as instalacións de televisión por cable están chamadas a proliferar en Italia, dando lugar a unha pluralidade de redes parciais, e non, sen embargo, a situacións de monopolio ou oligopolio. Argumento que non permite identificala existencia de fins de utilidade xeral que lle xustifiquen a reserva ó Estado da televisión por cable de ámbito local: este poderá levar a cabo a ordenación dun servizo global de telecomunicacións, mais sen vetalas instalacións privadas de televisión local vía cable e sen constrinxilas liberdades garantidas polos artigos 21 e 41 da Constitución.

Imposibilidade constitucional, polo tanto, da reserva ó Estado da ac-

tividade de televisión local por cable. Esta liberalización, sen embargo, non implicaría segundo a doutrina constitucional que estamos glosando a total ausencia de control preventivo por parte dos poderes públicos: aínda que non concorresen os fins de utilidade xeral capaces de lexítima-la reserva ó Estado da actividade, si estarían presentes, sen embargo, certos intereses públicos de necesaria salvagarda. É por isto que a instalación e exercicio de redes locais privadas de televisión por cable «poden ser lexítima e oportunamente disciplinadas por lei», por unha lei que someta a autorización administrativa ó desenvolvemento da actividade. Nese caso, de concorre-las condicións esixidas pola normativa de desenvolvemento, o outorgamento da autorización sería vinculante para a Administración, e non meramente discrecional<sup>13</sup>.

#### 4. A segunda quebra: televisión local vía éter

A segunda gran quebra no monopolio estatal sobre a actividade radiotelevisiva levouse a cabo en Italia a través da importante Sentencia da Corte Constitucional n. 202 do 28 de xullo de 1976<sup>14</sup>, na cal se resolveron acumulativamente as cuestións de constitucionalidade presentadas en dezaseis xuízos penais que xiraban en torno a un mesmo asunto: a conformidade á Constitución do monopolio estatal das emisións radio-televisivas vía éter de ámbito local. A sentenza, como sinalou Porta, supuxo un importante salto cualitativo, toda vez que quebrou a cultura monopolística e a tendencia xurisprudencial que consideraba, na liña da Decisión n. 226 do 10 de xullo de 1974, que se acaba de examinar, prevalecente o aspecto económico en materia de radiodifusión<sup>15</sup>.

Xulgouse nesta decisión a posible inconstitucionalidade do artigo 1 da lei do 14 de abril de 1975, que lle reservaba ó Estado o conxunto da actividade de emisións de radio e televisión vía éter, sen ningunha distinción en razón do seu ámbito espacial e incluíndo, polo tanto, a de di-

---

<sup>13</sup> Cómpre destacar que, entre nós, a Sentencia do Tribunal Constitucional 31/1994, do 31 de xaneiro, optou por unha similar solución no ámbito da televisión por cable de cobertura local e fronte á inactividade do lexislador. Moitas razóns, creemos, avalan o pouco acerto de tal decisión. Os nosos argumentos ó respecto pódense consultar en Ruíz Miguel, Carlos, e de Abel Vilela, Fernando Adolfo: «Inactividad del legislador y activismo tardío (...)» (op. cit.).

<sup>14</sup> Vid. Giurisprudenza Costituzionale. N° XXI. Vol. I. 1976. Páxs. 1267 a 1285.

<sup>15</sup> Porta, Eugenio: «Prospettive di riforma legislativa dell' emittenza radiotelevisiva privata». En *Libertà di antenna. Aspetti tecnici e giuridici della emittenza radiotelevisiva*. (A cura di Vito A. Monaco, Mauro Bernardini, Aljs Vignudelli). Maggioli editore. 1986. Páxs. 217 a 229. (Páxs. 220 e 221).

mención local<sup>16</sup>. Para argumenta-la violación por parte de tal precepto de disposicións constitucionais, os recorrentes partiron de que o presuposto da lexitimación do monopolio estatal en sede de radiotelevisión –a limitación do número de canles dispoñibles– non existía no ámbito local. Aqueles que se cuestionaban a adecuación da norma á Constitución retomaron, pois, os primeiros –e non totalmente abandonados pola Corte– argumentos de tipo técnico no tocante á xustificación da reserva da actividade ó Estado.

O éxito acompañou a esta liña argumentativa, pois a Corte, tras recorda-la súa doutrina sobre a lexitimidade do monopolio estatal da radiodifusión de ámbito nacional, xustificando con base nas limitacións de carácter técnico e ós condicionamentos de tipo económico debido ó alto custo da instalación e a prestación dos servizos, acolleu a tese dos recorrentes, e fixo súa a conclusión de que o argumento da limitación de frecuencias non era sostible no ámbito local, no cal a suficiente dispoñibilidade técnica para permiti-la libre iniciativa privada se acompañaba, a xuízo do intérprete constitucional, pola non existencia de perigos de formación de monopolios ou oligopolios privados. Non era por iso constitucionalmente posible, segundo a Corte, seguir sustentando a adecuación do monopolio neste ámbito local no disposto polo artigo 21 da Constitución, ó desaparece-las únicas causas que podían xustifica-la importante restricción que para a liberdade de expresión recollida en tal precepto supuña a publicación da actividade<sup>17</sup>.

Non obstante, todo o sinalado, e de modo similar ó suposto equivalente no ámbito da televisión local por cable, o recoñecemento do dereito de iniciativa privada na actividade de radiotelevisión vía éter no ámbito local, dada a súa conexión co servizo público esencial e de preeminente interese xeral constituído pola difusión vía éter a escala nacio-

<sup>16</sup> En concreto, a citada norma prescribe que «a difusión circular de programas, radiofónicos vía éter ou, a escala nacional, vía fío, e de programas televisivos vía éter ou, a escala nacional, vía cable e con calquera outro medio constitúe, no sentido do artigo 43 da Constitución, un servizo público esencial e de carácter de preeminente interese xeral, en canto se torna a amplia-la participación dos cidadáns e a concorrer ó desenvolvemento social e cultural do país en conformidade cos principios sancionados pola Constitución. O servizo élle polo tanto reservado ó Estado».

<sup>17</sup> Ademais, a Corte sinala na súa sentenza que ó existir unha dispoñibilidade técnica suficiente de frecuencias e ó non derivarse perigos dun hipotético alto custo das instalacións, ou mantemento do monopolio estatal vulneraría o principio de igualdade recollido no artigo 3 da Constitución. (Vid. Fundamento 7º). Por outra parte, parece oportuno destacar que na Sentencia n. 148 do 28 de xullo de 1981, que se examinará posteriormente, a Corte concreta os límites da liberalización no ámbito local, ó non estendela á interconexión de estacións de emisión locais, cando as emisións que posibilita esta técnica se estendan a todo o territorio nacional. (Vid. nota nº 21). Esta argumentación reitérase na Sentencia n. 826 do 14 de xullo de 1988.

nal de programas radiofónicos e televisivos conectado ó monopolio estatal, reclamaba en criterio da Corte a necesaria intervención do legislador estatal, co fin de determinalo órgano da Administración central competente para prove-las asignacións de frecuencias e para levar a cabo o correspondente control. Así mesmo, determinouse na sentenza a necesidade de fixa-las condicións de outorgamento das autorizacións para o exercicio da actividade, de tal maneira que se garantise a articulación dun sistema harmónico, que non contrastase co interese xeral preeminente, e que fosen respectados os correspondentes deberes e obrigacións impostos pola Constitución e os tratados internacionais subscritos por Italia<sup>18</sup>.

As consecuencias que na práctica se desencadearon por efecto da pasividade do legislador ante as esixencias normativas que se acaban de expoñer foron desgraciadamente de gran magnitude. Como ten recordado entre nós García Llovet, «unha das primeiras consecuencias da sentenza será unha situación de caos xeral no uso das ondas, cualificado como xungla do éter, sobre todo pola ausencia desa normativa de desenvolvemento que a sentenza propuña como necesidade ineludible. (...) o caos producido non é froito só dun proceso de instalación de emisoras, senón tamén, e sobre todo, pola inseguridade xurídica que produce a ausencia dunha ordenación do sector»<sup>19</sup>. Os desgraciados efectos prácticos da decisión tiveron, como é evidente, abundante eco na doutrina italiana, no seo da cal se alzaron destacadas voces, como a de Porta, que avogaron polo reparto dos correspondentes tantos de culpa polo *statu quo* xerado: «ã non aplicación e ã turbación da disciplina que se alcanza coa sentenza, reguladora do sistema mixto –sinala o ilustre xurista–, contribuíron todos: o Ministerio de correos e telecomunicacións, a RAI, a Maxistratura e os mesmos emitentes locais»<sup>20</sup>.

No seguinte epígrafe veremos cómo a propia Corte toma en consideración o dato da inactividade do poder legislativo ante os seus requirimentos á hora de optar por abrir novas vías de liberalización dos servizos radiotelevisivos. Pero aparte desa realidade, hai que destacar que a confusión que se xerou a causa desa inexistencia da normación de necesario complemento á doutrina do alto intérprete constitucional motivou que,

---

<sup>18</sup> A sentenza enumera despois os diferentes aspectos que teñen que ser regulados e controlados no tocante ó outorgamento de autorizacións, sinalando que, se se cumpriran eses requisitos, ó igual que no ámbito da televisión local vía cable, o outorgamento da correspondente autorización resultaría obrigado, e non meramente discrecional.

<sup>19</sup> GARCÍA LLOVET, Enrique: *El régimen jurídico de la radiodifusión*. Ed. Marcial Pons. Madrid, 1991. Páx. 123.

<sup>20</sup> PORTA, Eugenio: «Prospettive di riforma (...)». (Op. cit.). Páx. 221.

dende formulacións, sen dúbida, razoables pero tecnicamente erróneas, se sometese ó xuízo da Corte a constitucionalidade de certas disposicións normativas, e invocase a posible violación do principio de igualdade ó tomar como parámetro de comparación a anómala situación creada pola inercia do legislativo ante os requirimentos da decisión que se acaba de examinar. É o caso visto na Sentencia n. 237 do 30 de xullo de 1984<sup>21</sup>, cun obxectivo que se centraba esencialmente no exame da constitucionalidade da norma do artigo 195 do texto unificado de 1973, na súa versión reformada, o cal castigaba ó que instalase, establecese ou exercitase as instalacións de telecomunicación sen ter previamente obtida a respectiva concesión ou autorización. A dúbida verbo da constitucionalidade do precepto mencionado presentábase pola comparación da situación na que se encontraría o que vulnerase o contido da norma citada e a de aquel que, sen concesión ou autorización, exercitase privadamente transmisións radiotelevisivas vía éter no ámbito local. A contradicción era clara: fronte á regra xeral establecida no mencionado artigo 195, que prescribía unha serie de sancións para os casos nos que se exercitase a actividade sen mediar outorgamento da preceptiva autorización, no caso das transmisións vía éter de ámbito local exercitadas por suxeitos privados, a ausencia de intervención do lexislador provocaba que, por efecto da doutrina emanada na Sentencia n. 202 de 1976, a actividade se tornase *de facto* libre.

A Corte, non obstante, considerou que a cuestión, nos termos en que fóra presentada polo xuíz recorrente, resultaba ser errónea, ó tomar como medida de lexitimidade a situación anómala derivada da pasividade do lexislador ante as reclamacións de regulación de determinadas cuestións, en lugar de tomar como parámetro a normativa xeral, que subordinaba a instalación e exercicio de emisoras de telecomunicación á obtención da correspondente concesión ou autorización administrativa. Este argumento reforzábase, ademais, co recordo de que a Sentencia n. 202 de 1976, lonxe de patrocinar unha derogación da regra xeral para a instalación e o exercicio da actividade de transmisión televisiva vía éter de ámbito local por parte de suxeitos privados, reafirmaba a esixencia da obtención de previa autorización estatal.

Un xuízo de constitucionalidade análogo é o acometido na Sentencia n. 35 do 5 de febreiro de 1986<sup>22</sup>, na que a Corte examinou a constitucionalidade de determinadas disposicións da Lei n. 103 de 1975, reguladora das retransmisións televisivas. Esta norma excluía da regra xeral da reserva ó Estado, o exercicio dos repetidores de estacións trans-

<sup>21</sup> Vid. Giurisprudenza Costituzionale. N° XXIX. Vol. I. 1984. Páxs. 1690 a 1710.

<sup>22</sup> Vid. Giurisprudenza Costituzionale. N° XXXI. Vol. I. 1986. Páxs. 211 a 221.



misoras estranxeiras e das instalacións televisivas vía cable, subordinando, non obstante<sup>23</sup>, o funcionamento provisional das instalacións repetidoras de programas televisivos estranxeiros xa instaladas á condición de que, sucesivamente á presentación da demanda de autorización, non se modificasen as súas características técnico-operativas. O xuíz solicitante do xuízo de constitucionalidade estimou que esa condición vulneraba o principio constitucional de igualdade, en tanto que situaba ós exercentes de instalacións repetidoras en posición inxustificadamente deteriorada con respecto ós xestores de instalacións de difusión de programas no ámbito local, non sometidos a análogas limitacións<sup>24</sup>. A Corte, sen embargo, non apreciou ningunha vulneración do aludido principio, ó non considerar adecuada a comparación entre o réxime do artigo 44 da Lei de 1975 e aquel outro máis favorable dos emitentes de televisión no ámbito local, de novo pola situación de carencia lexislativa neste último sector, ó non se ter emanado a regulamentación positiva reclamada pola propia Corte na Sentencia n. 202 de 1976.

Atopámonos, pois, ante a reiteración duns argumentos que, dende o punto de vista meramente técnico, parecen pouco obxectables: non é admisible a invocación do principio de igualdade en sentido inverso ó que lle é propio, ó asumirse unha situación normativa anómala como parámetro de lexitimidade dunha norma que, por un lado, forma parte dunha regulamentación positiva e, por outro, concorre a instituír un réxime autorizador análogo ó vixente para toda a actividade de radiodifusión televisiva, reflectindo un aspecto xeral do ordenamento na materia.

## 5. O mantemento do monopolio estatal sobre a radiotelevisión de ámbito nacional: o papel central dos argumentos socioeconómicos

Vimos ata agora, seguindo un criterio cronolóxico, como a Corte Constitucional excluía do monopolio estatal as actividades radiotelevisivas de ámbito local, con independencia do medio técnico empregado, á vez que confirmaba o monopolio público sobre as mesmas actividades

<sup>23</sup> Art. 44.

<sup>24</sup> Por outra parte, o recorrente consideraba que o disposto polo mencionado artigo 44 da lei vulneraba os artigos 21 e 41 da Constitución, en canto ás condicións que se establecían «constitúen un límite «innatural» á liberdade de manifestación do pensamento e á liberdade de empresa». A Corte, non obstante, non deu por boa esta censura, ó concluír que o réxime de autorizacións administrativas adoptado constituía un límite plenamente ordenado tanto ó exercicio da liberdade de expresión do pensamento canto ó da liberdade de iniciativa económica.



no ámbito estatal. Pois ben, na Sentencia n. 148 do 28 de xullo de 1981<sup>25</sup>, dictada nun momento caracterizado pola crítica doutrinal cara á inactividade do lexislador e pola reapertura do debate acerca da conveniencia do monopolio estatal na actividade radiotelevisiva de escala nacional, este sométese novamente ó xuízo do máximo intérprete constitucional.

De novo, en efecto, presentouse ante a Corte a cuestión da constitucionalidade da reserva ó Estado dos servicios de radiotelevisión de ámbito nacional. Nesta ocasión, non obstante, non só se puñan en tea de xuízo por parte dos recorrentes os argumentos técnicos de limitación do número de frecuencias dispoñibles no ámbito do éter, os cales considerában superados por mor dos avances tecnolóxicos, senón que, ademais, se alegaba que tampouco resultaban aceptables as teses xustificativas do monopolio baseándose no elevado custo de instalación e xestión dos servicios. Por iso, ó non subsistir estes elementos, sustento da anterior doutrina da Corte en prol do mantemento e da lexitimidade constitucional do monopolio estatal, xa non cabería segundo o seu criterio afirmar que a súa supresión levaría potencialmente aparelhada a existencia dun perigo de instauración de monopolios ou oligopolios privados.

Ante estes argumentos dos recorrentes, a Corte optou por relegar a un claro segundo plano as xa obsoletas cuestións técnicas de limitación de canles dispoñibles, outorgándolle no seu lugar unha clara prevalencia ós razoamentos socioeconómicos no tocante á xustificación do mantemento do monopolio sobre as actividades radiotelevisivas a nivel estatal. Nas propias palabras do intérprete constitucional,

«o servicio público esencial de radioteletransmisión, a escala nacional, de preeminente interese xeral, pódelle ser reservado ó Estado en vista do fin da súa utilidade xeral, constituído pola necesidade de evita-la concentración da emisión radiotelevisiva en monopolio ou oligopolio privado. Necesidade, polo demais, que non xorde só en relación coa maior ou menor dispoñibilidade de frecuencias de transmisión, senón que atende tamén á natureza do fenómeno da radioteletransmisión visto no contexto socioeconómico dentro do que está destinado a desenvolverse».

Como vemos, a diferenza da doutrina de anteriores decisións, o marco económico no que se desenvolve a actividade radiotelevisiva deslígase do meramente técnico, e non aparece xa de modo un tanto colateral a outras cuestións, senón acadando un indubidable protagonismo. Conságrase aquí, máis ben, a complementariedade de argumentacións técnicas acordes cos avances existentes no momento de dictarse a sentenza con respecto a eses razoamentos verdadeiramente nucleares de

<sup>25</sup> Vid. Giurisprudenza Costituzionale. N<sup>o</sup> XXVI. Vol. I. 1981. Páxs. 1379 a 1410.

índole socioeconómica. Neste sentido, a Corte enfatiza a necesidade de tomar en consideración o feito de que «unha serie de factores de orde económica, coa utilización do progreso da tecnoloxía, fai permanecer o risco de concentración oligopolista a través do instrumento da interconexión e dos outros ben coñecidos medios de enlace de varios tipos hoxe existentes para a transmisión televisiva»<sup>26</sup>.

O primeiro sinal de alarma por parte da Corte Constitucional ante a inactividade do lexislador aparece nesta sentenza de 1981, na que tal dato se converte nun importante sustento da decisión de mantemento do monopolo. Recórdase, nesta liña, que para evita-los citados riscos de concentración, a Sentencia n. 202 de 1976, ó reconece-lo dereito de iniciativa privada nas transmisións vía éter de ámbito local, tiña ó lexislador instado á regulación do seu exercicio co fin de evita-las disfuncións co conexo servizo público esencial e de interese xeral constituído pola difusión radiotelevisiva vía éter a escala nacional. Pretendíase, en definitiva, lograr unha equilibrada coexistencia entre servizo público e iniciativa privada en materia radiotelevisiva.

A inactividade lexislativa ante tales requirimentos conduciu á Corte á conclusión de que o aumento de frecuencias dispoñibles e a diminución dos custos de instalación e xestión non eran elementos suficientes para excluír-lo perigo de formación de oligopolios privados: se ben tales elementos convertían ó pluralismo nunha meta viable no ámbito local, non parecía, polo contrario, que a través da desaparición do monopolo público o pluralismo informativo se convertese en efectivo a nivel estatal, debido a que os aínda altos custos implicarían a preeminencia dun suxeito ou grupo privado en detrimento da liberdade dos demais suxeitos e grupos. Conclusións que encontraron unha oportuna xustificación na situación lexislativa existente a principios dos oitenta:

«A diversas conclusións podería eventualmente chegarse se o lexislador, afrontando de modo completo e profundo o problema da regulamentación da televisión privada, dispuxese un sistema de garantías eficaz co fin de obstaculizar de maneira efectiva a realización de concentracións monopolísticas e oligopolistas non só no ámbito da conexión entre varios emitenes, senón tamén naquel de unión trala empresa operante en varios sectores da información, incluso a publicitaria».

<sup>26</sup> En relación coa interconexión, a Corte non evitou deixar claro –aínda que de pouco lle serviu ó final, como ben se sabe– que a realizada entre as estacións de emisión operantes no ámbito local, coa finalidade de estende-la emisión a todo o territorio nacional, transgride o límite da liberalización definido na Sentencia n. 202 de 1976. Co fin de evita-la, o alto intérprete constitucional demandou a urxente intervención do lexislador neste campo.

Con base nestas consideracións, a Corte desestimou a violación dos artigos 21 –liberdade de expresión– e 43 –posibilidade de reserva estatal de servicios públicos esenciais– da Constitución a través do monopolio estatal subsistente en sede televisiva. A Corte tampouco estimou a invocación polos recorrentes da posible violación do artigo 3 do texto constitucional –igualdade ante a lei– a través da publicación dos servicios radiotelevisivos de ámbito estatal, ó considerar inadmisíbel a asimilación entre a situación da empresa concesionaria do servicio público e a do emprendedor privado.

A novidade doutrinal da sentenza de 1981 radica, en definitiva, na variación que se produce en canto ó elemento sobre o que se sustenta de maneira principal a lexitimidade constitucional do mantemento do monopolio estatal nas transmisións radiotelevisivas de ámbito nacional. O elemento socioeconómico, que en decisións anteriores tiña sido esgrimido un tanto colateralmente, a modo de apoio ó argumento técnico da limitación do número de frecuencias, pasa agora a ocupar un destacado primeiro plano, inverténdose os papeis. E todo isto, como se acaba de expoñer, destacando un dato que comeza a cobrar unha triste relevancia: a pasividade do lexislador ante as reclamacións normativas do alto intérprete constitucional.

Este protagonismo do elemento socioeconómico reitérase na Sentencia n. 826 do 14 de xullo de 1988<sup>27</sup>. Ó igual que na decisión que acabamos de estudar, trátase, neste caso, de examinala constitucionalidade dun grupo de normas reguladoras das transmisións radiotelevisivas a escala nacional<sup>28</sup>. O aludido protagonismo do argumento socioeconómico acompáñase aquí por outros dous elementos que, aínda que non aparecen por vez primeira, si xogan agora un papel moi destacado: por unha parte, a amarga censura da inactividade do lexislador; pola outra, a clara designación do principio de pluralismo como orientador da doutrina da Corte en materia radiotelevisiva. As referencias á Sentencia n. 148 do 28 de xullo de 1981 son aquí constantes, ó tratarse, máis que de

<sup>27</sup> Vid. Giurisprudenza Costituzionale. N.º XXXIII. Vol. 2-2. 1988. Páxs. 3.893 a 3.961.

<sup>28</sup> Así, dúas das ordenanzas de remisión que dan lugar a esta sentenza dubidan sobre a adecuación ós artigos 21.1, 41.1, 9, 33 e 34 da Constitución, da reserva ó Estado da radioteledifusión de ámbito nacional, resultante do disposto polos artigos 1, 183 e 195 do d.P.R. do 29 de marzo de 1973 (modificados polo artigo 45 da Lei n. 103 de 1975), 2 da Lei n. 693 do 10 de decembro de 1975, e 1 e 2 da Lei n. 103 do 14 de abril de 1975. Pola súa parte, nas outras dúas ordenanzas preséntase a constitucionalidade das disposicións dos artigos 2, 3 e 4.3-bis da Lei n. 10 do 4 de febreiro de 1975, na parte na que consinten para o futuro e declaran non punible cara ó pasado a actividade privada de transmisión no ámbito nacional, ou en todo caso supralocal, por violación dos artigos 21, 3 e 41 da Constitución.

incorporar novidades á doutrina constitucional sobre os medios audiovisuais, de actualizar argumentos, de outorgarlles un renovado protagonismo. Hai que destacar, neste sentido, a especial dureza coa que se critica nesta sentenza de 1988 a pasividade do poder lexislativo, especialmente polo que fai referencia á insuficiencia da normativa dirixida a evita-la formación de monopolios ou oligopolios privados que poñan en perigo o mantemento do necesario pluralismo, principio basilar do sistema radiotelevisivo. Recordamos a Corte, nesta liña, que na súa Sentencia n. 148 de 1981 se presentara a posibilidade do abandono da reserva estatal para as transmisións a escala nacional, esixindo en todo caso como condición indispensable para levar a termo tal posibilidade, a predisposición por parte do lexislador dun sistema de garantías baseado na preservación do pluralismo, auténtico epicentro do sistema. Faise así mesmo referencia ó caótico panorama que esa pereza do poder lexislativo provocou ó non disciplina-la actividade das transmisións vía éter no ámbito local, que se caracteriza pola falta de harmonía entre o exercicio desta actividade e as esixencias do servizo público nacional<sup>29</sup>.

En relación con estas consideracións –ou, mellor, en prístino desacordo con elas–, tense que destacar que un dos argumentos nos que os que a parte recorrente se apoiou para soste-la inconstitucionalidade da reserva ó Estado da radioteleedifusión de ámbito nacional foi que, ó seu entender, a evolución posterior á Sentencia n. 148 de 1981 desmentiu os prognósticos que alí se formularon sobre o risco dun monopolio privado da información ou, en calquera caso, de concentracións oligopolistas, o cal determinaría a incompatibilidade da reserva ó Estado co artigo 21 da Constitución. A Corte, sen embargo, non aceptou tal argumento, e destacou, ademais, que a avaliación do *statu quo* do ano 1988 demostraba polo miúdo que o risco de formación dun oligopolio se transformara nunha realidade<sup>30</sup>. De todo isto derivaba, segundo o intérprete constitucional, a inadecuación da normativa daquela vixente<sup>31</sup> ós requisitos esixidos na

<sup>29</sup> Especificamente, facíase referencia ó emprego abusivo de frecuencias por parte dos emitenes privados, invadindo incluso parcelas do espectro radioeléctrico reservadas a outro tipo de utilizacións. Neste sentido, a Corte concretou certos parámetros que deberían rexir a necesaria intervención do lexislador, de entre os que destacaban a necesidade de establecer criterios obxectivos para o reparto de frecuencias, a realización dos controis oportunos, a coordinación e compatibilidade recíproca entre as emisións privadas e as públicas e o resto das actividades de radioteleedifusión, e o aseguramento do respecto ás obrigacións internacionais.

<sup>30</sup> Repásase neste sentido a doutrina emanada na sentenza de 1981 no sentido de que non só hai que evita-los acordos entre emitenes, senón tamén entre estes e outras empresas operantes no sector, e entre empresas operantes en varios sectores da información.

<sup>31</sup> Sinaladamente, artigos 3 e 4 da Lei n. 10 do 4 de febreiro de 1985, na que se regulaba a práctica das interconexións entre emitenes, e nos que a incompatibilidade

sentencia de 1981 no tocante a evita-la realización de concentracións económicas no sector radiotelevisivo<sup>32</sup>. A importancia –cualitativa e cuantitativa– do exame nesta decisión das normas internas antitrust, nese momento vixentes, constitúe a mellor mostra do peso indiscutible dos factores de tipo socioeconómico dentro do réxime que para a actividade radiotelevisiva define nas súas liñas básicas a Corte italiana.

Por outra parte, resulta destacable e novidosa nesta sentenza a diferenciación establecida entre os roles que os sectores público e privado estaban chamados a cumprir na actividade radiotelevisiva. Ante a alegación polos recorrentes de que o pluralismo sería efectivo pola competencia concorrencial non só entre as redes privadas, senón entre estas e a rede de servizo público, o órgano considerou que tal solución podería xerar unha confusión dos roles que tiñan que cumprir ambos tipos de operadores, que xa foran delimitados en anteriores decisións da propia Corte<sup>33</sup>.

## 6. O monopolio estatal sobre as transmisións radiotelevisivas vía éter cara ó estranxeiro

Deixamos para o final o relativo ó réxime aplicable ás transmisións vía éter cara ó exterior. A propia natureza da actividade, que determina a necesaria toma en consideración de referentes xurídicos en boa medida distintos dos que ata agora se teñen manexado, parece demandar unha análise illada.

---

co artigo 21 da Constitución era sostida por unha parte dos recorrentes por non considerarllos o suficientemente operativos para evita-lo perigo das concentracións.

<sup>32</sup> O órgano concluíu que a normativa impugnada non seguía as indicacións da sentenza de 1981, que definía unha disciplina parcial e limitada no tempo, claramente destinada a ser substituída por outra lei reordenadora de todo o sector, que de dilatarse na súa aprobación máis alá dun lapso de tempo razoable xustificaría unha valoración diferente en canto á lexitimidade constitucional da normativa que nese momento se sometía a xuízo. A constitucionalidade da norma subordinouse, pois, a que o carácter provisional que presentaba non se convertese en definitivo. A Corte non obviou defini-las liñas esenciais que terían que presidir esa nova normativa: debería de conter límites e cautelas dirixidos a impedi-la formación de posicións dominantes lesivas do valor do pluralismo; ademais, sinalábase que a eficacia dunha disciplina de tal tipo presupuña a introducción dun alto grao de transparencia da propiedade e dos balances, tanto das empresas de información canto das que a elas se atopasen coligadas.

<sup>33</sup> En concreto, a Corte prescribiu que «aparte a diversidade do rol do servizo público radiotelevisivo e da emisión privada, o pluralismo en sede nacional non pode en todo caso considerarse realizado polo concurso entre un polo público e un polo privado que sexa representado por un suxeito único ou que de calquera modo ocupe unha posición dominante no sector privado».



Na Sentencia n. 153 do 13 de maio de 1987<sup>34</sup> examinouse a posibilidade de liberalización da parcela de actividade aludida. Concretamente, xulgouse nese caso a constitucionalidade das normas que lle reservaban ó Estado, en réxime de monopolio, este tipo de transmisión directa<sup>35</sup>.

A Corte parte da premisa de que as emisións cara ó exterior non poden ser asimiladas ás de ámbito local ou estatal, aínda que por virtude das normas internacionais que na materia vinculan a Italia o Estado é competente para configura-la disciplina interna da actividade de acordo cos seus principios constitucionais, e vese exclusivamente obrigado a respecta-las obrigas especificamente previstas nos acordos dos que é parte. A partir destes datos, o alto intérprete constitucional conclúe a inadmisibilidade da pretensión de ilexitimidade constitucional (por referencia ós artigos 10.1 da Constitución e 10.1 do Convenio para a salvagarda dos dereitos do home e das liberdades fundamentais) dos artigos 1 e 2 da Lei do 14 de abril de 1975, na parte que lle reservaba ó Estado a transmisión vía éter cara ó estranxeiro. Por outra parte, o órgano fíxose eco dunha específica esixencia de garantía en sede de transmisións cara ó estranxeiro: a necesidade de evitar turbacións a terceiros países derivadas do contido de certo tipo de transmisións, cuestión que viría a impoñer unha especial dilixencia no exercicio da actividade<sup>36</sup>.

A opción por un determinado réxime xurídico tería que ter en conta, pois, estes condicionamentos. A este respecto, a conclusión da Corte foi clara: «a solución non pasa necesaria nin exclusivamente pola adopción do monopolio público con réxime concesional, nin polo recoñecemento dun dereito subxectivo de transmisión exercitable trala obtención da correspondente licenza subordinada ó cumprimento de meros requisitos técnicos». O argumento serviulle ó intérprete para declara-la ilexitimidade constitucional, por referencia ós artigos 21, 41 e 43 do texto fundamental, do artigo 2.1 da Lei do 14 de abril de 1975, en tanto non se prevía que a difusión de programas cara ó estranxeiro puidese ser efectuada ó abeiro dun réxime de autorizacións, figura cunha adopción que se lle recomendaba nesta decisión ó lexislador, se ben referíndose a unha modalidade autorizatoria non exclusivamente limitada ó exame do cumprimento de certos requisitos de carácter técnico, senón capaz de aco-


<sup>34</sup> Vid. Giurisprudenza Costituzionale. N° XXXII. Vol. I. 1987. Páxs. 1.141 a 1.165.

<sup>35</sup> En concreto, os artigos 1.1, 2.1, e 45 da Lei n. 3 do 14 de abril de 1975, por contraste cos artigos 3, 21, 41, 43 e 10.1 da Constitución, e 10.1 da convención para a salvagarda dos dereitos do home e as liberdades fundamentais.

<sup>36</sup> A toma en consideración desta específica esixencia non implicaría que non se tivese en conta o principio de pluralismo, considerado pola Corte como o primeiro requisito que se debe garantir en materia de radio e teledifusión.



meter unha valoración da oportunidade do exercicio da actividade e, no seu caso, da súa conseguinte revogación.

Neste sector da actividade radiotelevisiva os datos fundamentais que cómpre ter en conta van ser, polo tanto e a xuízo da Corte, o respecto ás normas internacionais que vinculan ó Estado e a necesidade de non interferencia na actividade de terceiros países. Aínda que se conclúe, a partir destas premisas, a lexitimidade da reserva estatal da actividade, a idea-forza que inspira esa doutrina é a viabilidade de diferentes opcións de política lexislativa, sempre que se respecten esas dúas condicións de exercicio da actividade que se configuran como verdadeiramente básicas. 





XURISPRUDENCIA



## LICENCIAS INTERADMINISTRATIVAS *VERSUS* «COMPETENCIA PARA URBANÍSTICA»: A PROPÓSITO DO VIXENTE ART. 244.2 DO TRLS DE 1992

Almudena Fernández Carballal

Profesora axudante de dereito administrativo  
Universidade da Coruña

«Cuando razones de urgencia o excepcional interés público lo exijan, el Ministro competente por razón de la materia podrá acordar la remisión al Ayuntamiento correspondiente del proyecto de que se trate, para que en el plazo de un mes notifique la conformidad o disconformidad del mismo con el planeamiento urbanístico en vigor. En caso de disconformidad, el expediente se remitirá por el Departamento interesado al Ministro de Obras Públicas y Transportes, quien lo elevará al Consejo de Ministros, previo informe sucesivo del órgano competente de la Comunidad Autónoma, que se deberá emitir en el plazo de un mes, y de la Comisión Central del Territorio y Urbanismo. El Consejo de Ministro decidirá si procede ejecutar el proyecto, y en este caso, ordenará la iniciación del procedimiento de modificación o revisión del planeamiento, conforme a la tramitación establecida en la legislación urbanística».

A Comisión Central do Territorio e Urbanismo debe entenderse extinguida unha vez derogada a disposición adicional sétima do TRLS de 1992 pola Lei 6/1998 do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (en adiante, LRSV). O Ministerio de Obras Públicas e Transportes hoxe actúa baixo a carteira de Fomento, pero a norma excepcional do precepto transcrito -número 244.2 do TRLS de 1992- continúa vixente no noso ordenamento xurídico a nivel de lexislación xeral de carácter pleno<sup>1</sup>.

<sup>1</sup> Vid. Disposición derogatoria única da LRSV.

Aínda que o marco da regulación urbanística preconstitucional (arts. 57.2 e 180.2 TR de 1976) e dende unha perspectiva material, o carácter concorrente da competencia nesta materia non ofrecía ningunha dúbida, de acordo co bloque constitucional e no ordenamento urbanístico vixente, a norma excepcional que prevé o art. 244.2 TRLS 1992 –fiel copia do art. 180.2 TR 1976– non pode interpretarse coma a atribución en exclusiva ós órganos estatais duns poderes extraordinarios.

Se na *mens legis* fluía a idea de lograr unha mínima coordinación da acción territorial do Estado e das comunidades autónomas, coa previsión desta norma tense logrado o contrario. A ruptura do planeamento territorial que, caso por caso, e en función da actividade estatal realizada, implica este precepto, nega toda acción coordinadora que, sobre este ámbito material pretenda levarse a cabo.

Uns poderes extraordinarios consistentes na facultade de acordar por razóns de «urxencia ou excepcional interese público» a execución de proxectos de obras estatais ou autonómicas que sexan desconformes co planeamento urbanístico vixente, coa posibilidade de ordenar, no seu caso, a súa oportuna modificación ou revisión, que teñen sido utilizados, na práctica, de forma abusiva para a realización de obras non amparadas, en principio, polo citado precepto.

Como se poderá concluír, o art. 244.2 TRLS 1992 non se refire a unha clase de obras determinadas, senón a unha especial situación potencialmente apta para chegar a xustificar a realización de tales obras.

Non obstante, resulta oportuno advertir, que aquela ampla utilización foi motivada pola declaración de validez –STC 56/1986, en relación coa execución de obras de acuartelamento e aduanas– do mecanismo previsto no art. 180.2 TR de 1976 en tanto non se arbitrasen medidas ou mecanismos eficaces de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas para o desenvolvemento das súas respectivas competencias. O Estado podería levar a cabo usos concretos e illados do solo, xustificados por motivos de urxencia ou excepcional interese, incluso en contradición co réxime urbanístico xeral<sup>2</sup>.

O requirimento da Administración do Estado ó concello afectado *ex art. 180.2 TR* para que no prazo dun mes mostrase a súa conformidade ou desconformidade implicaba, na súa interpretación xurisprudencial, un acto equivalente á solicitude de licencia, sen prexuízo das especialidades que a dita norma prevía<sup>3</sup>.

<sup>2</sup> Vid. SS,TS 3.III.1986 (Ar. 2305); 18.V.1987 (Ar. 5525); 16.II.1988 (Ar. 1174); 24.IV.1992 (Ar. 3989) e 29.II.1996 (Ar. 1416).

<sup>3</sup> Vid. SS,TS 28.IX.1983 (Ar. 4662); 18.XII.1984 (Ar. 6694); 16.II.1988 (Ar. 1174) e 1.III.1989 (Ar. 1711).



O seu corolario art.244.2 TRLS 1992 veu empregarse da mesma maneira polas comunidades autónomas, ó estableceren, en supostos xustificadas, a posibilidade de exercer competencias distintas á urbanística por parte dos distintos departamentos ou consellerías autonómicas, e excepciónando a aplicación do réxime urbanístico previsto nas súas propias leis en relación coa preceptiva licenzia municipal para levar a cabo calquera acto de edificación e uso do solo (art. 242.1 TRLS 1992, precepto hoxe vixente).

A inesixibilidade de licenzia urbanística que se invocaba nestes supostos trataba de xustificarse baseándose en que determinadas obras de marcado interese xeral escapaban ó concepto de «ordenación urbanística», e incluíanse na figura da «ordenación do territorio<sup>4</sup>». Un argumento que será empregado polo TS, previo ó Estado autonómico, para xustificala construción de grandes obras da Administración do Estado que, por un lado, non podían ser cualificadas como «actividade puramente urbanística no sentido estrito deste termo» e, por outro lado, ó exceder das que o art. 180.2 TR de 1976 contemplaba, non requirían previa licenzia municipal.

Pero como se verá, unha cousa é que a planificación urbanística e a ordenación do territorio, dende un punto de vista conceptual, sexan susceptibles de certa distinción entre si, e outra moi distinta é a pretensión de distorsionar ámbolos conceptos ata o extremo de opoñelos.

Dende as súas sentencias de 3. XII.1982 e de 28 de maio de 1986 –ptes. don J. M. Ruíz-Jarabo Ferrán e don J. I. Jiménez Hernández–, en relación coa construción dun porto e dunha autoestrada, respectivamente, o TS ten sido constante na súa doutrina. A construción, conservación e explotación en réxime de peaxe dunha autoestrada e a realización de obras nas súas áreas de mantemento, a reparación de obras hidráulicas, as de construción dun porto, dun embalse ou dun aeroporto, obras para o desenvolvemento de actividades relacionadas con instalacións nucleares, a edificación de cuarteis ou comisaría de policía, son algúns exemplos en particular e, en xeral, en materia de obras públicas de interese xeral *ex art.* 149.1.24<sup>a</sup> CE<sup>5</sup>.

Pero o que se trata de xustificar neste comentario –esgotada a xurisprudencia do TC e do TS sobre os citados preceptos ata o momento en

<sup>4</sup> Obras que «pola súa natureza, alcance e extensión sobrepasan a materia estricta do urbanismo local»: *vid.*, por todas, SS.TS 31.X.1984 (Ar. 5737) e 7.XI.1998 (Ar. 9594).

<sup>5</sup> *Vid.* Ar. 7774 e 4471. *Cfr.* SS.TS 19.I.1987 (Ar. 425); 6.V.1987 (Ar. 5230); 30.XI.1987 (Ar. 9332); 25.I.1988 (Ar. 23)4.III.1990 (Ar. 3583) 25.II.1992 (Ar. 2975); 28.XII.1993 (Ar. 9841); 11.X.1994 (Ar. 7810); 25.XI.1998 (Ar. 8610) e 24.XII.2001 (Ar. 1490).

que se escribe- é como, vixente hoxe o art. 244.2 TRLS 1992 [P] e na súa correcta interpretación conforme ó marco constitucional, non se deriva ningunha acción coordinadora aínda que o TS definise nalgunha ocasión as licencias do art. 180 como «licencias interadministrativas», encadrando o citado precepto no seo das relacións interadministrativas<sup>6</sup>.

Unha interpretación literal da LRSV poderíanos levar a entender que existe unha clara finalidade coordinadora. A competencia estatal que prevé o art. 244.2 TRLS 1992 refórzase coa técnica do informe vinculante cando aparezan afectados os intereses da defensa nacional que establece a disposición adicional primeira da citada lei.

Sen embargo, a súa interpretación constitucional obriga a entender que, ante o que realmente estamos, é un suposto e concorrencia competencial entre distintas instancias territoriais que hai que resolver en función dos seus respectivos intereses xerais que, directamente implicados na ordenación territorial dun concreto espacio físico, sirvan de soporte ó seu exercicio.

O TC, na súa sentenza 61/1997 foi rotundo neste sentido en relación coas normas de aplicación plenas previstas no TRLS de 1992 [FJ 12, b)]: «habrá de estarse, sin fijar cuál sea el sentido y alcance que el legislador ha querido atribuir (...) a lo establecido en el orden constitucional de competencias».

En materia de urbanismo, non constitúe título válido o do interese xeral para fundamenta-la competencia estatal. Na medida en que o exercicio lexítimo de toda competencia depende estrictamente do soporte proporcionado polo dito interese -do que, á súa vez, toda competencia é función- a concorrencia de diversos intereses públicos imputables a colectividade territoriais distintas demanda, necesariamente, a intervención simultánea de tódalas competencias que sexan manifestación organizativa e versión xurídica de tales intereses.

Así, unha vez que o contido da dita norma se teña «desdoblado» -diría T. R. Fernández- é imposible entender que a potestade que esta lle atribúe ó Consello de Ministros encerre unha función coordinadora. Se con esta finalidade se exercera para autorizar actuacións contrarias á ordenación territorial e urbanística, o que o dito órgano estaría facendo sería, en palabras de Menéndez Rexach, «coordinar descoordinando, más próximo al conflicto que a una auténtica coordinación».

O que non significa, dende a asunción estatutaria da competencia en materia de ordenación do territorio e urbanismo *ex art. 148.1.3ª CE*, que tódalas competencias, incluída a excepcional do art. 244.2 TRLS de 1992, teñan sufrido o transvasamento Estado-comunidades autónomas. A asunción autonómica non é tan exhaustiva como para excluír toda

<sup>6</sup> Vid. STS 9.II.1987 (Ar. 2912).

posibilidade, incluso en casos excepcionais, nos que o Estado poida exercer aquelas competencias de contido distinto da urbanística que requirán para o seu exercicio unha proxección en territorio autonómico.

O Estado, ó non poder verse privado das súas competencias exclusivas (art. 149.1 CE) pola existencia doutra competencia así mesmo configurada como exclusiva dunha comunidade autónoma –isto é, en réxime de concorrencia, propio do urbanismo español– poderá exercer-las facultades excepcionais que reconece o art. 244.2 cando o faga en uso dunha competencia exclusiva a el atribuída, despois da xustificación dos presupostos de «urxencia ou excepcional interese público» que lexitiman a utilización deste réxime especial<sup>7</sup>.

O que regula esta norma nin é unha competencia exclusiva estatal (baixo a vixencia do 180 TR de 1976) nin tampouco unha competencia exclusiva autonómica (art. 244.2 TRLS 1992). Trátase dunha competencia para a defensa da orde pública e non propiamente unha norma urbanística, aínda que teña efecto reflexo nesta orde, tese de García Trevijano, que acabou sentando xurisprudencia na doutrina do noso alto tribunal.

Así, atribuída a competencia para a defensa da orde pública ó Ministerio do Interior e correspondéndolle ó Estado a competencia de orde pública estatal, a competencia de orde pública autonómica corresponderalles sempre e cando concorran «razóns de urxencia ou excepcional interese público» debidamente xustificadas que obriguen a prescindir da preceptiva licenzia municipal que esixe o art. 242.1 TRLS de 1992 –e art. 8 RDU–, pola simple razón de que a obra proxectada non se axusta ó ordenamento urbanístico vixente.

Só será lexítima a utilización polo Estado da facultade extraordinaria que prevé o art. 244.2 TRLS 1992 no exercicio dalgunha das competencias que a Constitución lle ten reservado con carácter exclusivo. Ou o que é o mesmo, cando a urxencia ou excepcional interese público do acto de uso do solo se produce no ámbito dos intereses do Estado<sup>8</sup>. Con base en tales motivos, o Estado poderá intervir nunha competencia exclusiva autonómica a través dunha serie de medidas que, sen poder substituír máis que no indispensable a intervención das autoridades competentes ou a axuden ou complementen, deberán ser proporcionadas na súa forma e duración á situación de urxente necesidade<sup>9</sup>.

Sálvase así a hipotética contradicción antes apuntada. Porque o art. 244.2 non alude a un tipo específico de obras, senón ó concepto xurídico

<sup>7</sup> Vid. SS.TS 18.XII.1984 (Ar. 6694); 10.XI.1986 (Ar. 7826); 18.V.1987 (Ar. 5525) e 18.IX. 1990 (Ar. 7094).

<sup>8</sup> Vid. SS.TC 56/1986, do 13 de maio (FJ 1); 13/1998, do 22 de xaneiro (voto particular, 2.II).

<sup>9</sup> Vid. STC 33/1982, do 8 de xuño (FJ 3).

indeterminado de «razóns de urxencia ou excepcional interese público» que incorpora o halo de dificultade propio destes conceptos. Na súa aplicación non xoga a vontade do aplicador. A apreciación discrecional da súa concorrencia deberá consistir nun xuízo de comprensión dunhas circunstancias reais que, non poderá ser de ningunha maneira restrictiva, pese á excepcionalidade dos supostos do seu exercicio «se non acomodada á comprensión do suposto do feito na norma que fixo posible algo a pesar de facelo posible só en casos concretos»<sup>10</sup>.

A «urxencia» ou «excepcional interese público» ó que se refire o precepto supón unha referencia legal a unha esfera da realidade cuns límites que non se deixan ben precisados no seu enunciado pero que intentan delimitar un suposto concreto, que ten unha aplicación que é un caso de aplicación da lei que trata de subsumir nunha categoría legal unhas circunstancias legais determinadas.

Agora ben, convén precisar que a «concatenación legalmente expresada de razóns de urxencia ou interese público é de índole disxuntiva e non copulativa, como o expresa a conxunción «ou», é dicir, abonda coa concorrencia dunha desas dúas circunstancias para entenderse cumprida esa esixencia legal»<sup>11</sup>.

É o concepto de «interese» (arts. 137, 139, 150.3 y 155 CE), o que define, en cada caso, o ámbito de actuación de cada administración pública, sen que se poida interpretar no sentido de corresponderlle ó Estado a xestión do «interese xeral» en contraposición cos «intereses respectivos», pero tamén «xerais» das comunidades autónomas.

O TC mantivo este criterio de forma constante en orde a evita-lo enfrontamento conceptual que suporía a atribución ó Estado, como titular exclusivo, do interese xeral. Dende a súa Sentencia 4/1981, do 2 de febreiro, tense recoñecido, explicitamente, a existencia de varios intereses xerais e, polo tanto, de forma implícita, que tamén son xerais os intereses da Comunidade<sup>12</sup>.

A potestade excepcional que prevé o art. 244.2 TRLS 1992 corresponderlle ó Estado ou á comunidade autónoma en función do interese prevalecte en cada caso que, en canto recoñecido legalmente como propio, lexitimarará o exercicio das competencias que, estas entidades, teñen atribuídas legalmente como propias<sup>13</sup>.

O seu carácter instrumental maniféstase en que a súa atribución subxectiva non estará en función da natureza ou cualificación da obra que

<sup>10</sup> STS 5.VI.1995 (Ar. 4973).

<sup>11</sup> STS 26.XII.2001 (Ar. 1492).

<sup>12</sup> Vid. SS.TC 4/1981, do 2 de febreiro (FJ 3) e 27/1987, do 27 de febreiro (FJ 5). Cfr. STS 25.II.1992 (Ar. 2974).

<sup>13</sup> Vid. STC 13/1998, do 22 de xaneiro (V.P.III.1 e 2).

se pretende realizar, senón en atención á realización dos fins ós que ten que servi-lo proxecto que se trata de realizar e cando as «razóns de urxencia e excepción ó interese público» xustifiquen a imposibilidade de obte-la licenza urbanística en relación cunhas obras que, ó seren des-conformes coa ordenación urbanística aplicable, impídenlle ó concello outorga-la súa autorización<sup>14</sup>.

Incluso se podería configurar á potestade do Estado amparada nesta no art. 244.2 TRLS 1992 como unha competencia «incidental ou tanxencial<sup>15</sup>», ou «por atracción<sup>16</sup>». Unha competencia implícita nos títulos que a Constitución lle atribúe ó Estado de carácter sectorial.

Agora ben, as facultades que o Estado ou as comunidades autónomas poden asumir *ex art.* 244.2 TRLS 1992 non lle é lexítima para realiza-los actos urbanísticos libremente e sen respecta-lo planeamento previsto (art. 9.1 CE) sempre que concorran os presupostos de urxencia e excepcional interese público. Só se poderán afastar del cando tal conformación non sexa posible e a «urxencia» ou o «excepcional interese público», debidamente xustificado e interpretado restrictivamente, esixa proceder por esta vía sen necesidade de respecta-lo planeamento vixente.

A virtualidade de tales circunstancias excepcionais, caracterizadas pola alteración das regras competenciais e procedementais ordinarias xustifica a potestade que este precepto lles atribúe ó Estado e ás comunidades autónomas, sempre e cando exista unha xustificación razoable. Porque se ben o físico é constatable, o non físico debe demostrarse.

Tampouco é aplicable a este suposto a doutrina dos «poderes implícitos» para recoñecerlle ó Estado a competencia exclusiva que, literalmente, podería derivarse do art. 244.2; doutrina difícilmente compatible co sistema de delimitación competencial deseñado polo bloque constitucional<sup>17</sup>.

De acordo co ordenamento urbanístico vixente, poderán facer uso da facultade extraordinaria recoñecida na citada norma o Estado no exercicio das súas competencias sectoriais exclusivas e só no seu exercicio cando xustifique que a súa competencia require para o seu desenvolvemento unha proxección sobre o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, e estas nos demais casos<sup>18</sup>. Pero nin o Estado nin as comuni-

<sup>14</sup> Vid. SS.TS 10.XI.1986 (Ar. 7826) e 25.XI.1998 (Ar. 8610). Cfr. STS 24.XII.2001 (Ar. 1490): «... el mecanismo previsto en el art. 244.2 LS se arbitra con carácter objetivo, en función de la naturaleza de la obra a ejecutar, con independencia de quien sea su titular».

<sup>15</sup> Vid. STC 61/1997, do 20 de marzo (V.P.1).

<sup>16</sup> Vid. STC13/1998, do 22 de xaneiro (V.P.II.3).

<sup>17</sup> Vid. STC 56/1986, do 13 de maio (V.P).

<sup>18</sup> Vid. STC 61/1997, do 20 de marzo (FJ 6).




dades autónomas poderán extralimitarse no exercicio das súas competencias respectivas baixo a cobertura do art. 244.2 TRLS 1992, invadindo a esfera competencial e natural das entidades locais na ordenación urbanística municipal [art. 25.2, d) LBRL].

Trátase, en definitiva, dun problema de articulación dos respectivos ordenamentos estatal e autonómico derivado da concorrencia competencial propia nesta materia, que require, non a eliminación do control preventivo levado a cabo a través das licencias municipais, senón a busca de solucións de cooperación co obxecto de coordina-las distintas competencias que inciden no territorio.

Incluso cabería cuestiona-la defectuosa técnica legislativa que subxace do art. 244.2 TRLS 1992, declarada vixente pola LRSV que, sen embargo, derogou, ponteando a orde de distribución competencial derivada do bloque constitucional, a súa disposición adicional sexta.

En 1971, a un «paso» do noso estado autonómico, o profesor Meilán<sup>19</sup> dicía o que, aquí, no seu desexo de repensa-las institucións, volvo transcribir:

« (...) cuando el territorio se pone en primer lugar se despende más fácilmente a irracionalidad de la distribución de competencias». El acento ha de ponerse sobre «competencias y entes» y no sobre «funciones y territorio». Porque lo que, realmente, importa no es tanto «defender la exclusividad de las competencias de unos entes como lograr el más eficaz desarrollo de unas funciones en un territorio».

E neste sentido, existía a necesidade de determina-lo *quantum* e o modo en que os distintos órganos locais, autonómicos e estatais participan no suposto extraordinario que prevé o art. 244.2 TRSLS 1992, norma de aplicación plena en todo o territorio nacional. 

<sup>19</sup> Cfr. MEILÁN GIL, J. L.: *El territorio, protagonista del desarrollo*, Ed. Consejo Superior de las Cámaras de Comercio, Industria y Navegación, Madrid, 1971, pp. 58 e ss.





**CRÓNICA  
PARLAMENTARIA**



# NOVAS REGRAS DO XOGO NA PROCURA DA CENTRALIDADE POLÍTICA NA CÂMARA GALEGA

**Xosé Antonio Sarmiento Méndez**

Ltrado da Comisión para o estudo da situación  
dos emigrantes do Parlamento de Galicia.  
Profesor de dereito constitucional da Universidade de Vigo

## 1. As preguntas parlamentarias dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia

Na historia do legislativo autonómico resulta descoñecida a institución existente no dereito parlamentario comparado das preguntas dirixidas ó presidente do Executivo. Trátase dunha vía de control político moi importante tanto nos modelos parlamentarios continentais coma naqueles que seguen o modelo Westminster<sup>1</sup>.

### Fontes de regulación

A exposición de motivos das normas supletorias do artigo 155 do Regulamento do Parlamento de Galicia, aprobadas pola Mesa da Cámara o día 30 de xaneiro do 2002, fala das dúas modalidades posibles para instrumentalas preguntas dirixidas ós presidentes dos executivos autonómi-

<sup>1</sup> Neste sentido subliñase, incluso no caso das cámaras altas no ámbito dos parlamentos bicamerais, a importancia co procedemento para a substanciación da responsabilidade dos membros do Goberno. Así MR. ARTHUR R., Donahoe; «One size does not fit all». *The Parliamentarian*, 2001/ Issue Four LXXXII. Páx. 359 e ss.

cos. Por unha banda, algúns parlamentos modificaron os seus textos regulamentarios mentres que outros desenvolveron acordos parlamentarios puntuais da Mesa e da Xunta de Portavoces para a súa regulación. No caso galego, a Mesa asumiu esta segunda vía de formalización xurídica.

Un primeiro aspecto que convén analizar é no tocante ó procedemento de elaboración normativa do acordo. Recentemente, Olga Bei vén de subliñar-la importancia do procedemento de elaboración das normas no ámbito do parlamento italiano, reflexións que son actuais respecto das disposicións que nos ocupan. Nesta orde de cousas resulta fundamental predefini-los parámetros en torno ós que se procede á delimitación normativa da obriga de responder preguntas ante o Pleno da Cámara por parte do presidente do Executivo<sup>2</sup>.

Dende o punto de vista material, as consecuencias que se derivan desta regulación a través dunha norma supletoria son moi similares ás que produce a modificación regulamentaria. Configúrase para o autor da pregunta unha orde de garantías que se inclúen dentro do ámbito do artigo 23 da Constitución Española e que, como vén de sinalar Giménez Sánchez, a maioría da doutrina entende como protexidas polo ámbito dos pronunciamentos do Tribunal Constitucional a raíz da súa sentenza 161/1988<sup>3</sup>.

## Suxeitos

No tocante ós suxeitos activos das preguntas, a norma primeira establece que poden ser de dúas clases. En primeiro lugar, os deputados individualmente considerados poden formula-las preguntas dirixidas ó presidente da Xunta, se ben atopan un condicionante decisivo: é preciso o previo coñecemento do seu grupo parlamentario. Este requisito presenta problemas similares ós que xera a ausencia da sinatura do portavoz nas emendas individuais dos deputados, presentadas no procedemento lexislativo, e pon de manifesto o desamparo no que queda o deputado que non conta co apoio do seu grupo parlamentario<sup>4</sup>.

<sup>2</sup> Así Olga Bei: « Le strutture ausiliarie dei poteri normativi nello svolgimento dei metodi della legislazione », contido en *Rassegna parlamentare, Rivista trimestrale ISLE*, Luglio/settembre, anno XLIII. Giuffrè edit. Páx. 733 á 757.

<sup>3</sup> Isabel M. Giménez Sánchez no seu traballo « El incumplimiento del Gobierno de la obligación de presentar el proyecto de ley de presupuestos generales. (La prórroga de los presupuestos de la Comunidad Autónoma del País Vasco) ». *Revista Española de Derecho Constitucional*. Ano 21. Núm. 63. Setembro-dicembro 2001. Páx. 187.

<sup>4</sup> Para ilustrar esta situación pode consultarse o traballo de N. Zanon: « I diritti del deputato « senza gruppo parlamentare » in una recente sentenza del Bundesverfassungsgericht », *Giurisprudenza Costituzionale*, núm. 6-1989, 2.ª parte, páx. 1.147-1.187.

O segundo suxeito que pode presentar estas preguntas parlamentarias ante o Pleno é un portavoz de grupo parlamentario. Como sinala G. Pitruzzella<sup>5</sup> atopámonos ante unha regra non escrita, pero asumida na práctica política de tódolas democracias occidentais, pola que o peso do sistema de partidos acaba unhas consecuencias enormes dentro das institucións parlamentarias.

O suxeito pasivo das preguntas é como vimos de referir, o presidente do Goberno galego. A relevancia deste requisito non necesita ser ponderada. O noso sistema, a pesar de cualificarse como parlamentario, denota unha clara prevalencia do presidente do Goberno respecto á Cámara, aspecto que por outra banda non é exclusivo do parlamentarismo galego<sup>6</sup>.

Estas preguntas presentan dúas características fundamentais. En primeiro lugar teñen o carácter de preguntas orais, aínda que a resolución supletoria nada di verbo da súa degradación en escritas, unha vez que finalice o período de sesións. Establécese, pois, un réxime menos privilexiado respecto ás preguntas orais que con carácter xeral regula o artigo 155 do noso Estatuto parlamentario. Igualmente, non se produce a súa obligatoria inclusión na orde do día do Pleno, que se xeraría no suposto de converterse en escritas e non ser contestadas no Pleno.

Por outra banda, a pregunta perfílase cun carácter estritamente persoal, no referido ó destinatario, co que se rompe co principio de substitución previsto no artigo 155.3 do Regulamento, no que se establece que o destinatario das preguntas será a Xunta de Galicia co carácter de órgano colexiado de goberno. Este cambio pode provocar unha presenza importante no Parlamento dos medios de comunicación social, cos conseguíntes efectos ante a opinión pública galega; ademais pode axudar ós medios de comunicación máis modernos a trasladar unha imaxe máis activa da institución parlamentaria tal e como se vén de producir no legislativo italiano recentemente<sup>7</sup>.

<sup>5</sup> Na súa obra *Forme di governo e trasformazioni della política*, Bari, 1996. páx. 233.

<sup>6</sup> Nesta liña pode consultarse o recente traballo de Carlos Vidal Prado: «Il presidenzialismo e il sistema parlamentare di governo in Spagna», recollido no núm. 4 de 2001 anno XLIII da *Rassegna Parlamentare*, páxs. 903 a 923.

<sup>7</sup> Neste sentido pode consultarse o interesante traballo de Enrico Vitiello «La rappresentanza degli interessi a la rete» recollido no núm. 3 do ano 2001 da *Rassegna Parlamentare*, e no que pon de manifesto a importancia dos apartados do Web da Cámara de deputados: «Comma» e «Itinerari».

## Procedemento

Resulta sabido que os procedementos parlamentarios teñen unha mala prensa. Así é habitual atoparlles críticas, facéndoos responsables da imposibilidade de aparición da figura do cidadán activo, cívico e deliberante. Quizais estas críticas sexan aceptables no tocante a algúns dos instrumentos parlamentarios que se manteñen nos esquemas decimonónicos, pero hoxe en día a incorporación de procedementos como o que me ocupa poden servir máis ben para todo o contrario, para superalo que Francisco J. Laporta<sup>8</sup> denomina como «problemas da democracia deliberativa», ou cando menos, ó meu xuízo, para anima-la vida política da Comunidade Autónoma.

### a) *Iniciación.*

A iniciación do procedemento parlamentario das preguntas dirixidas ó presidente da Xunta respecta as regras xerais no referido ós órganos, moi semellantes ás que se conteñen no dereito parlamentario galego común. Así, as preguntas deberán formularse por escrito ante a Mesa do Parlamento e presentaranse no Rexistro da Cámara ata as seis horas antes da reunión da Mesa da Cámara, preparatoria da orde do día do próximo Pleno, pendente de convocatoria. Esta regulación normativa pode ser obxecto de crítica, xa que non delimita coa nitidez cäl das dúas reunións da Mesa debe considerarse como punto de partida do límite temporal das seis horas. Como é ben sabido a Mesa reúne previamente a súa xuntanza coa Xunta de Portavoces, e posteriormente realiza unha reunión para o os efectos de confirma-los acordos acadados conxuntamente con ela. Inclínome a pensar que as seis horas, ás que se refire a Norma segunda reguladora da tramitación das preguntas, deben computarse dende a primeira das reunións da Mesa do Parlamento, que por outra banda, é a única que ten fixada *a priori* a súa celebración con total certeza horaria.

### b) *Admisión a trámite*

A Mesa do Parlamento deberá analizar ata un total de catro requisitos que determinan o contido admisible das preguntas dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia. Deste xeito, a pregunta deberá conter unha formulación sucinta e estricta, aspecto incluíble no que podemos denominar «concepto parlamentario indeterminado», posto que o carácter sucinto e concreto da pregunta pode, en ocasións, ser obxecto de valoracións subxectivas moi distintas entre si.

<sup>8</sup> Así no seu traballo «Los problemas de la democracia deliberativa». Recollido no núm. 109 da revista *Claves de Razón Práctica*. Páxs. 22 a 29.



En segundo lugar, establécese que a pregunta deberá de conter exclusivamente unha soa cuestión. Rómpease así coa práctica cualificadora asentada que permite que as preguntas parlamentarias conteñan dentro da súa formulación unha listaxe, en ocasións case que interminable, de subpreguntas ó Goberno. Queda claro que nas preguntas presentadas ó presidente do Goberno non é posible esquecer esta recua de cuestións puntuais.

En terceiro lugar, o contido da pregunta debe versar sobre unha cuestión de interese xeral para a Comunidade Autónoma ou que sexa actual e de acentuada relevancia política. Esta redacción resulta particularmente desafortunada, posto que o asunto obxecto da pregunta queda perfilado de xeito moi difuso. Parece que se acode de novo ós esquemas de diferenciación entre as interpelacións parlamentarias e as preguntas que tantos problemas cualificatorios teñen provocado ás mesas das cámaras, se ben aquí se introduce o criterio da actualidade como delimitador do contido posible da pregunta.

Por último a norma supletoria terceira sinala a admisibilidade das preguntas se respectan «a estrutura e finalidade previstas no artigo 155.1 do Regulamento». Este requisito obrigará á Mesa do Parlamento a ter presentes os condicionamentos xerais que se veñen aplicando respecto á admisibilidade das preguntas parlamentarias. Entendo que ó dirixirse *intuitu personae* será singularmente relevante analizar se a pregunta resulta de exclusivo interese persoal do que a formula e se respecta o ámbito da intimidade como dereito fundamental<sup>9</sup> das particulares.

A actuación da Mesa do Parlamento pode ser de tres tipos. En primeiro lugar, se a iniciativa cumpre os requisitos citados será admitida a trámite. Polo contrario, se algún deles resulta incumprido, o acordo será de rexeitamento, se ben entendo que sempre deben ser motivos xurídicos e non políticos os que motiven tal acordo, e iso a pesar de opinións recentes como a de Hy Farwell<sup>10</sup> que postulan a necesidade de reforzalo principio da maioría nos órganos parlamentarios fronte ó que entende como unha «defensa tradicionalmente constante» que se vén producindo do principio das minorías.

A derradeira posibilidade que se lle ofrece á Mesa do Parlamento é a de declarar decaídas aquelas preguntas que, unha vez admitidas a trámite,

<sup>9</sup> Non é a primeira ocasión na que, sobre todo con ocasión da utilización de medios informáticos, se suscitan en sede parlamentaria os límites das iniciativas de control no tocante á intimidade das persoas. Para un estudio interesante dos límites do artigo 18 da Constitución e a informática pode consultarse o recente traballo de José Julio Fernández Rodríguez «El correo electrónico y la intimidad» contido no núm. 114 da *Revista Xurídica* Tapia, páxs. 31 e ss.

<sup>10</sup> No seu artigo «Predictions for the Parliamentary future» recollido do *Parliamentary Journal*, Vol. XLI. No. 4, outubro 2000, páxs. 117 a 123.

non foran incluídas na orde do día da correspondente sesión plenaria. Establécese neste caso a obriga de reitera-las preguntas se se pretende a súa inclusión nunha posterior sesión do pleno. Entendo que neste caso é preciso iniciar de novo todo o procedemento co cumprimento estricto de todos e cada un dos requisitos formais e substanciais que veño de comentar.

c) A «Question Time»

No ordenamento parlamentario galego conságrase regulamentariamente, respecto a interpelacións e preguntas, a necesidade de reservar un tempo mínimo semanal por parte do Pleno da Cámara. Como xa apuntei noutro lugar, esta é unha garantía das minorías que considero da maior importancia e, polo tanto, resultaría oportuna a súa consagración estatutaria e a oportuna concordancia deste esquema debería producirse tamén no texto constitucional. Trátase, por outra banda, de algo que Sergio Stamatii demanda de xeito similar para o caso italiano<sup>11</sup>.

As normas para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ó presidente da Xunta establecen catro aspectos distintos no tocante á periodización destes instrumentos parlamentarios. En primeiro lugar, as preguntas deben substanciarse dentro do período ordinario de sesións, co que queda excluída a posibilidade de que estas preguntas sexan suscitadas en época de vacacións parlamentarias ou en supostos de disolución da Cámara (non é imaxinable a súa tramitación ante a Deputación Permanente).

En segundo lugar, as preguntas tramítaranse unha vez ó mes e serán incluídas na orde do día da primeira ou segunda das sesións plenarias quincenais. Esta previsión responde ó esquema do calendario de traballos habitual na Cámara conforme ó que a Mesa e a Xunta de portavoces adoitan reservarlles dúas semanas alternas ó longo do mes ás actividades plenarias e as restantes ós traballos de comisión. Ademais, resulta innovador o mandato que fixa a necesidade da existencia dun punto denominado «preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia». Este punto da orde do día pasou a ser situado na parte final do Pleno, despois das interpelacións, e antes das restantes preguntas dirixidas á Xunta de Galicia como órgano colexiado de goberno.

O terceiro requisito ordena que se inclúa unha pregunta como máximo por grupo parlamentario en cada pleno, o que provoca que o presidente deba contestar dúas preguntas correspondentes a cada un dos grupos da oposición, xa que polo momento o grupo parlamentario que ampara ó Goberno non consume o seu cupo correspondente.

<sup>11</sup> No seu comentario «A proposito di armonia degli statuti regionali con la costituzione» recollido do *Quaderni costituzionali* 2/2001, ed. Il Mulino, páxs. 347-348.

A circunstancia final que completa a fixación das preguntas é a potestade do presidente da Xunta para determinar cäl vai se-la que se inclúa na orde do día do Pleno, entre un máximo de tres, que previamente lle presenta cada grupo parlamentario da Cámara. Este privilexio do presidente do Executivo denota unha vez máis a importancia governamental na fixación da orde do día das sesións do Parlamento, o que resulta algo habitual nos países do noso contorno, como sinala P. Avril para o caso francés<sup>12</sup>.

*d) O debate plenario*

O momento final do procedemento parlamentario das preguntas dirixidas ó presidente da Xunta iníciase coa comunicación do presidente do Parlamento ó presidente da Xunta de Galicia, dentro dos dous días seguintes á súa admisión a trámite da pregunta incluída na orde do día. Resulta chamativa esta regulación, xa que o presidente é coñecedor con carácter previo da pregunta que debe contestar e, polo tanto, limitárase a unha comunicación de carácter simplemente formal, posto que, para os efectos de preparación da resposta, o tempo con que conta o presidente da Xunta é moito maior.

Ordénase tamén a publicación das preguntas con carácter urxente no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para os efectos de cumprilos requisitos xerais de publicidade que no Regulamento se atribúen a esta publicación da Cámara.

A pregunta pode ser aprazada nos mesmos termos previstos no artigo 155, alínea 4 do Regulamento e, polo tanto, é posible por parte do presidente do Executivo a súa solicitude de posposición por unha soa vez.

As intervencións ante o Pleno da Cámara integran obviamente un dos obxectos fundamentais da atención por parte dos medios de comunicación públicos e deberán de ser particularmente ecuánimes no momento de reflectir este relevante debate parlamentario<sup>13</sup>.

Os tempos atribuídos ós intervenientes no debate serán os establecidos na alínea terceira do artigo 155 do Regulamento e, ó meu xuízo, deben posibilita-la confrontación das ideas políticas diverxentes ou

<sup>12</sup> No seu libro «Le régime politique de la V République», 2.ª ed., LGDJ, París 1967, páx. 51.

<sup>13</sup> Coincido con José Julio Fernández Rodríguez no carácter de «poderoso axente ó servizo do poder» ou de «xerador de propias manifestacións de poder» que poden acadalos medios de comunicación social, e por iso entendo de particular interese o respecto ós principios de igualdade de oportunidades para os actores parlamentarios. A referencia ó profesor compostelán está tomada do seu traballo «Comunicación y servizo público (una aproximación interdisciplinar)» *Revista de Estudios Políticos* núm. 114 de 2001, páx. 185.

antagonistas, o que resulta en ocasións dificultado polo limitado dos tempos outorgados<sup>14</sup>.

A orde de intervención dos deputados ou, se é o caso, dos portavoces virá determinada polo número rexistral da iniciativa aínda que se dispón a posible alteración por acordo do Pleno da Cámara. Este acordo debe ser motivado, entendendo que esa motivación pode producirse con carácter político ou xurídico, pero en todo caso deberá producirse coa antelación suficiente para que posibilite a súa comunicación ós portavoces ou deputados autores as preguntas.

*e) Preguntas dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia tramitadas nos plenos do 19 de febreiro e 20 de marzo de 2002.*

—De D. Emilio Pérez Touriño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas para garantir os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade nas relacións entre a Xunta de Galicia e as corporacións locais (doc. núm. 1021).

■ Publicación da iniciativa: BOPG núm. 51, do 16-2-2002.

—De D. Xosé Manuel Beiras Torrado, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a presenza participativa desta Comunidade Autónoma nas institucións de goberno da Unión Europea (doc. núm. 1242).

■ Punto 6.º.- Preguntas dirixidas ó presidente da Xunta de Galicia:

—De D. Emilio Pérez Touriño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego respecto da prevención e efectos dos novos hábitos de consumo de alcohol e drogas entre a xente moza (doc. núm. 1618).

■ Publicación da iniciativa: BOPG núm. 74, do 16-3-2002.

—De D. Xosé Manuel Beiras Torrado, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as relacións entre Galicia e Portugal, singularmente no marco da eurorexión Galicia-Norte de Portugal (doc. núm. 1717).

■ Publicación da iniciativa: BOPG núm. 74, do 16-3-2002.

<sup>14</sup> En parecido sentido maniféstase para o caso francés Messaoud Saoudi no seu traballo «Le temps de parole sur les motions de rejet» contido na *Revue française de droit constitutionnel*, núm 47. 2001 pág. 554.

## 2. A informatización do rexistro da Cámara

Giancarlo Rolla<sup>15</sup> sinala a importancia política dos cambios nas normas de funcionamento das cámaras, chegando a relacionalas coa propia configuración da forma política do Goberno. É neste ámbito de reflexión no que, ó meu xuízo, debemos situar a recente modificación nas regras procedementais internas do Parlamento no tocante ó rexistro da Cámara.

A resolución da Presidencia do Parlamento do 25 de febreiro de 2002<sup>16</sup>, sobre a informatización do rexistro xeral da Cámara suscita unha serie de cuestións de índole xurídico-procedemental moi interesantes.

En primeiro lugar a resolución establece con carácter xeral a informatización do rexistro xeral da Cámara dende o día 1 de marzo de 2002. A consecuencia directa desta declaración é a supresión do libro manual de entrada e saída de documentos. Na práctica este instrumento materializábase en dous libros individualizados que, funcionando de xeito coordinado, contiñan cada un a relación cronolóxica dos documentos que se presentaban na Cámara e dos que se xeraban cara a fóra da institución.

Dende o punto de vista dos operadores xurídico-parlamentarios a principal novidade que supón a informatización do rexistro vén dada pola necesaria presentación das iniciativas respectando dous condicionantes. En primeiro lugar, a iniciativa deberá presentarse «por escrito», o que non deixa de ser certamente paradóxico na súa expresión, xa que a materialización escrita dos documentos xurídicos se produce tanto coa súa plasmación no papel coma co seu reflexo nun soporte informático<sup>17</sup>. Por outra banda, establécese a necesidade de que a presentación do documento se faga de xeito complementario nun soporte magnético que deberá de respectar unha serie de criterios que comentarei a seguir:

### a) A obriga de entrega periódica

O persoal administrativo dos grupos parlamentarios debe cumprir coa entrega no rexistro xeral da Cámara das iniciativas presentadas «ó longo do día», expresión que pode dar lugar a problemas interpretativos, pero que dunha hermenéutica conxunta da Resolución debe enten-

<sup>15</sup> No seu traballo «Riforma dei regolamenti parlamentari ed evoluzione della forma di governo in Italia» contido *Rivista trimestrale di diritto pubblico* núm. 3 ano 2000, páxs. 593 a 621.

<sup>16</sup> Publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia do 15 de marzo de 2002.

<sup>17</sup> Sobre a dificultade de reduci-lo Dereito á súa plasmación escrita é clásico o estudo histórico de Paolo Grossi: *L'ordine giuridico medievale*, Bari 1995, páxs. 154 a 159.



derse referida a tódolos documentos que fosen presentados nos días que abrangan o soporte informático que se vaia presentar.

A nova regulación xurídica presenta, á miña forma de ver, unha eiva importante no tocante ás iniciativas dos deputados que non requiren participación do grupo parlamentario. Neste caso pode producirse unha discordancia entre a relación de asuntos que presenten os responsables administrativos do grupo parlamentario e aquelas iniciativas que non figuren nela por ser de titulariedade individual dos deputados (por exemplo as preguntas).

Parecidos problemas poden suscitarse no caso da creación dun grupo parlamentario mixto, sobre todo cando este grupo non sexa unipartidario, o que obviamente requirirá a coordinación do persoal que asista ós distintos parlamentarios que se inclúan neste grupo residual. Como vén de recordarnos F. Caamaño<sup>18</sup>, a xurisprudencia do Tribunal Constitucional permite que se outorgue un tratamento xuridicamente igual (obriga da presentación informatizada das iniciativas) a suxeitos desiguais (grupos parlamentarios partidarios, grupo parlamentario mixto ou deputados individuais), de tal xeito que o labor interpretativo da resolución que nos ocupa creo que pode solventalos problemas arriba apuntados.

#### *b) O soporte magnético*

Establécense dous requisitos delimitadores do soporte magnético que conteñen as iniciativas. En primeiro lugar, deberá identificar «deixando constancia» o grupo parlamentario. Ademais debe recollese a data de presentación do documento. Entendo que este último termo utilizado na Resolución presidencial se refire á data de presentación de cada unha das iniciativas que consten dentro do soporte informático que periodicamente se debe entregar.

#### *c) Identificación dos documentos contidos*

A estes efectos será indispensable a colaboración co funcionario do rexistro parlamentario que lles deberá asignar un número correlativo de rexistro ós documentos que os grupos presenten con independencia de que o seu «asentamento pleno» no rexistro informatizado, que reside na aplicación informática de xestión parlamentaria, se realice con posterioridade.

---

<sup>18</sup> No seu traballo «Leyes al por mayor, derecho a la diferencia y garantía judicial». Publicado na *Revista Española de Derecho Constitucional*. Ano 20, núm. 60. Setembro-décembro 2000. Páxs. 259 a 288.




#### d) Aspectos temporais

En conformidade cos principios xerais de funcionamento das oficinas administrativas a entrada límite de presentación do soporte informático será a do horario de peche do rexistro da Cámara. Esta previsión resulta decisiva para os efectos de mante-lo principio xeral do dereito tan aplicado supletoriamente na práctica parlamentaria do *prior tempore potior iure*.

Sen dúbida cunha finalidade de economía dispónse que unha vez procesados, isto é introducidos os correspondentes soportes na base de datos do rexistro da Cámara, procederase á súa devolución periódica. Este *modus operandi* non suscita ningún tipo de reparo posto que, a diferenza dos documentos orixinais en papel, as iniciativas presentadas en soporte informático poden ser devoltas ó seu autor sen problemas posteriores verbo do seu contido orixinario.

### 3. A substanciación das proposicións non de lei

Nunha liña coincidente coas reformas analizadas anteriormente, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou modificar un acordo interpretativo xa antigo, do 20 de xuño de 1986<sup>19</sup>, sobre o artigo 161 do Regulamento da Cámara relativo ó contido prazo de inclusión na orde do día e cualificación das emendas presentadas ás proposicións non de lei.

Deste xeito a partir deste inicio da VI Lexislatura a tramitación das proposicións non de lei será moito máis áxil posto que, estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do pleno ou das comisións transcorridos seis, e non dez días dende a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Non temos máis que facer un xuízo favorable verbo desta modificación regulamentaria que, pode posibilitar unha meirande proximidade dos asuntos tramitados na Cámara ás demandas da sociedade galega. 

<sup>19</sup> Publicado no *Boletín Oficial do Parlamento*, núm. 40, do 11 de xullo de 1986.







## XORNADAS SOBRE TENDENCIAS NO XORNALISMO

(EGAI, Santiago de Compostela, 14 e 15 de maio de 2001)

Isabel Castiñeiras Bouzas

Avogada

**D**esde finais dos 80 estamos inmersos na denominada sociedade da información, unha época decisiva na que as novas tecnoloxías determinan ou transforman os sistemas tradicionais da comunicación social. En moi pouco tempo fomos testemuñas de numerosos cambios tecnolóxicos propiciados por distintos factores como, por exemplo: a informatización das tarefas; o desenvolvemento das telecomunicacións; a capacidade de conxugar diferentes medios como textos, fotos, gráficos... (multimedia); e, ademais, a Internet e os novos produtos comunicativos.

A evolución nos ámbitos político e lexislativo, económico, social e cultural; influíu na denominada «sociedade da información», unha época na que as novas tecnoloxías determinan ou transforman os medios tradicionais de comunicación, como consecuencia, en gran medida, da alianza da tecnoloxía informática cos medios e a información. A converxencia dos medios clásicos cos novos sistemas informáticos están transformando o panorama mediático e, con iso, o contexto no que o profesional da información desenvolve as súas actividades.

A converxencia entre novas tecnoloxías e medios de comunicación ofrece, como principal resultado, o desenvolvemento dun modelo comunicativo que, a pesar de tódalas súas imperfeccións, dúbidas e dependencias dunha forma editorial e mediática tradicional, estase levando a cabo en todo o mundo.

Fronte a todo isto, o xornalista do futuro vese abocado a formarse nestes novos ámbitos e a especializarse cada vez máis. Neste sentido, debe asimila-las novas ferramentas de traballo que ten á súa disposición para sacar delas o máximo partido técnico e práctico. Esta cualificación que agora se lle esixe pasa, ademais, por descubrir paso a paso, as enormes posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para a recollida de datos, para a elaboración da información ou para unha interacción xa posible co receptor.

\* \* \* \* \*

A EGAP, xunto coa Consellería de Presidencia e Administración Pública, organizou unhas xornadas co título: *Tendencias no xornalismo*, que se desenvolveron durante os días 14 e 15 de maio de 2001 na sede da propia EGAP, en Santiago de Compostela e que contaron cunha nutrida asistencia.

Estas xornadas foron inauguradas polo decano da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela, **Xosé López García**, que logo de agradecerlle ó director da EGAP e á propia Escola a oportunidade de realizar unhas xornadas sobre este tema, subliñou a importancia do que está a pasar neste momento no xornalismo.

A continuación, o director da Escola Galega de Administración Pública, **Domingo Bello Janeiro**, sinalou que as novas tecnoloxías esixen, tanto ás empresas de comunicación como á universidade, unha adaptación na forma e no contido das súas funcións.

Así mesmo, destacou que un dos principais problemas do xornalismo actual é adaptarse, precisamente, ás novas regras do xogo. A Internet crea un espazo onde todos temos a oportunidade de expresarnos, un espazo mundial, global. Non é só unha novidosa forma de presentación xornalística, senón tamén unha posible redución da propia mensaxe informativa.

Estase a producir na actualidade unha redefinición das estratexias empresariais, do papel dos profesionais da comunicación e dos modos de produción do novo produto informativo en soporte electrónico.

Logo disto, o secretario xeral para as relacións cos medios informativos da Xunta de Galicia, **Jesús Parga López**, dixo que, na súa opinión, o máis importante no mundo da comunicación é o xornalista, non a tecnoloxía. Salientou, ademais, que os hoxe alumnos e mañá profesores te-



rán que traballar para que a comunicación sexa verdadeiramente comunicación e non simplemente información, e para que o coñecemento que todos alcancemos do noso medio, próximo ou afastado, sexa cada vez máis real.

O primeiro relatorio destas xornadas correu a cargo de **Bernardo Díaz Nosty**, catedrático de xornalismo da Universidade de Málaga, quen falou do *panorama comunicativo*. Díaz Nosty salientou que unha recente enquisa sobre hábitos de lectura e compra de libros, pon de relevo que o 41 por cento dos españois non len libros nunca ou case nunca, mentres que os que len regularmente, cando menos unha vez á semana, só son o 36 por cento. Este dato dispara a hipótese da elevada incidencia que o analfabetismo funcional pode acadar nun país no que a renda *per cápita* supera, sen embargo, os 15.000 dólares ó ano.

Segundo este relator, no mesmo plano de carencias cómpre cita-lo baixo nivel de consumo de prensa diaria, que sitúa ó noso país nas últimas posicións da Unión Europea. Os españois que len xornais habitualmente representan o 36.3 por cento da poboación maior de 14 anos, 50 puntos por debaixo das nacións punteiras de Europa, onde no caso dos países nórdicos, a porcentaxe acada o 90 por cento da poboación. O índice de lectura de prensa no noso país representa pouco máis da metade da media comunitaria.

Díaz Nosty destacou que a elevada taxa de matrícula universitaria en España non se corresponde con outros expoñentes dos consumos culturais, o cal parece denunciar certas malformacións, anomalías ou retardos no sistema.

De feito, aínda cando o fenómeno da Internet se presenta como unha expresión da cultura globalizada, non suxeita a longos períodos nos procesos de recepción nacional, en España rexístrase un dos índices máis baixos de Europa en canto ó número de usuarios da rede. No 2000, accedían á Internet o 13.7 por cento dos españois, fronte ó 56.4 por cento dos suecos, o 33.6 dos británicos, o 24.3 por cento dos alemáns ou o 23.3 por cento dos italianos. O valor medio das nacións da Unión Europea elévase ó 24.6 por cento, trece puntos por riba do español. Sen embargo, as condicións políticas e culturais favoreceron, por exemplo, que o mercado desenvolvêra a telefonía móbil por riba da media europea en termos relativos ó poder adquisitivo.

En canto ó audiovisual, este relator, salientou que se descubren malformacións específicas, que non son recoñecibles nas prácticas do sector noutras nacións da Unión Europea. En España, asúmese xeralmente a existencia dunha televisión degradada, orfa dun referente público, definido en termos de servizo cívico, ou daqueles instrumentos de cultura democrática que permitan un desenvolvemento equilibrado do sector

audiovisual, polo menos de acordo coas liñas mestras do audiovisual europeo.

Á ausencia dun modelo público de televisión úneselle o desenvolvemento dun concepto governamentalista, compartido de feito, nas prácticas de xestión política, polas distintas formacións. Poder e oposición destilan unha estratexia audiovisual ambigua e ambivalente, que se define en función da posición que ocupan, de xeito que o que é malo en tempo de oposición pasa a se-la receita axeitada en período de goberno, ou o que é bo nun territorio autónomo deixa de selo, para unha mesma formación, no plano estatal.

A patrimonialización política da televisión, ademais dos efectos sobre o sistema de liberdades públicas, convértese nun obstáculo para a creación de organismos do tipo alta autoridade do audiovisual. Para os xestores públicos, a creación dun Consello do Audiovisual supón unha constricción da súa esfera de influencia e control, mentres que para os operadores privados, nos que participan grupos audiovisuais europeos, suxeitos nos seus países a normas de control democrático, a alta autoridade aparece como unha instancia innecesaria e unha expresión potencial de censura encuberta.

No seu conxunto, operadores públicos e privados rexeitan, de forma tácita ou expresa, as políticas europeas do sector, na elaboración dos que sempre se tiveron en conta as opinións dos *lobby* mediáticos da Unión Europea e os requirimentos económicos do mercado.

Un recente estudio sobre o cine nacional nas televisións europeas revela un aspecto máis do feito diferencial español, que afasta as prácticas audiovisuais do referente da Unión Europea e, incluso, pon en dúbida a existencia dunha política nacional do sector eficaz. Entre as cinco nacións europeas que posúen unha industria cinematográfica cun certo grao de desenvolvemento (Alemaña, España, Francia, Italia e Reino Unido), España é o país que menor porcentaxe de filmes nacionais emite a través das súas televisións. En termos de produción europea emitida, o indicador de España, 21.7 por cento, dista significativamente do 63.5 por cento de Francia, o 49.0 por cento de Italia, o 43.7 por cento de Alemaña e o 32.5 do Reino Unido.

España é, entre as nacións europeas de referencia, a que maior porcentaxe de cintas norteamericanas emite a través das súas televisións, cun 73.3 por cento en 1999, moi lonxe do 31.3 por cento de Francia, o 49.3 de Italia, o 50.6 de Alemaña e o 67.5 do Reino Unido.

A diverxencia con Europa maniféstase, así mesmo, noutras expresións do audiovisual, que parecen indicar un distinto perfil dos contidos realizados no noso país e dos do resto das nacións de referencia. Un estudio do INA francés pon de relevo o alto volume da produción española destinada ás televisións, con 1465 horas de programas de ficción en 1999,

cifra só superada por Alemaña con 1828 horas. Sen embargo, nun marco de produción europeo, baseado nos estándares tecnolóxicos comúns e sen diferencias significativas nos custos laborais, unha hora producida en España resulta 5.3 veces máis barata que a británica, 4.9 veces menos que a francesa e entre 3 e 4 veces menor que a alemana e a italiana. Deste xeito, mentres que unha hora producida en España supuxo unha inversión de 21.2 millóns de pesetas, o valor da británica acadou os 113.7 millóns, 104.3 a francesa, 93.4 a alemana e 68.9 a italiana.

Esta menor aplicación orzamentaria por hora producida permite cimentar a hipótese que relaciona o baixo custo cunha menor calidade dos contidos da televisión española. Tamén debemos ter en conta o feito de que as televisións públicas españolas dediquen un maior esforzo económico á compra de dereitos deportivos (fútbol) e cinematográficos (predominio do cine americano).

Sería inxusto atribuírle a responsabilidade exclusiva da falta de converxencia con Europa a un goberno concreto, senón que parece ser, máis ben, a consecuencia lóxica da proverbial falta de sensibilidade política existente en España cara ós procesos de comunicación e para os seus efectos sobre o espazo público de debate e a vitalidade da democracia.

O problema en España é, se cabe, aparentemente máis grave. E non só porque a dimensión máis degradada do fenómeno alcanza as televisións públicas, senón porque na formación de criterios culturais, nun país de escasa lectura, os compoñentes audiovisuais teñen forza determinante, e non existen contrapesos de referencia e contraste propios de estruturas de consumo máis diversificadas.

Nunha paisaxe audiovisual onde se pon de relevo a contradición permanente entre a desregulación do sector e a política de concesións gobernamental, sorprende, como fenómeno aparentemente menor, a aparición dos minifundios locais de televisión, amparados baixo a sombra da ambigüidade legal, aínda que, en tantos casos, alleos á cultura da comunicación e dos medios.

Xorden moitas dúbidas encol do grao de converxencia do audiovisual europeo que ofrece o peculiar fenómeno das televisións locais españolas e encol da proxección que, en termos de participación social e desenvolvemento mercantil, terían estas emisoras se mediaran órganos de control do audiovisual. Neste sentido é xusto valoralo papel que vén a desenvolverlo Consello do Audiovisual de Cataluña, que no 2000 adquiriu, mediante unha lei do Parlament, a súa maioría de idade, cunha definición de independencia que recorda a que instrúe á alta autoridade francesa (CSA).

A política fragmentaria e incompleta do audiovisual, con desenvolvementos en materia de estándares que en ocasións envolven ou ignoran os contidos, elude a calidade como unha das fortalezas na creación de mer-

cados externos ou que estenden sobre América Latina, como propoñen algunhas iniciativas, o *mercado natural* de España. A sorprendente política de compras e absorcións observada no campo dos medios audiovisuais e na Internet por empresas ata hai pouco estatais, non parecen da-los resultados apetecidos, e algunhas das empresas estranxeiras adquiridas desvalorizáronse trala súa compra. O chamado mercado natural, definido polas nacións de América Latina sen barreiras lingüísticas entre si, non se baseou nunha política como a despregada por outras nacións europeas sobre territorios de menor entidade demográfica e cultural.

Dá a impresión de que a definición de *mercado natural* ten un mero valor enunciativo e retórico, que non se corresponde cunha política cultural definida. No eido do audiovisual, o escaso interese pola produción de contidos e de liñas específicas de referencia, que dean sentido ó desenvolvemento de escenarios lingüísticos globais, pon en perigo un certo propósito de liderado, que podería ser transferido directamente a grupos externos, que empezan a cambia-lo concepto do *iberoamericano* polo de *eurolatinoamericano*.

Debido á falta dunha política de acompañamento e un modelo estratéxico negociado coas nacións iberoamericanas, córrese o risco do progresivo cambio do centro de gravidade do *mercado natural* do hispano desde España a Estados Unidos, a Miami.

Díaz Nosty fixo referencia a un novo escenario empresarial e dixo que a estrutura da propiedade dos medios entrou nunha fase de aceleración da concentración, na que os vectores do movemento non son necesariamente as empresas especializadas no sector, senón as corporacións mercantís de referencia nos novos escenarios económicos. A desregulación produciu a expansión do territorio de actuación das compañías privadas, a diversificación das liñas de negocio, pero tamén unha superación dos escenarios nacionais nos que se acoutaban os monopolios do audiovisual e as telecomunicacións en Europa.

O proceso de concentración, visto desde a óptica do conxunto das nacións da Unión Europea, apunta cara a unha estrutura menos fragmentada, por conseguinte, con menor número de operadores dos que se coñecían na etapa de titularidade pública. As fusións, as integracións, as absorcións e as alianzas estratéxicas obsérvanse tamén con criterios máis permisivos, e ata ambiguos, dos aplicados en etapas anteriores.

Hoxe, ante o proceso de concentración, desméntense, na práctica, parte dos beneficios sobre a competencia e a pluralidade anunciados nas dúas últimas décadas. A pluralidade redúcese, por regra xeral, á diversidade ou a un número en eidos tan sensibles coma o da comunicación e da información.

A desregulación do audiovisual levou ás democracias máis establecidas de Europa, cando carecían dos instrumentos garantistas necesarios,

a crear institucións independentes, especializadas na observación dos comportamentos no novo escenario, dotadas de mecanismos de intervención alí onde as extralimitacións dos intereses mercantís puidesen bater co marco das liberdades públicas. Esta foi, por exemplo, a razón de ser dos consellos de audiovisual, que xurdiron en Europa.

No noso país estase a suscita-la idea de medi-los medios segundo unha dobre vara que lles outorga impunidade case absoluta ós operadores privados e somete á crítica máis severa ós públicos. A razón disto é a deixazón que os medios públicos fixeron do seu papel de referencia ou da súa adscrición a un modelo de servizo público.

Chégase a entender que a acción de transmitir información por parte dun emisor privado pode vulnera-lo dereito á información cando se confunde a opinión e a propia información, ou a información e a publicidade, cando son os intereses do emisor os que adquiren unha relevancia forzada na axenda ou, simplemente, cando se rouban os espazos habituais de información xeral por imperativos comerciais.

c) Polo tanto, a decisión do que determine onde se sitúa o porto, é da comunidade autónoma no caso de que se trate dun porto deportivo, ou do Estado se é de interese xeral. Non do concello.

d) Unha vez que se executaron as obras xorden novos terreos, que, neste caso, se incorporan ó termo municipal e o concello recupera a súa competencia de ordenación e pode planificar.

Seguiu dicindo que en Galicia non temos lexislación portuaria propia. Temos unha lei que creou o ente público Portos de Galicia, e nas súas disposicións finais remítese á lexislación estatal no que non estea previsto, co cal estamos chamando a que se lles aplique a lexislación estatal ós portos galegos. A conclusión á que se chega coa aplicación da lexislación estatal a estas comunidades autónomas que carecen de lexislación propia, é que se baleiran de competencias as corporacións locais.

Quedaría, para rematar, a cuestión de cómo se xestionan os portos. Nas comunidades con lexislación propia (Valencia, Cataluña, Andalucía), existen dous modelos:

- Un modelo de intervención, onde se lle reservan tódolos destinos á comunidade –Andalucía–. E é en parte o modelo do Estado, por tanto o de Portos de Galicia.

- Un modelo máis accesible á iniciativa privada, onde se admiten iniciativas económicas de particulares para xestionar un porto (Cataluña e na lexislación do Estado).

No caso de Galicia, podemos ser titulares dun porto deportivo de dúas formas:

1. Mediante unha concesión demanial.

2. Mediante un contrato privado de xestión indirecta.

O segundo día comezou o curso de verán co relatorio de Angel Me-néndez Rexach, co tema sobre «implicacións urbanísticas da lexislación turística». Empezou dicindo que a CE só fai referencia expresa ó turismo ó incluílo entre as materias susceptibles de asunción polas comunidades autónomas<sup>5</sup>. En virtude desta previsión constitucional tódolos estatutos de autonomía recollen esta competencia como exclusiva, salvando en ocasións as que lle corresponden ó Estado en virtude do artigo 149.1.

O turismo é un sector económico de moita importancia, cuns axentes (empresarios e profesionais) e cuns usuarios ou consumidores (españóis e estranxeiros). Nun sentido máis amplo, o turismo é moito máis ca un sector económico, xa que se erixe nunha dimensión da vida individual e colectiva. No plano individual, o turismo vincúlase á calidade de vida que a CE quere garantir. Nun plano colectivo, o turismo vincúlase á realización efectiva do principio de solidariedade e á necesidade de acadar un equilibrio territorial, respectando o medio natural e o patrimonio histórico e cultural.

A lexislación autonómica sobre turismo prestoulle unha especial atención á planificación dos recursos turísticos, anque non sempre estableceu unha adecuada articulación entre os instrumentos correspondentes e os xerais de ordenación territorial e urbanística.

A conexión entre ordenación do territorio, urbanismo, vivenda e turismo é especial para abordar os problemas derivados da localización territorial das actividades turísticas. A confluencia nas comunidades autónomas das competencias sobre todas esas materias debería contribuír á resolución dos problemas que presenta a articulación entre elas, no canto de insistir na vía da «sectorialización».

Desde a Lei do solo de 1956 todo o territorio español se debe ordenar mediante instrumentos urbanísticos, que teñen unha vocación de ordenación integral do territorio. Por conseguinte, a ordenación dos novos desenvolvementos ligados máis ou menos directamente ó turismo atopaba nestes instrumentos o seu marco natural de referencia. Sen embargo, a ruptura da unidade produciuse coa promulgación da Lei de centros de zonas de interese turístico nacional de 1963. Na actualidade, derogada esta Lei, non se pode afirmar que exista un baleiro normativo, xa que o impacto territorial das actividades turísticas pode e debe ser ordenado con amaño ó previsto na lexislación estatal e autonómica sobre o réxime do solo e a ordenación urbana, con independencia de que cada comunidade autónoma adopte as medidas específicas, que considere oportunas en relación coas actividades turísticas. En definitiva, nos seus aspectos con incidencia territorial a planificación turística debería confi-

<sup>5</sup> Vid artigo 148.1.18 CE: «Promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial».

gurarse como unha planificación sectorial centrada na previsión dos impactos territoriais das actividades turísticas, en consonancia cos criterios xerais de ordenación do territorio, como fixeron algunhas leis autonómicas.

Falou despois sobre o concepto de urbanismo e turismo sostidos. O concepto de desenvolvemento sostido foi introducido en 1987 polo informe sobre «o noso futuro común», elaborado pola Comisión mundial do medio natural e de desenvolvemento<sup>6</sup>. Defínese como o desenvolvemento que satisfai as necesidades da xeración presente, sen compromete-la capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades. Esta expresión comprende dúas ideas fundamentais:

- O concepto de necesidades, en particular as necesidades esenciais dos pobres, ás que se lles debería de outorgar prioridade.
- A idea de limitacións impostas polo estado da tecnoloxía e a organización social entre a capacidade do medio natural para satisfacer as necesidades presentes e futuras.

O incremento dos novos desenvolvementos urbanísticos nas últimas décadas, ligados en parte ó proceso de concentración da poboación nas cidades, pero tamén ó auxe do turismo e ó fenómeno da segunda residencia, propiciaron unhas pautas de ordenación que foron cualificadas de innovadoras.

Na CE pode atoparse un reflexo deste cambio de sensibilidade no mandato de utilización racional de tódolos recursos naturais que o artigo 45.2 lles dirixe ós poderes públicos, vinculado ó recoñecemento do dereito a aproveitar un medio natural adecuado. O TC, desde as súas primeiras sentencias, puxo énfase na necesidade de compatibilizar e harmoniza-lo desenvolvemento co medio natural, para acadar un «desenvolvemento sostido, equilibrado e racional». Ademais esta é unha preocupación dos últimos anos e que se traduce en importantes decisións encamiñadas non só a evitar novos desenvolvementos en determinados ámbitos, senón tamén a frear procesos en curso, nuns casos mediante unha redefinición dos seus obxectivos e noutros, impedindo a súa consumación mediante o establecemento dun réxime especial de protección para o territorio no que a súa localización estaba prevista. Así ocorreu nos arquipélagos balear e canario. A sostibilidade non é hoxe unha mera opción política, senón un mandato constitucional e legal vinculante para os cidadáns e os poderes públicos. Terminou dicindo que a política turística non debe prescindir das características do territorio sobre o que se proxecta. Así o reflicten algúns dos principios conti-

<sup>6</sup> Denominado *Informe Brundtland*, na honra da súa presidenta.

dos na Carta de turismo sostible adoptada en abril de 1995, no marco da Conferencia mundial de turismo sostible, celebrada en Lanzarote.

Seguiu dicindo o relator que a Comunidade Autónoma de Galicia conta desde o ano 1997 cunha lei de ordenación e promoción do turismo. Centrouse na súa exposición nos preceptos desta lei que intentan articular a regulación do sector cos obxectivos xerais da ordenación territorial e de urbanismo. Este propósito destaca ó defini-lo obxecto da lei, que inclúe o establecemento das directrices para a ordenación turística en relación coa ordenación do territorio e os instrumentos urbanísticos correspondentes, así como a conservación, protección, aproveitamento e mellora dos recursos turísticos, culturais e do medio natural, do territorio e da paisaxe. A Administración turística debe establecer os instrumentos de planificación e ordenación turística, determinando as necesidades, prioridades e obxectivos máis importantes e prestándolle especial atención á conservación e protección do medio natural, cultural e urbanístico-territorial e dos demais recursos turísticos.

Terminou o relator facendo unha análise sobre estes instrumentos que son, ademais do Plan galego de promoción do turismo, os seguintes:

- ▮ Plan de ordenación turística.
- ▮ Plans e proxectos sectoriais de infraestrutura turística.
- ▮ Programas específicos de protección do medio natural das zonas turísticas.

O último relator deste curso foi **Joaquín María Peñarrubia**, director xeral de Turismo da Comunidade Autónoma de Madrid, co seu relatorio sobre «reflexións sobre o futuro turístico e a necesidade de adecuación das normas urbanísticas para o cumprimento dos devanditos fins».

Empezou facendo unha referencia á situación do turismo neste momento en España. Así, nestes momentos o turismo é un deses grandes fenómenos culturais, sociais, filosóficos e económicos que se producen no noso mundo. Segundo as cifras da Organización Mundial do Turismo<sup>7</sup>, as cotas de turistas están preto dos 600 millóns anuais no ano 2000, das cales unha parte importante chega ata España. Ese auxe do turismo, fenómeno relativamente recente, produciuse a partir da Segunda Guerra Mundial. Estas cifras, no noso país, fan que sexamos unha das principais potencias a nivel mundial. Segundo os datos oficiais, no ano 2000 a cifra de visitantes estranxeiros que chegou a España foi de 74 millóns 400 mil persoas, das cales o 68,4% desta cifra foron turistas, é dicir, pasaron a noite no noso país, e o resto estiveron de paso. Eso significa que durante o ano 2000, o total de turistas que visitaron España foi de 48 millóns

<sup>7</sup> En diante, OMT.

200 mil persoas, cun incremento de algo máis do 3% con respecto o ano 1999. Esta actividade fai que sexa unha das actividades económicas do noso país, unida a ingresos e a cifras de emprego. España está entre o segundo e o terceiro país do mundo, segundo por número de visitantes e terceiro por ingresos, nun caso por detrás de Francia e noutro por detrás dos EEUU. Isto danos idea de cal é a importancia do noso sector e cara a onde vai ir o turismo mundial.

O relator presentou o desenvolvemento da regulación do turismo e da regulación dos produtos turísticos que se lle ofrecen ó turista. Non houbo un nexo paralelo entre a normativa turística co resto das normas, en concreto, co dereito urbanístico, coa ordenación do territorio e co dereito do medio natural. Mentres estas ramas se veñen estudiando desde hai moitos anos en España, o dereito do turismo, só moi recentemente se está a estudar.

A Administración xogou un papel moi importante neste fenómeno. O dereito administrativo económico, a implicación dos poderes públicos nas actividades económicas, ten que ter claros dous papeis: por un lado, segundo o artigo 51 da CE, a protección dos consumidores e usuarios, e por outro, en relación cos artigos 33, 38 e 128 da CE, esa transparencia do mercado. Esa intervención non debe ser intervencionista, anque debe ordenar cada un dos sectores económicos, e isto pasou no ámbito turístico. Tamén ten que xogar outros papeis importantes: a promoción, a planificación e o servizo público.

Non só a Administración turística incide no turismo. O labor en xeral da Administración incide directamente nel. Por exemplo, é esencial que haxa uns altos niveis de seguridade pública, que estean desenvolvidos os sistemas de saúde, de educación, e así como as infraestruturas (portos, aeroportos, estradas, edificación...). Para ter un produto turístico, necesítanse varias condicións. Algúns economistas destacaron que o produto turístico consiste por un lado, en contar cuns bos servizos privados, de ocio, de aloxamento, de restauración de axencias de viaxe, pero tamén se debe contar cuns bos elementos naturais que ofertar, e por eso, vólvese outra vez á incidencia do territorio no turismo. E, por outro lado, a Administración ten que se implicar ordenando, planificando, promovendo e realizando as actividades de fomento que son esenciais nestes casos.

Seguiu dicindo o relator que hai aspectos importantes que teñen esa incidencia na ordenación do territorio. Por un lado está o urbanismo, por outro a protección dos recursos do medio natural e, en terceiro lugar, a protección do patrimonio histórico.

Co desenvolvemento urbanístico, nos anos 60 e 70, e co apoxeo do turismo español, produciuse unha apertura social de España cara ó resto de Europa e do mundo, así como unha gran entrada de divisas. Mais



nestes anos foi cando se produciu o desastre urbanístico. Naquel momento fíxose unha lexislación turística que viña a suplir as carencias da Lei do solo de 1956. Cometéronse erros, e seguirán cometéndose, pero o importante é que agora comezamos a tomar conciencia sobre o tema que se ve reflectido no estudio da ordenación do territorio, na protección do medio natural e no dereito turístico.

Falou despois o relator sobre a idea de desenvolvemento sostible que se plasma a partir do ano 1987 e fixo alusión ó *Informe Brundtland*. Este informe tivo unha importancia fundamental na Conferencia de Río de 1992, que proclama 27 principios sobre o desenvolvemento económico e a protección do medio natural. Significou a aceptación a nivel mundial do concepto de sostibilidade ou de desenvolvemento sostible. Como froito prodúcese o Convenio da ONU sobre cambio climático. A mesma idea de desenvolvemento sostible plasmouse nalgunhas declaracións internacionais. Así na Declaración de Manila sobre o turismo mundial, aprobada o 10 de outubro de 1980.

Na Carta do turismo sostible aprobada na Conferencia mundial do turismo sostible realizada en Lanzarote os días 27 e 28 de abril de 1995, enunciáronse 15 principios, entre os que destaca que o desenvolvemento turístico debe ser soportable ecoloxicamente a longo prazo, que o turismo debe contribuír decisivamente ó desenvolvemento sostible. Fálase de conservación dos ecosistemas, dos sistemas naturais, da protección do solo, da natureza, do patrimonio histórico e establécese o principio de calidade como obxectivo prioritario.

Un tema importante no ámbito turístico é o Código ético mundial para o turismo, que se aprobou pola Asemblea xeral da OMT en Santiago de Chile o 1 de outubro de 1999 e establece diversos principios:

1. Consagra o principio de sostibilidade da actuación turística, desde o punto de vista do medio natural e económico.

2. Consagra a idea do dereito ó turismo que se pon en relación con outras dúas:

- a) Desenvolvemento da personalidade.
- b) Sostibilidade.

Na Lei do 28 de decembro de 1963, de centros e zonas de interese turístico nacional, contiñanse algúns dos principios que se seguirían mantendo na lexislación autonómica. Por unha banda, establecíanse plans propios de ordenación urbana relacionados co turismo. Pero, por outra banda, estableceuse a primacía da lexislación turística sobre os plans de ordenación, mais isto hoxe resultaría absolutamente imposible.

Na lexislación autonómica establécense algúns principios importantes. Así, a planificación, a que vén a se-la planificación de fomento do turismo, a da ordenación do turismo, a do produto turístico, de onde e



cómo se debe face-lo desenvolvemento turístico en cada unha das rexións. Vemos que hai unha absoluta interacción entre o turismo e a ordenación territorial.

A regulación da lexislación autonómica establece tres grandes formas de actuación da administración turística sobre o territorio:

1. A planificación (lexislación do País Vasco, as Canarias, Galicia, Madrid, as Baleares e Estremadura).

2. A creación de zonas de turismo preferente (lexislación do País Vasco, Galicia, Castela e León, Estremadura, Valencia, Madrid, Cantabria e Andalucía).

3. A declaración de zonas saturadas (lexislación de Murcia, Castela e León, Madrid e Andalucía).

Hai tamén unha forma de interrelación moi peculiar que se desenvolveu na lexislación turística nos últimos anos, a declaración de municipio turístico. Así se recolle na Lei do 21 de agosto de 1997, de ordenación do turismo en Galicia.

Falou tamén da idea de calidade que se plasma nas declaracións internacionais e que tódalas administracións están comprometidas no desenvolvemento de sistemas de calidade. Segundo o relator a calidade desenvólvese de dúas formas:

1. A calidade por sectores, que é a que está a desenvolver-lo Estado.

2. A calidade por destinos.

Terminou a súa intervención o director xeral de Turismo da Comunidade Autónoma de Madrid facendo unha serie de reflexións:

■ Non se ten que considerar como un estado de necesidade.

■ Hai que incrementa-lo turismo, sempre coa idea de sostibilidade.

■ A planificación tense que facer pola Administración turística e nunca de costas ó sector.

■ Debe de inserirse o turismo dentro do dereito administrativo económico.

■ Debe terse en conta o concepto antropolóxico do turismo.


■ É esencial que parte dos beneficios económicos que produce o turismo vaian á protección do medio natural, do solo, ó desenvolvemento urbanístico e á protección do patrimonio histórico.

Finalizou dicindo que a ordenación do territorio, a conservación do patrimonio, o turismo, son instrumentos para acadar uns maiores valores de benestar social.

A clausura deste curso de verán correspondeulle a Jaime Pita Varela, conselleiro da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia. Tamén interviron Domingo Bello Janeiro, director da Escola Galega de Administración Pública, e Ramón Rodríguez Ares, alcalde de Sada.

**Domingo Bello Janeiro**, agradeceulle ó público en xeral e ó Concello de Sada a realización deste curso nesta fermosa localidade. Fixo alusión a que hai que ter en conta tódalas normativas, mesmo en materia de costas, autonómica, estatal, para atopar un equilibrio entre turismo e urbanismo, entre urbanización e protección do medio, entre desenvolvemento económico e conservación do medio natural. É aí a planificación urbanística municipal e a ordenación do territorio, son os instrumentos máis adecuados para procura-lo equilibrio entre as dúas perspectivas, urbanización e protección, desenvolvemento e conservación. Trátase de acadar unha mellora na oferta turística e unha ordenación urbanística ó seu servizo, que sexa ademais respectuosa cos valores naturais.

**Ramón Rodríguez Ares**, alcalde de Sada, manifestou o seu agradecemento por dárlle a oportunidade á vila de Sada de acoller estes acontecementos.

Pola súa banda, **Jaime Pita Varela**, alegou na clausura que o tema sobre o que versou este curso de verán, a conxunción do turismo e urbanismo, é un dos grandes temas que se poden presentar na sociedade actual pola relevancia e a repercusión que ten sobre a nosa sociedade: urbanismo, clave do desenvolvemento de calquera país moderno e turismo, referente especial, que hoxe é España en conxunto. Foi Manuel Fraga o gran impulsor do turismo en España e o que determinou ese milagre que fixo que se convertera nun dos tres países turísticos máis importantes do mundo, e probablemente hoxe o primeiro. Galicia, que viviu o influxo un pouco máis tarde, foi nesta última década cando se converteu nun referente turístico a nivel do estado, europeo, e de ámbito mundial. Somos unha das cinco comunidades autónomas con maior desenvolvemento turístico do estado, que atrae ó turismo estable, é dicir, non temporeiro, turismo que se fai ó longo de todo o ano e cada vez máis afincado. 

## XORNADAS SOBRE VIOLENCIA DOMÉSTICA

(Sada (A Coruña), 23 e 24 de xullo de 2001)

Juan Manuel González Hiltner

Bolseiro de investigación EGAP

○ problema da violencia doméstica ata hai poucas décadas foi ignorado pola sociedade e polas institucións públicas. Sen embargo, na actualidade, produciuse un cambio radical. Tódolos sectores –sociais, administrativos, sanitarios e xurídicos– mostran un especial interese por este tema e tratan de aportar algunha posible solución para tentar eliminala. De feito, para combater a violencia no ámbito familiar é preciso unha intervención de tódolos sectores.

A violencia doméstica, xeralmente, identifícase coa violencia exercida sobre a muller. Sen embargo, o concepto de violencia contra a muller é máis amplo, pois inclúe «calquera acto de violencia baseado no sexo, que dea lugar, ou poida dar lugar, a un prexuízo ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico das mulleres, incluídas as ameazas de tales actos, a coerción ou as privacións arbitrarias de liberdade, xa ocorran na vida pública ou privada».<sup>1</sup> En definitiva, como pon de manifesto o grupo de es-

<sup>1</sup> Cfr. Art. 1 da Declaración sobre a eliminación da violencia contra as mulleres aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en 1993. Neste mesmo sentido vid. Conferencia Mundial de Nacións Unidas sobre Dereitos Humanos de 1993; Convención Inter-Americana sobre a prevención, o castigo e a erradicación da

pecialistas para combater a violencia contra as mulleres do Consello de Europa de 1997, pódense distinguir diferentes clases de violencia contra as mulleres: física<sup>2</sup>, sexual<sup>3</sup>, psicolóxica<sup>4</sup>, económica<sup>5</sup>, estrutural<sup>6</sup> e espiritual<sup>7</sup>.

A sesión inaugural iniciouse coa cálida acollida dispensada polo director da EGAP, **Domingo Bello Janeiro**, que expresou a vontade da Escola Galega de Administración Pública de continuar coa formación especializada en materias desta transcendencia xurídica e social. Sinalou que a violencia doméstica constitúe un dos problemas máis urxentes da sociedade actual e afecta con similar intensidade a tódolos países, con independencia do seu grao de desenvolvemento. Transmitiu o fervente desexo de que a estancia en Sada lles fora o máis grata posible e que as xornadas acadasen os obxectivos previstos, logrando satisfacer as expectativas que se agardaban. Seguidamente cedeu a palabra á conselleira de Familia, Muller e Xuventude, **Manuela López Besteiro**, e ó avogado xe-

---

violencia contra as mulleres de 1994; A 3ª Conferencia Ministerial Europea do Consello de Europa sobre igualdade entre homes e mulleres, celebrada en Roma en 1993; Documento Declaración de Beijing e Plataforma para a Acción da IV Conferencia Mundial sobre mulleres en 1995; Informe do Grupo de especialistas para combater a violencia contra as mulleres do Consello de Europa de 1997.

<sup>2</sup> A violencia física consiste en actos de acometemento físico sobre o corpo da muller a través de empurróns, abalóns, tirons de pelo, labazadas, golpes, patadas, queimaduras, mordeduras, estrangulamentos, puñaladas, mutilación xenital, tortura e asasinato.

<sup>3</sup> A violencia sexual identifícase con calquera actividade sexual non consentida: chistes e bromas sexuais, miradas fixas irascibles, comentarios desagradables, exhibicionismo, chamadas telefónicas ofensivas, propostas sexuais indesexadas, visionada ou participación forzada en pornografía, tocamientos indesexados, relación sexual obrigada, violación, incesto. Tamén a execución de actos sexuais que a muller considera dolorosos ou humillantes, embarazo forzado, tráfico e explotación na industria do sexo.

<sup>4</sup> A violencia psicolóxica concrétese nunha diversidade de conductas que van dende os chistes, bromas e comentarios, pasando polas ameazas, illamento, desprezo ou intimidación ata os insultos en público.

<sup>5</sup> A violencia económica fai referencia á desigualdade no acceso ós recursos, por exemplo, negar ou controlar o acceso ó diñeiro, impedi-lo acceso a un posto de traballo ou á educación ou a negativa de dereitos á propiedade.

<sup>6</sup> A violencia estrutural é un termo estritamente relacionado coa violencia económica, pero que inclúe barreiras invisibles e intanxibles contra a realización de opcións potenciais e dos dereitos básicos. Estes obstáculos atópanse firmemente arraigados e reproducense diariamente co mesmo tecido social, por exemplo, as diferencias de poder e as relacións (estructuras) de poder que xeran e lexitimizan a desigualdade.

<sup>7</sup> A violencia espiritual consiste en erosionar ou destruí-las crenzas culturais ou relixiosas dunha muller a través do ridículo ou o castigo, ou obrigarlle a alguén que acepte un sistema determinado de crenzas.

ral do Estado, Arturo García-Tizón López. A conselleira quixo deixar claro que a violencia doméstica, obstáculo para a igualdade, o desenvolvemento e a paz, impide que as mulleres gocen dos seus dereitos e liberdades fundamentais, tal e como se recoñece nos foros de participación internacionais, e é, ademais, un importante problema social e político que constitúe a expresión máis directa da relación de desigualdade entre homes e mulleres. García-Tizón expresou que a preocupación do Goberno por este fenómeno da violencia doméstica xustifícase na aplicación do II Plan de acción contra a violencia doméstica, que asegura a continuidade respecto do I Plan de acción. Un plan no que se recolleron unha serie de medidas que tentan loitar contra un fenómeno que toda a sociedade, dende tódolos sectores da Administración e a propia cidadanía, queren atallar. Deste xeito quedaron inauguradas, en palabras da conselleira de familia, as Xornadas sobre a violencia doméstica.

O primeiro relatorio correu a cargo de Margarita Retuerto Buades, vocal do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX no sucesivo). A súa lúcida intervención sobre «A violencia familiar como fenómeno criminolóxico. Factores sociais e xurídicos» comezou cunha posta en antecedentes. Así, o Pleno do CXPX en sesión do 13 de setembro de 2000, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*Cuadraxésimo oitavo.- Encomendarlle á Comisión de Estudos a elaboración, no prazo de tres meses, dun informe no que se analice a problemática xurídica suscitada pola denominada «violencia doméstica», así como as súas causas e as medidas que, dende o ámbito do Poder Xudicial, puideran contribuír ó seu mellor tratamento.*

A violencia doméstica constitúe un dos problemas máis urxentes da sociedade actual e afecta con similar intensidade a tódolos países, con independencia do seu grao de desenvolvemento.

Isto non é, sen embargo, un problema novo. Durante séculos, a violencia exerceuse no seo da familia sen que isto provocara ningún tipo de reacción estatal, por entenderse xeralmente que calquera problema que acontecera dentro do ámbito doméstico debía gozar da privacidade propia do medio familiar.

Afortunadamente, aínda que moi lentamente, este panorama foi cambiando. Nestes momentos, a sociedade tomou conciencia da magnitude do problema, apréciase un imparabile proceso de mentalización xeral sobre a importancia de defende-los dereitos fundamentais de tódalas persoas, con independencia do seu sexo, idade ou condición, e calquera que fose o ámbito no que se pretenda o seu exercicio.

A culminación con éxito deste proceso non será posible, sen embargo, só con respostas illadas. Pola contra, é preciso levar a cabo unha





xurídicos. Estamos, polo tanto, ante un fenómeno social e xurídico de relevantes proporcións, que require un tratamento axeitado e específico para a súa solución.

Precisamente, a importancia que no momento actual se lle concede a este fenómeno no mundo permitiu que no seo de organizacións internacionais e nos diferentes países xurdiran multitude de iniciativas para combater-la violencia doméstica, entre elas hai que destacar as resolucións adoptadas no ámbito da Unión Europea (en pro da «tolerancia cero» nesta materia), no da ONU e en varios países latinoamericanos (Chile, Arxentina, Porto Rico, etc.).

Así mesmo, a entidade deste problema non pasou desapercibida para o CXPX. Basta lembra-los acordos do 19 de xuño de 1998 e do 21 de outubro de 1998, así como as Xornadas sobre violencia doméstica que tiveron lugar os días 12, 13 e 14 de xuño de 2000 organizadas polo CXPX no marco das actividades de formación continuada, e o estudo recentemente encargado polo Consello para a análise das resolucións xudiciais dictadas na dita materia. O acordo pretende profundar na liña iniciada anos atrás e servir de reflexión sobre a experiencia acumulada neste tempo.

Cómpre destacar deste acordo dúas ideas esenciais: primeiro, a tarefa compéttelles a tódolos poderes públicos; e segundo, deixa claro que o dereito penal constitúe a derradeira *ratio*, o derradeiro remedio ó que se debe acudir dentro do ordenamento xurídico para combater-las condutas indesexables. Isto, naturalmente, non impide afirmar que se é necesaria unha actuación penalmente rexeitable, a resposta dos tribunais de xustiza ha de ser rápida e contundente, ademais de proporcional á gravidade da infracción cometida e respectuosa cos dereitos constitucionais da vítima e do infractor.

A sesión matinal rematou coa intervención de **Eugenio Llamas Pombo**, catedrático de dereito civil da Universidade de Salamanca e avogado en exercicio. O seu relatorio estivo dedicado á violencia familiar no ámbito do dereito civil. Para Llamas Pombo a violencia familiar nas súas distintas manifestacións, non só é a violencia física, senón tamén en gran medida a violencia psíquica, planea sobre os conflitos na parella, no ámbito civil.

En opinión do relator estamos falando dunha violencia que se produce dentro do ámbito estritamente civil. No ámbito das relacións de parella e no ámbito das relacións paterno-filiais, por tanto, dentro dunha relación preexistente, non é unha relación entre descoñecidos, senón que se produce dentro dunha relación de natureza civil.

A exposición do problema, segundo a opinión de Llamas Pombo, ten que facerse tomando como punto de partida o II Plan de acción con-

tra a violencia doméstica que aprobou o Consello de ministros o día 11 de maio de 2001, e que entrou en vigor o 1 de xullo, cunha duración ata o ano 2004 con iniciativas dos concellos, das CCAA, xuíces, fiscais, avogados, policía, etc.

O profesor Llamas Pombo pensa que antes de establecer modificacións e reformas merece a pena coñecer ben cál é a realidade lexislativa na que un se atopa inmerso, qué é o que hai que modificar e qué é o que hai que manter.

A violencia familiar foi sempre causa de separación, se ben é certo que ata o ano 1981 a consideración da violencia como causa de separación estaba inmersa nese marco sociolóxico no que o adulterio da muller era un delicto grave, e era necesaria a reiteración nos malos tratos para consideralos como causa grave.

No artigo 82 do Código civil contémpanse dúas posibles causas de separación nas que se incardinan a violencia física ou doméstica. Por unha parte a conducta inxuriosa ou vexatoria, e pola outra, a violencia grave ou reiterada dos deberes conxugais. Tradicionalmente víñase esixindo que eses malos tratos foran repetidos, continuos e permanentes. Hoxe en día, esa interpretación non é de recibo, é dicir, non hai violación máis grave dos deberes conxugais ca calquera tipo de agresión física, tanto ó cónxuxe coma ós fillos comúns ou de cada membro da parella. Se os deberes do matrimonio inclúen o deber de socorro, o deber de respecto, non hai maior falta de respecto que agredir fisicamente a unha persoa. En definitiva, basta unha labazada para solicita-la separación.

O Tribunal Supremo nunha sentenza do 21 de outubro de 1994 di: «é suficiente unha soa violación dos deberes conxugais se esa violación é grave. É grave a agresión física atendida á realidade presente (faise eco do artigo 3º de Código civil) e a dignidade da persoa elevada a fundamento do orde político e da paz social». Para o relator é curioso que algunhas audiencias provinciais, con moi bo criterio, cando é o agresor o que solicita a separación matrimonial, cousa rara polo demais, a miúdo o tribunal acolle a separación, pero acolle a reconvenção do outro cónxuxe (víctima), e estima como causa a agresión a este último. Polo tanto, causa de separación que, no procedemento establecido pola Lei de enxuzamento civil do 2000, se segue polo xuízo verbal unha simple demanda. No prazo de cinco días débese dictar un auto, admitindo a trámite a demanda e sinalando para a vista un prazo de dez días.

O artigo 86.3.b) do Código civil contempla unha causa de divorcio que consiste en combina-lo cese efectivo da convivencia conxugal durante dous anos e cando ó iniciarse o cese efectivo exista unha causa de separación (malos tratos, por exemplo). Neste caso o divorcio é automático. Hai un único requisito importante, segundo a doutrina das audien-

cias provinciais, e é que a causa de separación que motivou aquel cese ten que ser anterior ó cese. Pero é moi importante engadir que cando o cónxuxe acode a esta causa de divorcio é porque o cese da convivencia conxugal non foi consentido, é dicir, que se parte dunha separación de feito decidida unilateralmente polo cónxuxe vítima dos malos tratos. Isto está así previsto no Código civil. Llamas Pombo afirma que é moi importante esta causa e hai que facer uso dela, porque, a miúdo, os mal chamados operadores xurídicos, non coñecen nin fan uso deste tipo de causa. Propugnouse unha proposición de lei do 12 de setembro de 1994, do grupo socialista no Congreso dos deputados, para reformar estes preceptos do Código civil. Propugnábase reordena-las causas de separación e divorcio. Pero ese acceso directo ó divorcio, en realidade, xa existe, o que sucede é que se basea nunha separación previa, xa sexa xudicial, con sentenza, ou unha separación de feito.

Chámalle a atención ó relator que o II Plan de acción contra a violencia doméstica propugna unha serie de medidas lexislativas, entre elas, incorpora-lo artigo 153 do Código penal, a pena de «inhabilitación especial» para o exercicio da patria potestade, tutela e curadoría. A xuízo do relator, xa no artigo 170 do CC, no seu parágrafo 1º, contempla a privación total ou parcial da patria potestade. E o que é máis importante, di o artigo 170 que en terceiro lugar, a privación da patria potestade pódese acordar tamén en calquera sentenza dictada en causa matrimonial. Na propia sentenza de separación ou de divorcio pódese perfectamente privar da patria potestade. Existen sentencias onde no mesmo preito civil no que se ventila a separación ou o divorcio pódese privar da patria potestade (Sentencia da Audiencia provincial de Valladolid, 24/!!/1997).

É causa posible da privación da patria potestade o exercicio da violencia familiar porque o atentado, as agresións e lesións físicas, evidentemente constitúen un incumprimento claro dos deberes inherentes á patria potestade do artigo 154 do CC. O relator entende, modestamente, que non é preciso reforma-lo Código penal, e incluír esa inhabilitación especial, basta con cumpri-lo Código civil.

Por outra parte, entre as propostas do II Plan de acción contra a violencia doméstica, no marco dunha lei de axuízamento criminal, estúdase a posibilidade de regular que os xulgados de garda poidan adoptar medidas provisionálsimas en causas de separación ou divorcio. Se xa hai unha separación ou divorcio, non é necesario ir ó xulgado de garda porque xa hai un xulgado intervindo. Que poida o xulgado de instrución adoptar medidas de carácter civil é positivo, pero non fai falta reformar nada, xa que, coa lei vixente perfectamente se pode facer. Pero, enténdese menos que só sexa en caso de separación ou divorcio en marcha. En materia de adopción de medidas urxentes xa existen no Código

civil os artigos 102, 103 e, en certa medida, o artigo 104, dende a reforma do 7 de xullo de 1981, Lei do divorcio.

No panorama actual, é dicir, no marco da lei de axuízamento do ano 2000, o lexislador tivo a sensibilidade cara a este problema e regulouno no artigo 771 da vixente Lei de axuízamento criminal, dun xeito, a xuízo de Llamas Pombo, razoable. Entre esas medidas urxentes contéplase a de vivir separados, a revogación de poderes, a garda e custodia dos fillos, o uso da vivenda familiar e o enxoval doméstico, a contribución ás cargas e o reparto dos bens gananciais, se é que os hai, para solicitar estas medidas non fai falta nin avogado, nin procurador. É dicir, con isto pérguese que non faga falta ningún tipo de trámite para que a vítima poida en cuestión de horas obter esas medidas provisionais. Tamén o xulgado de garda está obrigado, e velaquí é de onde vén a necesaria coordinación entre a xurisdicción penal e civil, nos protocolos das distintas CCAA, de informar á vítima da facultade que ten de solicitar esas medidas provisionalísimas. En opinión do relator tampouco aquí é necesaria unha reforma no ámbito da lexislación civil.

Para rematar, Llamas Pombo, dixo que basta dotar de medios, inexistentes agora, para que se poidan cumprir os prazos establecidos nas leis para que non fora precisa reforma de ningunha clase.

A primeira intervención da tarde correu a cargo de **Fernando Sequeiros Sazatornil**, fiscal do Tribunal Supremo, que centrou o seu relatorio no delicto de acoso sexual. O delicto de acoso sexual foi introducido no noso ordenamento penal, por vez primeira, no Código penal de 1995. O texto orixinal foi modificado pola Lei orgánica 11/99 do 30 de abril ante a avalancha de críticas xurdidas ó respecto en diversos sectores.

Sensible o lexislador, pola influencia de correntes e colectivos feministas, introduciu no novo Código penal, no artigo 184, este novo delicto chamado a reprimir xuridicamente os excesos cometidos por algúns individuos dende a súa desafortunada comprensión do significado das relacións interpersoais de carácter sexual.

A pesar de aducírense motivacións de rendibilidade política inmediata, así como outras de carácter técnico derivadas do feito de estar xa contempladas noutras figuras e delitos contra a liberdade, existen, sen embargo, segundo o profesor Sequeiros, aspectos positivos, coma os relativos á súa eficacia como medida de prevención xeral ó incorporarse unha figura delictuosa específica de frecuente comisión e sen embargo de escasa repercusión. Ademais de tratarse dunha medida favorecedora, aínda que de xeito indirecto, para a integración da muller no mundo do traballo, a partir da protección específica dispensada.

En calquera caso, non hai dúbida de que, en termos xerais, a incorporación do delicto de acoso sexual dálles unha resposta penal a situa-

cións que, en efecto, viñan lesionando a dignidade dos suxeitos pasivos en determinados ambientes xeradores de situacións peculiares nas que a xerarquización cobra un papel significativo, como sucede no laboral ou docente, etc.

Non obstante, a colisión do precepto comentado co principio de intervención mínima que rexe no dereito penal, fai necesaria a delimitación desta figura fronte a conductas similares reguladas noutras áreas do dereito.

Así, o artigo 4.2.e) do Estatuto dos traballadores<sup>8</sup> e o artigo 184 do Código penal presentan puntos en común, e en maior medida outros que os diferencian. Comparten como fundamento común, a idea dun respecto á dignidade da persoa menos favorecida. En ámbolos supostos a sanción das ditas infraccións comporta unha fonte de indemnizacións polos danos e prexuízos causados á vítima. Sen embargo, son maiores as diferencias que as separan. Así, o artigo 4.2.e) afecta ó empregador mentres que o tipo penal inclúe o acoso entre compañeiros; límitase estrictamente ó plano das relacións laborais mentres a figura penal acada outras ordes de conductas (docente, prestación de servizos, etc); e, finalmente, a figura social atenta contra as relacións de confianza propia do vínculo laboral e a dignidade do traballador, mentres que a penal se proxecta primordialmente sobre o exercicio da liberdade sexual. Por último, os comportamentos básicos, son igualmente diversos, xa que, mentres o Estatuto dos traballadores se conforma con *ofensas verbais ou físicas de natureza sexual*, o código penal esixe unha solicitude de favores de natureza sexual para si ou un terceiro, que provoque na vítima, no primeiro caso, unha situación obxectiva gravemente intimidatoria, hostil ou humillante e, no segundo caso, a repercusión para a vítima no medio laboral.

Feitas estas precisións, o profesor Sequeros pasou a delimitalos contornos dos comportamentos típicos co obxecto de non criminalizar indiscriminadamente tódalas relacións interpersonais nos ámbitos docentes e laborais que poidan resultar equívocas.

O dicionario da RAE define o acoso como: «a acción de perseguir sen dar tregua nin repouso ou importunar a alguén». A particularidade engadida do termo «sexual» delimita, definitivamente, o ámbito da súa persecución.

Indubidablemente, latexa na concepción do acoso do CP un comportamento agresivo respecto á muller, aínda que co seu texto non diferencia o sexo da persoa agraviada.

<sup>8</sup> O Estatuto dos traballadores reconece entre outros dereitos o do «*respecto á súa intimidade e á consideración debida á súa dignidade, comprendida a protección fronte a ofensas verbais ou físicas de natureza sexual.*»



A Recomendación da Comisión Europea, inspiradora da introducción do delicto de acoso no ordenamento penal define este comportamento como: *a conducta de natureza sexual ou outros comportamentos baseados no sexo afecta á dignidade da muller no traballo incluída a conducta de superiores e compañeiros, se:*

*a) a dita conducta é indesexada, irrazoable e ofensiva para a persoa que a sofre.*

*b) a negativa ou sometemento dunha persoa á dita conducta por parte de empresas ou traballadores (incluídos os superiores e compañeiros) utilízase de forma explícita ou implícita como base para unha decisión que teña efectos sobre o acceso da dita persoa á formación profesional e ó emprego, sobre a súa continuación, os ascensos, o salario ou calquera outras decisións relativas ó emprego; e/ou*

*c) a dita conducta crea un medio laboral intimidatorio, hostil ou humillante para a persoa que a sofre; e que a dita conducta poida ser en determinadas circunstancias, contraria ó principio de igualdade de trato.*

O delicto de acoso sexual regúlase no capítulo III do título oitavo do libro III do Código penal. Título que como é sabido contempla a ordeación dos delitos contra a liberdade sexual. A Lei orgánica 3/1989 do 21 de xuño segue as pautas dunha reforma que se dirixiu precisamente a consagra-lo valor da liberdade sexual fronte ós rasquizos moralizantes que aínda subsistían no código precedente. Da súa redacción actual despréndese con claridade cal é o ben xurídico protexido, que excede, dende logo ó da moral sexual, ó pudor, á honra sexual ou á boa fama. Produciuse, polo tanto, un adiantamento das barreiras de protección que trouxeron como consecuencia a de estimar consumado calquera delicto sexual coa mera solicitude do seu favor, sempre e cando tal anuncio veña da man dunha posible frustración das súas expectativas na orde laboral ou producira un gran desasosiego na persoa do agraviado, caso de non colmar o agresor os seus desexos lúbricos.

A natureza sexual dos comportamentos, conductas ou ofensas deben afectar á intimidade e dignidade da persoa. A conducta debe estar dirixida á obtención dunha contraprestación ou debe crear unha situación obxectiva de humillación, intimidación ou degradación.

O novo texto introducido no Código penal en virtude da Lei orgánica 11/99 do 30 de abril, distingue dúas modalidades de tipo de acoso complementadas por unha terceira que agrava as dúas precedentes:

a) O *acoso de ambientación*<sup>9</sup>: no que a propia conducta ou comportamento altera as condicións da relación converténdoa en humillante ou degradante para o suxeito que a recibe.

<sup>9</sup> Artigo 184.1 do Código penal (CP).



b) O *acoso de prevalimento*<sup>10</sup>: consistente na esixencia dun comportamento de natureza sexual para a obtención dunha contraprestación nos ámbitos de relación nos que se pode enmarca-lo acoso.

c) O acoso por razón da concorrencia na vítima de situacións de inferioridade derivadas da súa *idade*, de *enfermidade* ou *situación*<sup>11</sup>: que comporta un maior reproche penal.

O delito de acoso sexual, nas súas diversas modalidades, é un delito especial. O suxeito activo só poderá ser aquel que participe como superior ou compañeiro nunha relación laboral ou de servizo. Relación que en todo caso deberá te-la connotación de ser habitual ou continuada. No tipo de acoso de *prevalecemento* particularmente, a ofensa non só debe realizarse no seo dunha relación concreta, senón ademais, o acosador deberá ter unha situación de superioridade definida dende a que realiza-la solicitude e os seus condicionamentos.

A participación de terceiros deberá resolverse conforme ás regras xerais sobre a actuación do *extraneus* neste tipo de relacións especiais.

Atopámonos en presenza, segundo o profesor Sequeros, dun delito de mera actividade que se consuma coa mera solicitude do favor interesado sempre que concorran no resalte dos condicionamentos descritos e, en concreto, que se provoque no primeiro dos casos unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante e no segundo que a solicitude se culmine co anuncio expreso ou tácito de causarlle á vítima un mal relacionado coas súas lexítimas aspiracións se non se accede a aquela.

O profesor Sequeros rematou a súa intervención indicando que por suxestión do Consello Xeral do Poder Xudicial se preverá un derradeiro parágrafo destinado a solucionar-los problemas concursais que a figura do acoso podería presentar con relación ó delito de ameazas condicionais do art. 171 do Código penal, coa utilización da fórmula *sen prexuízo* de sancionarse o delito que contivese maior penalidade.

O segundo relatorio da tarde contou coa participación de Alfonso J. Villagómez Cebrián, que disertou sobre a organización xudicial fronte ó reto da violencia doméstica. A violencia no ámbito familiar, no que as principais vítimas son as mulleres e os menores, constitúe, sen dúbida, unha auténtica vulneración dos dereitos fundamentais á vida, á integridade física e á liberdade das persoas. O problema, non é de agora senón que vén de lonxe, polo que a erradicación total das causas que provocan a violencia doméstica non se fará efectiva ata que se modifi-

<sup>10</sup> Artigo 184.2 CP.

<sup>11</sup> Artigo 184.3 CP

quen os patróns culturais da sociedade, que impiden aínda que o dereito á igualdade e o respecto da persoa humana sexan unha realidade.

Non obstante, o problema da violencia doméstica deixou de ser un problema de ámbito privado para se converter nun dos problemas de ámbito social máis importantes. A sociedade española foi tomando conciencia da gravidade e transcendencia do problema. Xunto a isto os poderes públicos foron asumindo o papel que lles corresponde co obxectivo de logra-la plena erradicación de calquera tipo de violencia derivada das relacións familiares entre os seres humanos.

Neste sentido a Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre Dereitos Humanos que tivo lugar en Viena en xuño de 1993, definiu, con claridade, a violencia doméstica como «*violación dos dereitos humanos que ataca os dereitos fundamentais, a liberdade e a integridade física das mulleres*».

Doutra parte, a Asemblea Xeral de Nacións Unidas aprobou o 20 de decembro de 1993, unha declaración sobre «Eliminación da violencia contra as mulleres», na que se condena de forma rotunda calquera agresión, sexa física, sexual ou psicolóxica inferida á poboación feminina, tanto no ámbito da familia coma no da comunidade.

O Parlamento español, o día 25 de novembro de 1998, días antes precisamente do cincuenta aniversario da Declaración universal dos dereitos humanos aprobou unha declaración institucional na que, tras facer un recoñecemento público deste grave problema, *se compromete a impulsar cantas iniciativas se propoñan que vaian encamiñadas a prever e erradicar-la violencia e a axudar ás vítimas das agresións físicas e psíquicas, co fin de que no noso país se produza un grao de tolerancia cero da violencia contra as mulleres no plano individual, colectivo e institucional*».

O Consello Xeral do Poder Xudicial, veu seguindo esta problemática con especial atención, e así unha das súas contribucións máis importantes foi a formación de xuíces e maxistrados na problemática social e lexislativa para combater este fenómeno.

O pasado 11 de maio, o Consello de Ministros aprobaba o II Plan de acción contra a violencia doméstica, un plan no que se recolleron unha serie de medidas para tentar loitar contra un fenómeno que toda a sociedade, dende tódolos sectores da Administración e a propia cidadanía, quere atallar dunha vez por todas. O dito II plan é a continuación do I Plan de acción que foi aprobado no Consello de Ministros o 30 de abril de 1998 co fin de dar cumprimento ós acordos adoptados na Conferencia sectorial da muller na que participaron tódalas comunidades autónomas no ano 1997.

Mentres o I Plan de acción tiña unha vixencia de dous anos, co novo plan preténdese, en principio, que se prolongue ata o ano 2004, recollendo tódalas iniciativas que se foron presentando dende diferentes colectivos co fin de artellar medidas que se executen por tódolos sectores

partícipes nesta problemática, é dicir, concellos, comunidades autónomas, xuíces, fiscais, forzas e corpos de seguridade do Estado, médicos, educadores, asistentes sociais, Instituto da Muller, asociacións de mulleres, etc. En definitiva, os compoñentes de tódalas institucións e daquelas organizacións non pertencentes á Administración que levan moito tempo loitando por atopar solucións que resulten realmente efectivas.

Así, entre as solucións que se adoptaron neste II Plan de acción atopamos a da formación dunha quenda de avogados de oficio especializada, a implantación dun sistema de «telealarma» nas mulleres ameazadas, a intensificación da posta en marcha de centros de emerxencia e pisos tutelados, a formación ocupacional das mulleres en centros de acollida e a continuación de accións de sensibilización social dos medios de comunicación social. Polo tanto, pretende afrontar unha serie de medidas, que son maioritariamente preventivas, e outras, de asistencia ás vítimas destes delitos, para que as mulleres que acudan a denunciar estes feitos poidan atopar un ambiente de protección e tratamento que as convezna de que a sociedade no seu conxunto quere sacalas da situación que puideran vivir ata ese momento. Ademais, introduciranse modificacións normativas para a inhabilitación para o exercicio da patria potestade, a substitución das penas de multa por traballos en beneficio da comunidade ou a privación do dereito de posesión de armas ós agresores.

Estas medidas teñen, por outro lado, a intención de facer evidenciar a situación real da violencia doméstica que existe en España, xa que un dos problemas deste fenómeno é o descoñecemento da situación real que sofren as mulleres e a cuantificación dos feitos de malos tratos.

Villagómez Cebrián pasou a analiza-los problemas que dimanan do fenómeno da violencia doméstica nos planos organizativo, governativo e estrutural, e que teñen un reflexo indubidable na eficacia da loita xurisdiccional contra este tipo de conductas. Neste sentido, dende a organización xudicial contamos xa cunha certa experiencia. O propio Consello Xeral do Poder Xudicial, que entre as súas obrigacións como poder público se atopa a de remover calquera obstáculo que puidera dificultar a actuación dos xulgados e tribunais en tódolos ámbitos, e, en canto á violencia doméstica, realizou recentemente un estudio exhaustivo sobre a cuestión, así mesmo encargou unha mostraxe levada a cabo polo Servizo de Inspección respecto da forma en que se tramitan os procedementos por este tipo de infraccións en Madrid, País Vasco e Barcelona. E, sobre todo, contamos cos resultados do traballo que veñen levando a cabo os xulgados especializados en violencia doméstica de Elxe, Orihuela e Alacant. Ademais de todo isto, firmáronse diversos protocolos nesta materia nas localidades de Madrid, Barcelona, Girona, Fuenlabrada, Vitoria, Bilbao e Sevilla.

Por conseguinte, dispoñemos, afirmou Villagómez Cebrián, dun

acervo experimental e doutrinal do que se desprenden claramente as seguintes consecuencias :

1) A existencia de frecuentes dilacións na tramitación de procedementos deste tipo.

2) A falta de intermediación suficiente por parte do xuíz e do Ministerio Fiscal nas primeiras actuacións realizadas en dependencias xudiciais nestes casos.

3) A inexistencia dun rexistro público que permita coñecer, coa necesaria inmediatez, antecedentes de agresións similares cometidas polo mesmo suxeito en calquera parte do territorio nacional, e, en consecuencia, poder detectar a tempo e previr cautelosamente o risco de futuras agresións.

4) A falta dun trato axeitado á vítima, que teña na debida consideración a particular situación na que esta se atopa trala agresión sufrida, e que evite que o sufrimento previo se una o derivado da «victimización institucional».

A evidencia con que se manifestan estas conclusións xustifican sobradamente a necesidade de abordar con todo rigor e coa máxima urxencia un cambio lexislativo que permita modificar radicalmente as pautas de actuación dos nosos xuíces e tribunais neste campo, a fin de posibilitar que estes poidan dispensar una resposta rápida e eficaz nos supostos de malos tratos familiares, evitando as dilacións innecesarias que hoxe teñen lugar, e que nunha porcentaxe elevada son a causa do avultado número de asuntos que deben coñecer os órganos xurisdiccionais da orde penal e da ausencia de previsión normativa específica que estableza a tramitación urxente e preferente dos procedementos incoados por este tipo de infraccións.

A continuación examinou distintos aspectos concretos da problemática que nos ocupa:

a) Especialización de xulgados.

Como dicíamos, tódolos estudos recentes coinciden en poñer de manifesto que a violencia doméstica adquiriu no noso país unha dimensión cuantitativa realmente extraordinaria. Así, un estudio recentemente publicado nos medios de comunicación estimaba en case un millón as mulleres que sufriron malos tratos severos nos últimos doce meses, cifra á que habería que engadir o maltrato infantil, principalmente psicolóxico, que habitualmente está presente tamén nos fogares onde as mulleres son agredidas.

Esta importancia cuantitativa que o problema da violencia doméstica adquiriu na sociedade dos nosos días e a previsión de que as cifras de agresións denunciadas se incrementen –como consecuencia da maior

mentalización social respecto da cuestión– ata aproximarse ó número de agresións realmente producidas, determinan a necesidade de especializar xulgados nesta materia, reconvertendo os existentes ou, no seu caso, creando os xulgados de violencia doméstica no número que se estime procedente. Esta tarefa xa foi emprendida polo Consello Xeral do Poder Xudicial dentro do marco legal vixente, procedéndose á constitución de diversos xulgados desta natureza, dende que se adoptou a primeira decisión de especialización a favor do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 5 de Elxe, sobre a base na nota aprobada entón na Comisión de estudos e informes, que ó respecto sinalaba:

b) Aprobación de normas de reparto eficaces.

Como complemento do exposto na alínea anterior cabe sinalar que nas localidades onde non sexa posible ou non se estime procedente a especialización debe extremarse o celo na aprobación de normas de reparto que resulten eficaces para combater este fenómeno delictuoso, procurando que daquelas se derive a preferencia na atribución de competencia respecto destes delitos a favor do xulgado que coñecera ou esta coñecendo os anteriores feitos en que se basee a habitualidade.

c) Formación especializada de xuíces.

Non menos importante que a especialización de xulgados en materia de violencia doméstica é a formación especializada dos xuíces que os sirvan.

En efecto, se xa por si soa a violencia familiar constitúe un problema de primeira magnitude, o feito de que, frecuentemente, vaia asociada a factores criminóxenos como o alcohol e as drogas –capaces de xerar por si sós tensións sociais de enorme calado– determina que sexa preciso pór a disposición dos xuíces e maxistrados todo un completo programa formativo que lles permita coñecer en profundidade a complexa problemática que rodea este fenómeno delictuoso, cáles son as súas causas, cál é seu tratamento eficaz e qué instrumentos prevé a tal fin a lexislación vixente. Só a través da preparación específica dos que teñen responsabilidade ante un suposto de maltrato doméstico se poderá conseguir loitar eficazmente contra este tipo de delincuencia.

A este respecto, cabe destacar que na programación das actividades da Área de Formación do Consello Xeral do Poder Xudicial para o ano 2001, aparece incluída a realización dun curso formativo dirixido a xuíces e maxistrados dedicado monograficamente á violencia doméstica. Así mesmo, o mesmo Consello Xeral do Poder Xudicial é consciente de que as autoridades que teñen competencia en materia de formación de fiscais e demais funcionarios ó servicio da Administración de Xustiza xa levaron a cabo diversos programas formativos específicos nesta materia.







Todas están destinadas a protexer tanto á vítima como ós seus familiares do risco de agresións á súa persoa ou bens, que poidan poñer en perigo o dereito á integridade física ou psíquica e a súa liberdade. As tres implican a obriga de abandona-lo domicilio familiar. Sen embargo, deben terse en conta as circunstancias do imputado tales como: a situación económica, saúde, situación familiar e actividade laboral. Disto deriva a necesidade de combina-lo dereito da vítima a ser protexida cos dereitos do imputado, alleos á súa actividade delictuosa.

Finalmente, e con independencia de que non sexa preceptiva a petición da acusación pública nin privada, é importante que os fiscais velen, en aplicación do principio de legalidade e dos dereitos das vítimas, para a efectiva aplicación das novas medidas preventivas previstas na lei procesual penal, instando á súa aplicación, atendendo o perigo que represente o imputado, a necesidade de protexer á prexudicada e a gravidade dos feitos, que en definitiva son os parámetros que deben ter en conta os órganos.

A última intervención da primeira xornada correspondeulle a **Enrique Esbec Rodríguez**, psicólogo e médico forense da Audiencia Provincial de Madrid, que se centrou no tema da violencia familiar dende a perspectiva da victimoloxía forense. O enfoque victimolóxico da criminoloxía e psicoloxía é relativamente recente, e xurdiu a raíz da análise da parella penal e do estudio das vítimas das conflagracións bélicas.

«Non é o asasino, senón a vítima a culpable». Esta frase célebre de Werfel pronunciada xa en 1920 condensa e predí dalgunha maneira o cambio paradigmático que se dispoñía a experimentar a criminoloxía como ciencia a partir da segunda metade do século XX. Esgotada tal vez na busca infrutuosa dos marcadores da criminalidade na figura individualizada do delincente, vai buscar na interacción coa vítima, a explicación da criminoxénese.

A criminoloxía, xa dende Lombroso, coa esperanza de atopar-las claves socio-antropolóxicas da criminalidade, buscou determinantes xenéticos, psicopatolóxicos, morfobiolóxicos e socioculturais da conducta desviada, centrándose exclusivamente na figura do infractor da lei. O esquecemento da vítima por parte da psicopatoloxía forense tamén foi absoluto, e non é difícil atopar nos tratados desta disciplina<sup>12</sup> nin nos de medicina legal algunha referencia, aínda que sexa mínima. Pola súa parte, o dereito penal interesouse máis pola inimputabilidade do delincente que polas súas vítimas.

O interese pola vítima do delicto é moi recente. Existe consenso, practicamente xeral, en sinalar e homenaxear ás figuras de H. Von He-

<sup>12</sup> Sirva de excepción a magnífica obra de Bulglass e Bowden.

ting e B. Mendelsohn como pioneiros dunha nova disciplina: a victimoloxía<sup>13</sup>. Ambos, en esencia, veñen sinalar que a criminoloxía depende, non dunha reduccionista antropoloxía e socioloxía criminal, senón dunha complexa relación entre vítima e victimario, figuras que non ocupan posicións antinómicas, senón que interaccionan; os seus roles respectivos imbrícanse e mesmo chegan a confundirse. No que Mendelsohn denomina a «parella penal», a vítima (que xa non é considerada necesariamente como «suxeito pasivo» do delito) pode contribuír, con maior ou menor culpabilidade, á súa propia civilización.

Pero a victimoloxía non se vai ocupar tan só da comprensión do fenómeno criminal a través desa posible imbricación, senón que pretende un coñecemento, o máis exacto posible, da criminalidade real, unha especial consideración ós fenómenos psíquicos e problemas socio-financeiros xerados pola victimización e unha sensible mellora dos sistemas de apoio e satisfacción.

Por outra parte, tamén existen outras moitas vítimas sociais ademais das que o delito xera, polo que o definitivo deslinde entre criminoloxía e victimoloxía se atopa en debate e o propio Mendelsohn pediu esa ruptura.

Non obstante, o relator limitou a súa intervención á esfera das vítimas individuais por delito, que acaparan a atención do forense (psicólogo, psiquiatra, médico...) no seu quefacer habitual, centrándose especialmente en aspectos relacionados coa briosía psicoloxía forense.

Se ben se extraeron diversas tipoloxías victimales que magnifican as relacións entre o autor do delito e vítima, e resulta importante o concepto de vítima secundaria e indirecta, o relator centrouse especificamente nos factores sociodemográficos de risco e vulnerabilidade. Fixo unha especial énfase nos factores de risco: vítima «predisposta», «potencial» ou «latente» e, especialmente, nos de vulnerabilidade tanto psicolóxicos coma transcendentais, elementos moduladores da victimoloxía.

O relator destacou o gran número de investigacións con respecto ás actitudes sociais fronte ó fenómeno da agresión sexual e cómo estas poden dificultar a recuperación das propias vítimas. Certos estudos (Pino e Meier, 1999) poñen de manifesto que as vítimas en xeral se mostran reticentes a denuncia-los feitos cando estes non encaixan no que sería unha situación estereotípica de agresión sexual; os únicos factores que

<sup>13</sup> En 1941 Hens Von Heting publica o traballo *Remarks on the interaction of perpetrator and victim* e en 1948 a súa obra clave *The criminal and his victim*.

Benjamin Mendelsohn escribe en 1937 un traballo sobre a importancia da personalidade da vítima na criminoloxía: *Method to be used by counsel for the defence in the researches made into the personality of the criminal*, publica en 1946 *New bio-psychosocial horizons: victimology*, e en 1947 pronuncia un relatorio sobre victimoloxía en Bucarest.

parecen incrementa-la probabilidade de denuncia son a existencia de lesións físicas (xeralmente graves) e o uso dalgún tipo de arma por parte do agresor. Culpar á vítima por que fora agredida é unha forma de «victimización secundaria» na que estas poden sentir culpa ou vergoña polo *feedback* negativo que reciben sobre a súa conducta. Rematou a súa intervención salientando a atención que nos últimos anos se lle prestou á interacción da vítima co sistema legal e cos profesionais da saúde, e subliñouse a necesidade de mellora no trato personalizado deste tipo de vítimas, así como a modernización e desenvolvemento dos centros de asistencia comunitarios.

Comezou a segunda xornada co relatorio, dedicado á análise sociolóxica da violencia no ámbito familiar, do profesor de socioloxía da Universidade Autónoma de Madrid, **Gerardo Meil Landwerlin**. O novidoso da violencia doméstica, afirmou Meil Landwerlin, non deriva da súa existencia, senón da toma de conciencia da súa existencia así como, sobre todo, da crecente perda de «comprensión» da que gozaba na sociedade e do rexeitamento social activo que suscita de xeito crecente. Neste sentido, non se trata de que se soubera que isto sucedía, senón que deixou de considerarse un asunto privado para converterse nalgo socialmente condenable e tamén legalmente punible, ata converterse nun problema social. No imaxinario colectivo, a familia está deixando de ser considerada só nos seus aspectos positivos como espacio de amor e solidariedade desinteresada fronte a un mundo despersonalizado, competitivo e interesado, para ser vista de xeito máis realista, considerando tamén os seus aspectos negativos e os seus riscos potenciais.

Varios son os factores que contribuíron nas derradeiras décadas a despoxa-la violencia doméstica do seu carácter privado para convertelo nun problema social. Polo que se refire á violencia contra as mulleres, o principal motor que elevou a violencia doméstica á categoría de problema social foi o movemento feminista, desenmascarando e denunciando as relacións de poder entre os sexos e as súas consecuencias en tódolos ámbitos da vida social e individual para as mulleres. Un dos factores é a transformación do modelo de relacións familiares dende un modelo tradicional cunha forte xerarquización dos roles familiares e domésticos en función da idade e o sexo a un modelo máis «democrático» no sentido de equiparación legal dos dereitos e obrigacións dos cónxuxes e unha práctica máis consensuada na toma de decisións en tódolos ámbitos do espacio doméstico.

Afirma Meil Landwerlin que en España este cambio produciuse ó abeiro das transformacións sociais, políticas e xurídicas postas en marcha pola transición política cara á democracia, aínda que as bases sociais destes cambios xa foran establecidas con anterioridade. Así, as primeiras esta-

tísticas sobre os casos de malos tratos á muller publicáronse na prensa a partir de 1983 e un paso importante no plano das políticas sociais foi o establecemento en 1984 das primeiras casas de acollida para mulleres maltratadas. Outro fito importante neste contexto foi a elaboración do Plan integral contra a violencia doméstica en 1997.

Respecto das cifras, o primeiro problema que se presenta á hora de aborda-la violencia doméstica é o de definir qué é o que se entende por violencia doméstica. A cuantificación do alcance deste fenómeno, a diferenza da cuantificación doutros fenómenos sociais, é unha tarefa non só complexa, senón difícil de lograr debido tanto ás representacións sociais sobre o que é a violencia doméstica, coma ás reticencias das vítimas ou do seu contorno a recoñecer que son obxecto de violencia doméstica. Unha das fontes de información sobre o seu alcance son as denuncias presentadas nas comisarías de policía, pero estes datos só proporcionan unha visión limitada do alcance do fenómeno, pois só nun número de casos se chegan a presentar denuncias.

Unha forma alternativa de medi-la incidencia da violencia doméstica son as enquisas dirixidas á poboación no seu conxunto ou a un determinado subgrupo. Esta técnica de enquisa comezouse a aplicar recentemente para medi-lo alcance da violencia contra as mulleres, pero non así contra os nenos para os que só se dispón de datos sobre denuncias ou casos tratados polos servizos sociais. Os resultados que dan estas enquisas evidencian graos de incidencia moi diferentes segundo sexan as formulacións das preguntas.<sup>14</sup>

O profesor Meil Landwerlin interrogouse polos factores que explican o recurso á violencia doméstica no espazo familiar. Coa emerxencia da sociedade moderna, a vida familiar pasa a perder de forma crecente as tradicionais funcións económicas e educativas que viñan cumprindo na sociedade tradicional para especializarse aínda máis nas funcións de satisfacción das necesidades afectivas dos cónxuxes e na socialización dos fillos. Co proceso de modernización, polo tanto, a vida familiar sobrecargouse con funcións expresivas das persoas así como compensatorias das dificultades, tensións e frustracións na vida pública ó tempo que a forma en que se satisfán estas funcións substituíuse o control social exercido polo contorno. Na actualidade, ademais, estase asistindo ó que denominamos postmodernización da vida familiar (Meil, 1999), caracterizada pola transformación dos roles tradicionalmente asignados ós xéneros sobre a base dunha renegociación entre os cónxuxes implicados do seu contido.

<sup>14</sup> Número de denuncias presentadas en 1999: 38.783. Un 16% máis ca en 1997, nas que un 76% das vítimas eran mulleres e o 24% homes. No 2001 aumentaron un 15% respectó ó 2000, cun total de 57 vítimas mortais.

Todas estas circunstancias creanlles moitas esixencias ós membros da familia, facendo desta tamén un lugar propicio para xerar moitas frustracións. Agora ben, tanto as frustracións xeradas dentro do espacio familiar coma as que se xeran fóra del non teñen por qué traducirse necesariamente en violencia contra os máis próximos, pero si é un contexto moito máis propicio ca outros (por exemplo, o laboral, configurado sobre a base de características diametralmente opostas) para que así suceda se se dan unha serie de circunstancias que abordaremos un pouco máis adiante.

Ademais destas características, a familia é despois do traballo, o espacio social onde maior tempo se inverte, núcleo propicio para que xurda o conflito múltiple, particularmente, aínda que non exclusivamente, cando se cuestionan ou se desafían as xerarquías de autoridade (os fillos reclaman o control sobre o mando da televisión, a muller reclama a colaboración na realización das tarefas domésticas, o home reclama a satisfacción das súas necesidades sexuais e un longo etcétera). As desavenencias non teñen por qué conducir a conflitos, aínda que poden facelo facilmente xa que se coñecen os puntos débiles do outro, e os conflitos como mecanismo para avanza-los intereses individuais non teñen por qué resolverse con violencia, pero as ocasións son múltiples para que así suceda, sobre todo, se se dan unha serie de circunstancias entre as que se poden destaca-las seguintes:

1. Se culturalmente hai aprobación para a utilización da violencia co obxecto de exercer o control sobre os demais ou, alomenos, hai comprensión ou exculpación na súa utilización, definindo as situacións con etiquetas sociais como «fóiselle a man», «perdeu os estribos», etc. que condenan as condutas ó tempo que tenden a diluí-la responsabilidade.
2. Se non trascende do espacio privado familiar.
3. Se se aprendeu a responder violentamente para lograr alcanza-los obxectivos obxectivos e intereses personais.
4. Se existe unha dependencia socioeconómica elevada e relacións de poder asimétricas importantes.

Dadas todas estas circunstancias no debería resultar estraña a existencia da violencia doméstica, particularmente se no ámbito social no seu conxunto está socialmente lexitimada e sistematicamente difundida.

A continuación, Meil Landwerlin expuxo as principais teorías explicativas da violencia doméstica.

Inicialmente a violencia doméstica tendeu a explicar fundamentalmente a partir dunha única causa o factor dominante, centrando a atención ben nos riscos psicopatolóxicos do agresor, ben no consumo de alcohol e drogas, ben na transmisión interxeneracional dos modelos



de comportamento violento. Este tipo de explicacións unicasais pasaron formar parte do sentido común e das teorías populares sobre a violencia doméstica, pero este é un produto complexo no que interveñen factores psicolóxicos, interpersonais, sociais, históricos e culturais e só pode comprenderse indo máis alá de explicacións unicasais para tomar en consideración o contexto sociocultural no que ten lugar, así como os riscos da personalidade das partes implicadas. Dentro das teorías multicasais é preciso distinguir entre as teorías sociolóxicas, que poñen o acento fundamentalmente na dimensión sociocultural do fenómeno, e as teorías psicolóxicas, que poñen o acento en maior medida en riscos da personalidade individual (sen esquecer, non obstante, a dimensión social do fenómeno).

Os riscos fundamentais das principais teorías sociolóxicas sobre o fenómeno da violencia doméstica son:

A *Teoría da tensión familiar* entende a violencia familiar como unha resposta individual, pero socialmente construída, a situacións de tensión no espazo familiar ás que os individuos recorren como reacción á falta de control sobre as ditas situacións. As situacións de tensión poden proceder de circunstancias alleas ou propias á dinámica familiar, aínda que é frecuente que ámbalas dúas interactúen reforzándose mutuamente. Entre os causantes da tensión que maior influencia teñen na dinámica familiar e que a investigación social evidenciou como factores de risco máis evidentes atópanse as dificultades económicas derivadas da pobreza, falta de emprego e de recursos económicos suficientes, pero tamén poden derivar doutras circunstancias como o coidado de enfermos crónicos ou de diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais, particularmente cando se carece de servizos de apoio.

Respecto da *Teoría ecolóxica*, o profesor Meil Landwerlin, dixo que este modelo explicativo foi inicialmente desenvolvido por Garbarino para dar conta do maltrato infantil, e para dar conta tamén da violencia exercida contra outros membros da familia e recolle baixo un esquema interpretativo distinto parte dos elementos anteriormente sinalados. A explicación da violencia doméstica parte da análise dos contextos sociais nos que están insertas as familias, e distínguense catro niveis na definición do contexto social no que se desenvolven as familias.

O relator concluíu coa exposición da *Teoría do intercambio social*, unha teoría social amplamente utilizada na análise da sociedade en xeral e da familia en particular, que foi aplicada á análise da violencia doméstica na súa dimensión do maltrato físico e, por extensión, tamén ó maltrato psíquico por Gelles (Gelles y Comell, 1990). Esta teoría parte do suposto de que a interacción humana está guiada pola busca de recompensas e a evitación de castigos ou custos.



Na opinión do profesor Meil Landwerlin cada teoría ten contribucións específicas así como limitacións. Sen embargo, cada unha delas salienta a grande complexidade desta indesexable dimensión da realidade familiar que require dunha estratexia de afrontamento plural en tódalas súas dimensións da realidade social e, entre elas, a xudicial, que é a que neste contexto nos ocupa, e isto co fin de aumenta-lo control social e a percepción subxectiva dos custos derivados do recurso á violencia no espacio familiar.

O segundo relatorio matinal correu a cargo do presidente da Audiencia Provincial de Alacant, **Vicente Magro Servet**, sobre as propostas para unha reforma legal integral en materia de violencia doméstica. Magro Servet afirmou que estamos asistindo nos últimos tempos a unha mellora na busca de novas ideas e novos obxectivos no tratamento da violencia doméstica. As cifras no número de denuncias seguen un crecemento reducido pero sostido e isto anímanos a pensar que está cambiando a filosofía do problema e que a muller que é obxecto do maltrato está comezando a percibir unha maior sensibilidade por parte de tódolos colectivos e administracións. Nesta liña, demóstrase que a maior transmisión de iniciativas e proxectos para a muller maltratada produce un efecto positivo de recepción de confianza en que algo está a mudar na sociedade nesta materia. Un exemplo deste cambio atopámolo na iniciativa que se adoptou polo CXPJ no Pleno de data 1 de decembro de 1999 que autorizou a constitución de tres xulgados especializados en materia de violencia doméstica e que ofreceu, como plan piloto, uns resultados moi positivos co fin de transmitirles ás mulleres a posibilidade do tratamento especializado nun so órgano. Esta idea foi recollida positivamente polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Ministerio de Xustiza ó incluíren a especialización dos órganos xudiciais no denominado II Plan de acción contra a violencia doméstica.<sup>15</sup>

Pero pese a que se están incrementando as medidas de protección e se está a traballar intensamente en buscar vías de solución ó problema, segue sendo imparable o incremento das noticias que nos poñen de manifesto a existencia de malos tratos a mulleres un día si e outro tamén. Asegura Magro Servet que non lembra unha sucesión tan repetida de feitos sobre o mesmo tipo penal que motivara unha reacción social tan importante como a que estamos a vivir nos derradeiros anos. O certo é que son dúas as circunstancias que conflúen e nos mostran a verdadeira cara desta situación. Por un lado, as mulleres deron un paso valente e

<sup>15</sup> V. MAGRO SERVET. «Los juzgados especializados en violencia doméstica». Na revista *La Ley* 28/05/2001.

decidido á hora de acudir ás comisarías ou xulgados de garda denunciando situacións que antes non se atrevían a denunciar, o que producía un número máis reducido no número de expedientes que se tramitaban en comisarías e xulgados cós que agora mesmo nos ocupan.

En consecuencia, non é que agora se produzan máis agresións ás mulleres por parte do seu cónxuxe ou parella, senón que antes existían unhas denominadas «cifras negras», é dicir, non reais, motivadas polo factor antes indicado. Existía o maltrato, pero non se denunciaba. Hai que lembrar que en moitos foros de debate se puxo de manifesto este feito, xa que a consideración desta situación como «privada», dentro da familia, non favoreceu o coñecemento da súa magnitude, e é esta a explicación do feito comprobado de que moitas mulleres maltratadas non denunciaron estas situacións ata a data, considerándose que só o 10% dos malos tratos se estaban denunciando ata datas recentes nas comisarías españolas.

Unha das razóns principais da elevación dos índices estatísticos céntrase nese paso decidido a acudir a comisarías e xulgados a denuncia-lo que antes non denunciaban e é que a muller temía que co cárcere todo ía empeorar, equivocándose porque o silencio daba novas forzas ó agresor.

Por outro lado, os medios de comunicación social están a ter un efecto inmediato na reacción que se está a producir na sociedade española, a cal está recollendo a testemuña da chama prendida por aqueles para esixir solucións a este problema que parece non ter fin. É esta unha proba máis da influencia dos medios de comunicación social na denuncia, primeiro, e busca de solucións polos responsables, despois, con respecto daqueles feitos que si permanecen no silencio non obterán nunca unha resposta directa e efectiva. Non é certo que os malos tratos experimentaran na actualidade un incremento alarmante, –aínda que da súa realidade ninguén pode dubidar–; xa que o que realmente ocorreu é que aumentou a sensibilidade social fronte a conductas que, aínda constando a súa existencia no pasado e no presente, agora non se queren tolear máis. Por isto, enténdese que nos atopamos non ante unha nova forma de criminalidade descoñecida ata agora, senón todo o contrario: un melloramento da sociedade, ou alomenos, un intento de mellorar a través de institucións xurídicas novas nas que se tenta establecer un importante arco protector para as mulleres que foron ata a data obxecto de maltrato.

Pese a todo, podémonos e debémonos preguntar ¿como está respondendo a sociedade ás mulleres maltratadas?, porque o certo é que, desgraciadamente, en moitas ocasións se escoitaron frases realmente desalentadoras na busca dun avance nesta materia, tales como ¿que fixo para que o seu home lle zoupe?

As reformas que se están producindo neste campo son moi importantes. Por exemplo, na esfera policial produciuse unha mellora importantísima na atención dispensada polos profesionais demostrando unha importante percepción do problema.

Magro Servet dixo que non podemos esquecer que gran parte das reformas lexislativas producidas no noso país nesta materia tiveron un arranque social a raíz do empuxe que dende diversos foros se realizou para lembrar que había que modifica-la lexislación na medida en que era preciso ampliar e clarifica-las conductas nas que a muller estaba sendo vítima en toda a extensión da palabra.

Grande importancia tivo nesta concienciación o Instituto da Muller. Na súa lei de fundación do 24 de outubro de 1983 lembra que «un cometido do Instituto da Muller era estudar a situación da muller española nos seguintes campos: legal, educativo, cultural, sanitario e sociocultural recompilando información e documentación relativa á muller e elaborando os correspondentes informes.

Lembra, para estes efectos, que esta institución tivo un obxectivo importante por canto ata 1983 existían en España, en comparación cos países de noso contorno, moi poucas investigacións sobre a situación das mulleres. Por isto, entende Magro Servet que tódolos foros como o presente nos que se está debatendo esta cuestión van contribuíndo a aumentar esta conciencia social de que «hai algo máis aínda por facer nesta materia».

En canto ó concepto de violencia producida no seo da familia debemos destaca-la definición que se ofreceu no 1º Congreso de organizacións familiares que tivo lugar en Madrid (decembro de 1987), como «Toda acción ou omisión dun ou varios membros da familia que dea lugar a tensións, vexacións ou outras situacións similares nos seus diferentes membros». Neste sentido, na publicación titulada «A violencia contra a muller» elaborada no ano 1991 polo Ministerio do Interior-Ministerio de Asuntos Sociais-Instituto da Muller lémbrese que os aspectos definitorios dos malos tratos á muller son:

- a) os producidos no ámbito doméstico, privado.
- b) os equiparables a modelos de conducta e de comunicación propios dunha relación asimétrica de dominación.
- c) a relación de afectividade que ten o agresor coa vítima.

Seguidamente, o relator abordou o alcance institucional na protección das mulleres maltratadas. «O Consello Xeral do Poder Xudicial manifestou dende hai tempo unha fonda preocupación polas situacións de violencia doméstica, e é plenamente consciente, no ámbito das súas competencias, da necesidade de habilitar medidas razoables e eficaces para afrontar tan grave problema». Deste xeito comeza o informe emi-

tido pola Comisión de estudos e informes do CXPX, para o efecto da encomenda do Pleno do CXPX de data 14 de xaneiro de 1998 de elaborar unha análise na que se debían abordar as eventuais medidas ou reformas normativas que puideran resultar de interese por mor das sucesivas xornadas que sobre o tema da violencia doméstica se celebraron neste órgano en colaboración co Instituto da Muller. O informe elaborado para o efecto pola citada Comisión foi aprobado polo Pleno do CXPX na reunión do 19 de xuño de 1998.

A colaboración directa que existe, pois, e existiu entre o Instituto da Muller e o CXPX deu lugar á elaboración de senllas xornadas, as primeiras dedicadas á análise da violencia doméstica exercida contra a muller no ámbito familiar e as segundas sobre os delitos contra a igualdade nas que, coa participación de xuíces e maxistrados, responsables administrativos e xuristas expertos de diversos países se analizaron os diferentes puntos de vista arredor das causas e a orixe que motivou o desencadeante deste ataque desmedido contra a muller como suxeito pasivo, así como a situación da lexislación aplicable a estes feitos e as posibles reformas que se deberían adoptar para loitar contra este fenómeno que non é ningunha novidade e que estivo oculto na propia intimidade da muller por determinadas circunstancias que sería necesario analizar.

A ocultación do fenómeno produciu que ata hai ben pouco tempo a sociedade non fora consciente da gravidade dunha situación que por quedar oculta no seo da familia non traspasaba as fronteiras do domicilio particular, levando a unhas cifras inexactas en canto á realidade dos feitos de malos tratos que se producían día a día en moitos fogares españois.

Ata o ano 1983 non se recolleran datos estatísticos das denuncias que se presentaran por malos tratos. Isto daba unha idea da total ausencia de sensibilidade ata datas ben recentes (estamos falando de menos de vinte anos) dun problema que se deslizaba como un feito máis que se acudía ás comisarías e xulgados se consideraba como un caso illado dos ilícitos penais que se cometían día a día en diferentes zonas e puntos da nosa xeografía.

Do mesmo xeito, fáiase constar que das 91 mulleres falecidas no ano 1997 a maioría denunciara nalgunha ocasión a súa situación persoal sen que se lle dera unha resposta efectiva ó problema presentado, o que nos dá unha idea da auténtica necesidade que a sociedade ten de ofrecerlles unha resposta ás mulleres que estiveron sufrindo malos tratos, a fin de evitar que a agresión remate en homicidio tal e como, desgraciadamente, se deu en moitos casos.

Agora temos cifras máis ou menos aproximadas, pero antes de 1983 a inexistencia de cifras reais nesta materia unida á incompreensión que se producía ante este fenómeno acrecentou o problema para situalo nun

ilícito máis, cando está claro que as agresións e malos tratos a mulleres se sitúan nun marco de auténtica degradación da persoa humana agravado polo sufrimento que tiveron que padecer aquelas mulleres que non tiveran forzas nin axudas que puideran vence-lo seu grave problema.

Por todo isto, dende hai algún tempo estase a percibir un sentimento social que asumiu a gravidade desta situación ó amparo do importantísimo labor de concienciación que se desenvolveu dende o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais por medio do Instituto da Muller.

Para pecha-la súa intervención, Magro Servet chamou a atención sobre as medidas que se van adoptar, ou se están adoptando, na loita contra a violencia doméstica.

- 1.- Así, salientou a repercusión do II Plan de acción contra a violencia doméstica, aprobado o 11 de maio de 2001, onde se recollen unha serie de medidas para tenta-la loita contra un fenómeno que toda a sociedade, dende tódolos sectores da administración e a propia cidadanía, quere atallar dunha vez por todas.
- 2.- Outra das medidas que se está a cuestionar é a relativa á especialización de xulgados, fiscais e persoal asistente nesta materia, a fin de estender a nivel nacional o exemplo de Alacant, Elxe e Orihuela. As cifras falan por si soas do grao de confianza que inspirou a posta en marcha destes xulgados especializados ás mulleres que eran obxecto de malos tratos, ó comprobar que podían ser atendidas cun tratamento específico e individualizado.
- 3.- Implicación da sociedade no fenómeno da violencia doméstica.
- 4.- Políticas de prevención.
- 5.- Mellora das canles de información institucional.
- 6.- Fomento das políticas de educación en valores.
- 7.- Actuación coordinada entre tódalas administracións que están implicadas no tema.

As súas derradeiras palabras mostraron a súa confianza nas medidas a favor da loita contra a violencia doméstica incluídas no II Plan de acción aprobado polo Consello de Ministros do día 11 de maio de 2001, que mostran a plena intención de resolve-lo problema, pero soamente se unimos esforzos, ideas e iniciativas avanzaremos.

#### ■ MESA REDONDA – *A violencia intrafamiliar*

En primeiro lugar tomou a palabra Nicole Marco, secretaria xeral do Servizo Galego de Igualdade (SGI). O SGI é un organismo autónomo que precisamente ten entre as súas funcións promove-la igualdade de oportunidades nas mulleres. A relatora advertiu que non foi ata 1975 cando a



ONU cuestiona o problema da violencia doméstica. É nos anos oitenta cando se comeza a ter en conta a violencia doméstica coma un delicto encuberto, ademais de se-lo delicto máis frecuente do mundo. É nos anos noventa cando realmente, de xeito específico, se reconece a violencia contra as mulleres coma un atentado contra os dereitos humanos. Segundo estes datos, non é estraño que exista un organismo coma o SGI.

O artigo 1 da Declaración sobre a discriminación contra as mulleres mostra que a violencia foi ata fai pouco un acto aceptado culturalmente, que pertencía á vida privada. Polo tanto, é un problema contra o que deben reaccionar los poderes públicos, os axentes sociais, as institucións e a propia sociedade. No se trata dun fenómeno de ámbito menor que afecte a subsectores marxinais.

Existe un informe da ONU no que reconece que a violencia doméstica é a causa máis importante de morte e incapacidade da poboación feminina, por diante do cancro e a malaria, o que nos debe levar, sinala a relatora, a tomar conciencia do problema. Así mesmo, afirmou que unha das primeiras medidas correctoras do fenómeno nas que se pensa é a do dereito penal, en medidas drásticas que protexan ás vítimas, medidas de afastamento, etc. Preténdese que as medidas contra o agresor se cumpran inmediatamente. É certo, afirma a relatora, que trala derradeira reforma do Código penal de 1999 avanzouse un paso no que concirne á «habitualidade», á inclusión da «violencia psíquica», é dicir, a ampliación do ámbito subxectivo.

Sen embargo, a relatora estima que o dereito penal non é unha panacea. Ó seu entender, a primeira actuación debe se-la prevención. O dereito penal xurdirá unha vez cometido o acto de violencia doméstica. Cómpre previla violencia doméstica dende pequenos, e para iso, entende Nicole Marco, a arma é a educación, transmitindo nas escolas valores positivos que sirvan para adquirir unha posición crítica cara aqueles estereotipos nos que se baseou a relación interxéneros. Tamén é necesario traballar co persoal docente, facéndolles saber cal é o rol que eles desempeñan nesa transmisión de valores positivos.

Pero tamén é moi importante o papel da familia como axente socializador, fundamental no proceso educativo, formativo e de adquisición da identidade persoal dos nenos e nenas. Por iso cómpre que as nais e os pais e todo o persoal educativo xunten esforzos para tentar inculcar na xente nova uns valores diferentes ós que ata agora se viñan transmitindo. Polo tanto, dende o SGI estase a traballar coa educación mediante a realización de seminarios sobre educación permanente para a igualdade, traballando co persoal docente, pais e nais, a través de foros de debate. Tamén se está a traballar cos medios de comunicación, xa que hai que ter en conta a súa función como vehículos de información e de modelos de conductas. O SGI ten un número de teléfono gratuíto para toda Galicia



no que se pode obter información legal, laboral, asesoramento, etc. Ademais, existe unha rede de información á muller, fundamentalmente rural, apoiados por persoal especializado: psicólogos, avogados, asistentes sociais, sen esquecer os centros de acollida existentes.

Para rematar, a relatora quixo destaca-la importancia dun sistema de «teleasistencia» a disposición das mulleres susceptibles de sufrir agresións físicas. Entrégaselles un teléfono móbil que poden utilizar no caso de perigo e solicita-lo socorro da policía. Resaltou, así mesmo, un programa de asistencia psicolóxica e terapéutica a maltratadores.

Seguidamente tomou a palabra Teresa Rey Barreiro-Meiro, directora xeral de Familia, para introducir o tema da violencia contra os nenos. O marco lexislativo, integrado tanto pola Lei de servizos sociais coma pola Lei de familia, e o Plan integral de apoio á familia, obrigan á Administración galega e, concretamente, á Consellería de Familia a levar a cabo as políticas de protección dos nenos e os seus dereitos. Para isto, dende o ano 1994, púxose en marcha o Plan integral de apoio á familia, e dentro deste plan integral incorporouse o «teléfono do neno», que lle permite conta-los seus problemas, especialmente os actos de malos tratos. Dende a súa posta en marcha recibíronse 80.000 chamadas de atención. Destas, 19.665 presentaron algún tipo de problemática ós psicólogos e pedagogos do servizo. Por sexo, chaman máis as nenas cós nenos, e dentro do conxunto chaman máis os comprendidos entre 11 e 18 anos. A problemática con maior índice son os malos tratos ós nenos; en segundo lugar figuran as dificultades nas relacións sentimentais; en terceiro lugar aparecen os problemas nas relacións sentimentais cos pais e outros nenos. Chaman moito máis das provincias de Pontevedra e A Coruña, xa que Ourense e Lugo teñen menos poboación.

A relatora afirmou que, ademais dos malos tratos físicos, o abandono temporal ou permanente e os malos tratos emocionais tamén entran dentro da categoría de violencia doméstica. Así, os insultos, desprezos, ameazas, bloqueo de toda iniciativa, abandono emocional, ausencia de resposta a todo sinal ou expresión de emocións, interacción, contactos, explotación laboral, corrupción, maltrato prenatal, *síndrome de Münchhausen* por poderes, forman parte da violencia contra os nenos.

Así mesmo, a relatora fixo mención dunha guía do ano 1997 para a detección de situacións de malos tratos. Esta vai dirixida ós profesionais de organismos que poden ser fonte de informacións salientables no proceso de intervención ante situacións de malos tratos e abandono á infancia, especialmente na fase de tensión. É necesario, polo tanto, contar cos profesionais, traballadores familiares, educadores, pediatras, mestres, etc, que están a facer un labor importante na loita contra este fenómeno social.

A sensibilización social respecto dos temas da infancia vai medrando. Deste xeito, dende a Administración cómpre transmitir uns indicadores fiables para axudar a identifica-las situacións de risco para os nenos e nenas. Sábese que só unha pequena parte das situacións, de malos tratos son detectados, pero estase a traballar cuns programas moi específicos pata tentar solucionar este problema.

A relatora sinalou que existen dous programas de atención directa: o «Programa de atención familiar», dentro do cal atopamos, en primeiro lugar, o servizo de «intervención urxente especializada» con equipos nas catro delegacións; en segundo lugar, o «Programa de integración familiar ou integración», se temos en conta que despois do dereito á vida, os nenos/as teñen dereito a vivir no seo dunha familia xa biolóxica, xa alternativa. Así, a primeira acción e traballar coa familia biolóxica para que o neno/a poida volver ó seu seo. Existen dous equipos que se dedican á familia por un lado e ó neno/a polo outro. Se o problema é económico subminístrase unha cantidade que poida salva-la desatención ou malos tratos.

A Consellería de Familia atópase xa na segunda fase, é dicir, traballando dende o punto de vista da prevención, con familias en risco de accións de malos tratos. As cifras indican 192 casos preventivos de familias nesta situación.

Teresa Rey rematou a súa intervención destacando o protocolo de actuación en casos de abuso sexual a menores. Protocolo consensuado co delegado do Goberno en Galicia, o conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e, finalmente, Consellería de Familia, da que partiu a iniciativa. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza, o fiscal-xefe e máis o valedor do pobo. Todas estas institucións puxéronse de acordo para levar a cabo un protocolo que atenda ós nenos/as de abusos sexuais e para que non sexan dobremente vítimas do fogar familiar ou afectivo e pola Administración.

**José Vázquez Gómez** comezou a súa intervención salientando a función dos medios de comunicación como vehículos de información, de transmisión á sociedade das accións dos organismos políticos e administrativos. É necesario informar sobre as cifras que inundan fenómenos coma o da violencia doméstica, pero a eficacia deste labor queda limitado por dúas cuestións. Unha é a que o relator chama ausencia de identificación das noticias. Un dos axiomas da información é saber qué, cándo e ónde se produciu unha noticia. No caso concreto da violencia doméstica, esta ausencia de identificación é o que resta eficacia á transmisión destes datos. Xa que, a maior parte das vítimas que acoden a un medio de comunicación tratan de oculta-la súa desgracia manifestando que o que lle está a suceder non é a ela mesma, senón a unha persoa

amiga, familiar, veciña, etc, que por medo non se atreve a denuncia-los feitos.

En realidade o xornalista dáse conta de que a vítima real é a mesma persoa que está diante ou ó teléfono, pero ninguén se responsabiliza da pretendida denuncia, polo que un medio de comunicación non pode publicar algo do que ninguén pode confirmar ou contrastar. Polo que a eficacia de publicar uns datos anónimos que recorda a unha noticia, simplemente testemuñal, pero sen a transcendencia e o rexeitamento público que merecen.

Existe outro medio utilizado polas vítimas para que un xornal teña noticia de feitos desta natureza, son as cartas ó director. Unha sección da que o relator foi responsable no xornal *La Voz de Galicia* durante quince anos, e nunha época onde se carecía da conciencia que hoxe se presume na sociedade e nos poderes públicos. Así, nos anos oitenta, onde a pasividade e o escurantismo sobre este fenómeno caracterizaban á sociedade, estas cartas ó director eran o único instrumento para darlle publicidade á violencia doméstica. A confianza na xustiza era nula, e tampouco existían na Administración os mecanismos de resposta que, aínda coas súas limitacións, existen hoxe. A propia sociedade impuña un silencio molesto, pero real, de xeito que era difícil atalla-los actos de maltrato familiar. Así, non quedaban moitas vías de escape, de xeito que a sección dos xornais «cartas ó director» converteuse na caixa de resonancia dalgúns destes problemas de violencia familiar.

Hoxe en día, e estamos a velo tódolos días nos xulgados, unha muller vítima dunha agresión sexual ten menos prexuízos en denunciar publicamente, coa seguridade en que a sociedade mostrará toda a súa comprensión e apoio.

O xornalista José Vázquez destacou a dificultade dos medios de comunicación para penetrar na esfera privada sen dana-la protección das verdadeiras vítimas, sobre todo mulleres e nenos. E isto, incluso, cando xa se produciu a denuncia ou a posterior condena nun xulgado. O relator insistiu no dilema en que se atopan os medios de comunicación entre publica-lo nome dos agresores, incluso reincidentes ó longo dos anos, ou salvagarda-lo nome das vítimas. Destacou a necesidade de crear mecanismos que permitan prever este tipo de actos de malos tratos. Non basta dicir que denuncien, hai que ofrecerlles unha seguridade para que poidan desenvolver-la súa vida en paz.

Debemos empeñarnos en que a sociedade asuma esta realidade e contribúa de forma solidaria a minora-las desgracias das vítimas. Neste contexto, os medios de comunicación están obrigados a publicar, e mesmo facer campaña, sobre as consecuencias da violencia familiar, pero de momento non poden ser máis que meros altofalantes das queixas dalgún caso concreto pola súa notoriedade. Sen embargo, si poden

publica-las cifras e analiza-las causas que as provocan, actuando tamén como vehículos de información para que a sociedade tome conciencia de que é necesario impulsa-la acción das institucións e organismos públicos dotándoas dalgúns instrumentos axeitados para paliar esa lacra da violencia doméstica. Finalmente, o relator mostrouse convencido de que a eficacia dos *mass media* queda limitada pola lexítima protección das vítimas que permite que os maltratadores queden no anonimato.

A rolda de intervencións rematou co relatorio de **Ramón García-Malvar y Mariño**, fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Comezou a súa intervención comentando o carácter xurídico das medidas que se produciron ata o de agora. Así, a petición do valedor do pobo sobre o divorcio inmediato no caso de malos tratos; a propia lei de malos tratos de Castela a Mancha, ou esa medida que propón a Junta de Andalucía de ofrecer de balde cursos de artes marciais ás vítimas de malos tratos.

O fiscal xefe sinalou que ademais dunha violencia física existe unha violencia soterrada, psicolóxica, que tamén rodea o fogar. E non só entre home e muller, senón tamén cos fillos, e posiblemente esta sexa a situación máis grave. Estes nenos, na súa etapa de formación, logo van acusar, no seu desenvolvemento social, o desequilibrio producido no fogar familiar, onde ten lugar a violencia doméstica. Sen dúbida, sería necesario concienciar a todos no sentido en que toda violencia doméstica que se xera debería ser denunciada e que rematara nos tribunais.

O fiscal xefe afirmou que os casos máis graves se descubren a través dos partes de asistencia debido ás feridas, graves ou non, e que requiren tratamento e ás veces internamento en centros hospitalarios. Pero a violencia psicolóxica non aflora, e sen embargo estase a producir continuamente. Así que, cómpre que tódolos afectados acudan a denuncia-los feitos e posteriormente a soste-la denuncia. Xa que existe un elevado número de denuncias que despois non se sosteñen, acumúlanse, e pasan a formar parte dos arquivos e sobresementos.

O relator non cre que unha das solucións sexa a tramitación rápida dos divorcios ou separacións, xa que moitas veces a situación económica dos cónxuxes é de grande independencia económica, e é o home o que moitas veces custea os gastos familiares do fogar.

Respecto do papel que deben xoga-los fiscais nesta política de erradicación da violencia doméstica, o fiscal xefe da Galicia explicou que se lles encomenda á organización dos servizos de violencia doméstica en cada unha das fiscalías, cun fiscal encargado de recompilar, coordinar e levar directamente tódolos casos de malos tratos que se presentan. É dicir, unha vez que se inicia o procedemento, o fiscal debe comunicarlle-lo a ese fiscal especial, que coordinará e levará toda a acción dos problemas

de violencia doméstica. Sen embargo, non ten relación directa con esas persoas, salvo que a denuncia sexa feita directamente na propia fiscalía.

O fiscal xefe apuntou que a fiscalía queda, xeralmente, nunha función meramente estatística. Sen embargo, dixo que así non se resolvía o problema, senón que o problema debería ser contemplado máis profundamente, comezando polos fiscais de menores, que son os que forman parte da maioría dos casos de violencia doméstica. O relator indicou que a solución non vai vir da man da planificación do número de casos e a identificación dos agresores. Entre algunhas das medidas colaterais que hai que aplicar, García-Malvar sinalou como pertinentes a prohibición de acceder ó domicilio familiar por parte do agresor, así como achegarse á muller vítima dos malos tratos, persegui-la na súa vida social ou lugar de traballo. Prohibicións que están contempladas no novo Código penal, e que adoitan cumprirse baixo a vixilancia da policía, dando resultados positivos segundo os datos manexados pola Fiscalía Xeral.

Non obstante, o traballo da fiscalía é, ás veces, descorazonador polo baixo volume de denuncias, que si adoitan iniciarse, pero que pasado un tempo, non se manteñen, e é aí onde, en palabras do fiscal xefe, se roza o fracaso, xa que, a vítima perdoa e está máis interesado en manterlo núcleo familiar retirando a denuncia. De aí a necesidade de te-la decisiva vontade de erradica-la violencia doméstica. En canto ás perspectivas de futuro neste terreo, o fiscal xefe afirmou que a violencia é connatural ó home, polo que existen mecanismos de curto alcance como a separación ou o divorcio da parella, que evitaría, polo menos, a extensión ós fillos de dramáticas situacións de violencia no fogar. Sen embargo, estas medidas paliativas moitas veces non se toman, polo que o fogar se converte nun foco xerador de violencia. A carón destas accións, parte da solución do problema está no perfeccionamento da persoa, a mellora das condicións de vida, e tamén nun aumento dos coñecementos e da educación que erradiquen este tipo de violencia. O simple brote de violencia no fogar debería ir seguido dunha rápida disolución, unha vez que ese vínculo previamente establecido ten a súa orixe no pleno consentimento de ambos. Esta ruptura impediría que se continuara xerando esa violencia.

A derradeira intervención das xornadas correu a cargo de **Rafael de Mendizábal Allende**, maxistrado do Tribunal Constitucional, que tratou o acoso sexual na súa perspectiva constitucional. Comezou sinalando a escasa perspectiva constitucional no campo da violencia doméstica, máis proclive a actitudes pasivas.

Para Mendizábal a muller foi dende o principio dos tempos un factor de risco e segue séndoo. Dende o rapto das sabinas o ser muller é un fac-



tor de risco, polo tanto a violencia contra a muller é un fenómeno moi antigo se rastrexamos ata as orixes da humanidade. Racismo e violencia doméstica teñen a mesma orixe psicolóxica. A muller é como o estranxeiro, o xudeu, é dicir, o chibo expiatorio de tódalas nosas desgracias.

A violencia doméstica é universal e adopta toda clase de formas. O uxoricidio por adulterio estivo vixente no noso Código penal ata 1932, ano no que o erradicou Jiménez de Asúa. Repúxose en 1938 cun preámbulo no que pouco máis ou menos se xustificaba o uxoricidio por adulterio de forma que non sexa necesario o divorcio e toda a burocracia. En todo caso, o uxoricidio era a escusa absolutoria en técnica penal. Cando se causaban lesións a pena era moi leve, era o desterro. Noutros casos a absolución era completa.

Estamos ante un fenómeno que non se agudizou, é dicir, non é cuantitativamente maior agora que fai cincuenta anos, senón que hoxe se coñece mellor, agora se detecta mellor. E coñecémoslos mellor porque a muller deixou de resignarse, empezou a rebelarse, a ser unha cidadá de primeira. Sen embargo, vemos tamén que as estatísticas, concretamente en Galicia, poñen de manifesto que a actitude de protesta é máis baixa ca noutras comunidades autónomas, consecuencia dunha determinada estrutura social e económica.

Ó falar da violencia doméstica atopámonos con problemas terminolóxicos. Fálase de acoso sexual, de agresión, de violencia doméstica, de violencia de xénero, é dicir, estase na procura dunha forma de denominala, sen que ata agora teñamos unha expresión que satisfaga a todos. Por exemplo, a expresión violencia de xénero é un pouco equívoca, aínda que correcta, sobre todo despois do uso que fai da palabra xénero. A expresión violencia doméstica o que quere facer é englobala topografía, é dicir, o sitio onde se produce máis o fenómeno en si mesmo, xa que é a violencia que se produce dentro do fogar a máis execrable. Ademais, engloba a violencia empregada contra os menores que viven no domicilio familiar. Naturalmente, existen outro tipo de violencias, como a psicolóxica, ou a física exercida pola muller contra o home.

Pero tamén ser muller é factor de risco fóra do domicilio familiar, como é o caso das mulleres que exercen a prostitución, sometidas a malos tratos físicos constantes tanto polos proxenetas coma polos clientes que requiren os seus servizos. No dereito penal, no dereito en xeral e no Tribunal Constitucional (TC), a figura da vítima non recibiu nin xurídica, nin legalmente, nin xurisprudencialmente, nin constitucionalmente, a consideración que merece. Danse pasos, como a victimoloxía nos EE.UU., pero son avances tímidos neste sentido.

O TC non tivo ningunha ocasión para pronunciarse sobre a violencia doméstica, sobre delitos de mortes de mulleres producidos dentro do ambiente familiar. Sobre o que si tivo a ocasión de pronunciarse o TC é




sobre o acoso sexual, pero visto dende a súa vertente laboral, non dende a vertente penal. A única sentenza que existe é a Sentencia 224 de 1999, do 13 de decembro, que procedía de Galicia e da que o propio Mendi-zábal foi relator. O caso que resolveu a sentenza 224 se inicia cunha análise do que é o acoso sexual no traballo, anticipando que a súa incidencia se limitaría ó acoso sexual laboral e sen afectar para nada na interpretación do artigo 184 do Código penal. É dicir, que se moven no campo do Estatuto dos traballadores. A sentenza sitúa o acoso sexual dentro do dereito á intimidade porque ataca á zona máis privada, máis íntima da persoa, que é, precisamente, a sentimental e sexual.

A sentenza invoca a resolución do Consello das comunidades europeas do 29 de maio e o artigo 1º da recomendación da Comisión das comunidades europeas do 27 de novembro de 1991 para a protección da dignidade da muller e do home no traballo.

No caso que se xulgaba, a Sala do social, baseándose nuns determinados feitos que daba por probados, negou que houbera un ataque á intimidade e que houbera un acoso sexual constitucionalmente relevante, vedado e que debiera ser proscrito. O TC, sen embargo, estableceu, do que resolveu o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) neste caso, atendendo á secuencia dos feitos probados e pacificamente recoñecidos polos protagonistas, non pode admitirse a mesma conclusión do TSXG, sen que a discrepancia supoña unha revisión da valoración da proba feita polo xulgador, función privativa súa, senón unha interpretación do TC dese relato á luz dos valores constitucionais. É dicir, da por certo o dito polo TSXG, pero non interpreta a proba, nin a valora, pero eses feitos á luz da Constitución teñen un significado que o TSXG non soubo ver nese momento. É certo que a configuración constitucional do acoso sexual como atentado á intimidade persoal do traballador, segundo o artigo 18.1 da Constitución, protexe exclusivamente fronte a comportamentos libidinosos que non sexan asumidos pola persoa que os reciba. En tal sentido, como se segue do código de conducta da recomendación da comisión antes citada, o que distingue o acoso sexual do comportamento amigable é que aquel é unilateral e indesexado, e o outro voluntario e recíproco, e correspóndelle a cada individuo a libre opción de aceptalo ou rexeitalo por ofensivo. En consecuencia, parece razoable que, salvo para casos extremos, un sinal do carácter non querido de tal conducta por parte da súa destinataria sexa conveniente para desfacer calquera equívoco ou ambigüidade ó respecto, como ocorreu no caso que se xulga, sen que, en consecuencia, se poida falar de intolerancia pola súa parte. Debe ser rexeitado o razoamento xudicial que parece impoñerlle ó eventual afectado por un acto de acoso sexual a carga de reaccións con carácter inmediato e cunha contundencia incompatible coa interpretación predicada pola recomendación europea.

A sentenza non descoñece que o acoso sexual no ámbito profesional pode ter tamén un engarzamento constitucional coa prohibición da discriminación no traballo por razón de sexo a teor do artigo 14. O TC remata a sentenza dicindo que non pode permitirse hoxe, nin sequera residualmente, a perpetuación de actitudes coas que, implicitamente, se pretenda cousificar á muller, tratándoa coma un obxecto, con desprezo da súa condición feminina e en desdouro da súa dignidade persoal.

A clausura das xornadas foi oficiada polo conselleiro da Presidencia e Administración Pública **Jaime Pita Varela**, que felicitou á EGAP pola excelente iniciativa na organización das xornadas, sempre inmersa nos temas de maior actualidade e transcendencia xurídica e social. Por iso, dixo, constitúe unha boa oportunidade acoller debates de relevancia e vixencia tales coma o da violencia doméstica. Así mesmo, agradeceu sinceramente a valiosa colaboración e maila grata presenza dos relatores que interviñeron nestes encontros, así como a participación de tódolos asistentes, desexando que se acadaran os obxectivos programados. 

## XORNADAS SOBRE A PROBLEMÁTICA NO ÁMBITO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TELEFONÍA MÓBIL E DOUTRAS CONDUCCIÓNS ENERXÉTICAS E DE TELECOMUNICACIÓNS

(EGAP, 20 e 21 de novembro de 2001)

M<sup>ª</sup> del Carmen Silva López

Avogada

Son sobradamente coñecidos os múltiples problemas que, desde variadas vertentes (técnicas, xurídicas, sanitarias, preservación dos intereses dos cidadáns, etc.), suscitan os modernos avances tecnolóxicos, como son os xurdidos na actualidade co tan debatido e polémico caso das antenas de telecomunicacións móbiles, e dos tendidos de cable e eléctricos aéreos.

Non parecen ser poucas as dificultades á hora de afrontar estas situacións conflictivas, especialmente para os gobernos locais, sen dúbida por razón da súa inmediatez, sen esquecer a incidencia que tamén representan para outros organismos públicos implicados nesta cuestión.

En síntese, preténdese con estas xornadas ofrecer unha ampla visión do panorama actual da materia delimitada, da problemática que comporta e das súas solucións segundo a experiencia acumulada.

\* \* \* \* \*

A Escola Galega de Administración Pública xunto coas consellerías de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e de Presidencia e Administración Pública e a REDETI organizaron conxuntamente estas xornadas que se desenvolveron no salón de actos da EGAP os días 20 e 21 de novembro de 2001. Estas xornadas contaron cunha nutrida asistencia e con importantes relatores galegos e españois, que expresaron as súas posturas sobre esta importante e actual materia, que conta cunha gran transcendencia na actualidade e que é obxecto de múltiples debates de toda índole, non só en Galicia, senón en toda España. Ademais, no seu transcurso, tivo lugar a presentación da ordenanza tipo de instalacións de telefonía móbil, elaborada pola FEGAMP.

Estas xornadas foron inauguradas polo seu director, **Juan Miguel de la Cuétara Martínez**, quen destacou que nos atopamos nun mundo en cambios e que estes están a producir unha importante alarma social. Pola súa banda, **Alfonso Rueda de Valenzuela**, director xeral de administración local, sinalou que existen determinados temas nos que o cidadán demanda unha resposta inmediata, e entre eles atópase o da telefonía móbil. O director da EGAP, **Domingo Bello Janeiro** fixo referencia a que a última normativa vixente sobre a materia, por exemplo en Cataluña, recentemente entrou en vigor un decreto deste ano 2001, de ordenación ambiental das instalacións de telefonía móbil e de radiotelecomunicación, pode servir de parámetro para artellar entre todos unha lei galega que regule a ordenación das instalacións de telecomunicacións. Realmente é competencia das administracións públicas xoga-lo papel de regulación, de control, de estar ó tanto do progreso da tecnoloxía e dos coñecementos científicos respecto da protección deste ámbito ambiental contra radiacións non ionizantes. A liberalización do mercado das telecomunicacións provocou a actuación, ás veces, á marxe da normativa existente, co seu desprezo evidente, das operadoras que executan as instalacións sen as preceptivas licencias urbanísticas, en función de parámetros estritamente empresariais. A falta de adecuación da normativa estatal, autonómica e mesmo local, unida ós procedementos empregados polos propios operadores, implicou a xeración, en moitas ocasións, de puntos de conflito entre as autoridades públicas, os veciños e os operadores.

Desde logo, non son poucas as dificultades á hora de afrontar estas situacións conflictivas, especialmente para os gobernos locais, e sen dúbida algunha, por razón da súa inmediatez, da súa achega ó cidadán, sen esquecer tampouco a incidencia que representan para outros organismos públicos implicados nesta cuestión.

A conferencia inaugural destas xornadas correu a cargo do profesor titular de dereito administrativo e urbanístico da Escola de Arquitectura da Universidade da Laguna, **Ángel Lobo Rodrigo**, (en substitución de José María Souvirón Morenilla, que por causas alleas á súa vontade non puido asistir) quen falou sobre «urbanismo e telecomunicacións». A repartición de competencias entre Estado, comunidades autónomas e municipios».

Empezou dicindo o relator que o reparto competencial responde a dous títulos fundamentais:

- O artigo 149.1.21<sup>a</sup> da Constitución, que outorga en exclusividade ó Estado a competencia en materia de telecomunicacións; cables aéreos, submarinos e radiocomunicación.
- O artigo 148.1.3<sup>a</sup> da Constitución, que establece a competencia exclusiva das comunidades autónomas en materia de ordenación do territorio, urbanismo e vivendas.

Tódalas comunidades autónomas asumiron as súas competencias en relación co urbanismo e a ordenación do territorio<sup>1</sup> o que motivou unha abundante produción normativa de orixe autonómico sobre estas materias. Este fenómeno, que se intensificou a partir da sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997, supuxo unha auténtica autonominación do ordenamento xurídico territorial e urbanístico.

Mais o problema está en que o reparto competencial non é pacífico. Tanto a ordenación do territorio como o urbanismo caracterízanse por ser competencias horizontais, no sentido de trataren dunha forma integradora as distintas actividades que se realizan sobre o territorio, mentres que a competencia estatal sobre as telecomunicacións é de tipo vertical ou sectorial. En consecuencia, a influencia recíproca da política territorial e urbanística sobre as competencias verticais ou sectoriais que inciden no territorio e viceversa non só é inevitable, senón necesaria. O panorama competencial horizontal *versus* competencia vertical complícase cando a ordenación do territorio, e en menor medida o urbanismo, conflúen a súa vez con outras competencias horizontais, como a ordenación da economía e o medio natural, que a condicionan profundamente.

<sup>1</sup> Nesta liña, a sentenza do Tribunal Constitucional 149/1998, do 2 de xullo, establece no seu fundamento xurídico 7<sup>o</sup> referíndose á competencia exclusiva das comunidades autónomas en materia de ordenación do territorio, que «dita exclusividade non significa, sen embargo, que se trate dunha competencia ilimitada, dado que a complexidade das funcións públicas modernas implica irremediabilmente o encruzaemento interadministrativo. De aí que o Estado teña determinadas competencias que, en maior ou menor medida, modulan ou condicionan a competencia autonómica de planeamento territorial».

Na Constitución Española non existe ningún precepto que outorgue directamente ó Estado competencias sobre ordenación do territorio e urbanismo, xa que se trata dunha competencia reservada en exclusividade ás comunidades autónomas<sup>2</sup>. Sen embargo, é materialmente imposible que as comunidades leven a cabo a función de ordenación do territorio debido á profunda incidencia que teñen sobre ela unha serie de competencias de titularidade estatal, tanto horizontais como sectoriais. Non se trata dunha cuestión pacífica na doutrina, onde o relator destacou dous posicionamentos contrarios:

O profesor López Ramón entende que aí existe unha verdadeira competencia do Estado sobre a ordenación do territorio. Baséao fundamentalmente no poder localizador que ten o Estado sobre unha serie de infraestruturas que lle son propias (portos e aeroportos de interese xeral, autoestradas que transitan por máis dunha comunidade, etc.). Incluso vai máis alá na súa tese, ó dicir que no caso de competencias materiais do Estado que non fan directa referencia a unha infraestrutura, senón a un servizo estatal que require de certo tipo de equipamento para a súa localización, tamén gozaría o Estado dese poder localizador. Esta tese apoiase na sentenza do Tribunal Constitucional 56/1986, do 13 de maio<sup>3</sup>. Desta forma, a competencia exclusiva das comunidades autónomas en materia de ordenación do territorio e urbanismo non pode supor un obstáculo á hora de que o Estado despregue aquelas competencias que lles son propias e que teñan incidencia territorial.

En consecuencia, o poder de localización de certas infraestruturas por parte do Estado non só emanaría da propia natureza da infraestrutura, senón tamén da propia natureza do servizo, que si para a súa realización necesita da construción dunha serie de infraestruturas ou equipamentos, atoparía no dito título a cobertura suficiente.

En parecidos termos exprésase o profesor Fernández Rodríguez.

Unha tese contraria sería a do profesor Pérez Andrés, quen sostén a inexistencia dunha facultade por parte do Estado de localización de infraestruturas da súa competencia e, aínda menos, de equipamentos relacionados cos servizos da súa competencia. Segundo a súa tese, as comunidades autónomas son os entes sobre os que debe xirar toda decisión de localización territorial. Isto non quere dicir que se segue a posi-

<sup>2</sup> Vid artigo 148.1.3ª da Constitución.

<sup>3</sup> STC 56/1986, do 13 de maio, fundamento xurídico 3º: «a Constitución reconece ó Estado competencias exclusivas en materia de seguridade pública (artigo 149.1.29)... o que pode levar consigo a necesidade de edificar cuarteis ou comisarías de policía que teñan un emprazamento ou localización que non pode axustarse ás determinacións dos plans urbanísticos».



bilidade de que o Estado poida introducir condicionantes que dalgunha forma limiten a decisión final das comunidades autónomas. É dicir, o Estado pode condicionar de certa forma a toma de decisión das comunidades autónomas, anque os condicionantes deben adecuarse ó indispensable para a satisfacción dos obxectivos que lles sexan propios. En consecuencia o Estado non poderá dunha forma máis ou menos directa influír no modelo territorial da comunidade autónoma en cuestión, pois é súa a competencia exclusiva de elección do dito modelo territorial.

Esta postura é compartida polo profesor Allende Landa, quen critica o feito de que se estea facendo unha planificación da ordenación do territorio desde o punto de vista das grandes infraestruturas, é dicir, localizamos un porto, e ó seu arredor xorde unha vida económica, usos residenciais. Igual ocorrería no caso dun aeroporto, dunha autoestrada...

¿Que solucións atopamos en cuestións moi parecidas ás redes de telecomunicacións? Podemos pensar por exemplo en redes de gasodutos, nas redes eléctricas, que se parecen ás redes de telecomunicacións. Tanto a Lei do sector eléctrico coma a dos gasodutos entende que no caso de que exista un conflito entre a formulación territorial e urbanística e a necesidade de implantar esas redes, poderíase aplica-lo instrumento do artigo 244.2 do texto refundido da Lei do solo de 1992.

A Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións non contén ningún precepto que aluda á posibilidade de aplica-lo instrumento do artigo 244.2. O máis que establece é a posibilidade de acudir a un informe preceptivo e vinculante, artigo 44.3, que marcaría a necesidade das redes de telecomunicación ante a redacción dun novo instrumento de planificación territorial ou urbanístico, que, non supón unha verdadeira planificación, senón unha información útil e vinculante para o ámbito de actuación.. Onde si existe unha potestade planificadora por parte do Estado é sobre as redes de telecomunicacións relacionadas coa defensa nacional<sup>4</sup>.

A instalación de infraestruturas de telecomunicacións, como é o caso das antenas, que utilizan como medio natural de propagación o espacio radioeléctrico, está suxeita a unha serie de servidumes e limitacións á propiedade. Estas servidumes e limitacións teñen como obxecto non tanto a protección do dominio público radioeléctrico coma o das instalacións de telecomunicacións que empregan o dito medio. Entre as razóns que avalan a necesidade de establecermos estes niveis de protección, destaca a utilización inadecuada das frecuencias outorgadas, as interferencias provocadas pola utilización de aparatos produtores de perturbacións radioeléctricas ou as interferencias froito da proximidade

<sup>4</sup> Vid artigo 5.2 da Lei xeral de telecomunicacións.

de aparatos susceptibles de crear perturbacións ás instalacións de telecomunicacións. O seu réxime xurídico atópase no artigo 48 e na disposición adicional terceira da Lei xeral de telecomunicacións, no artigo 51 do Real decreto 1736/1998, do 31 de xullo, sobre o servizo universal e nos artigos 3 a 5 e o anexo I do Real decreto do 28 de setembro de 2001, polo que se aproba o regulamento que establece as condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restriccións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioeléctricas.

As competencias autonómicas sobre ordenación do territorio e urbanismo fundaméntanse no artigo 148.1.3ª da Constitución que lles outorga ás comunidades autónomas a competencia exclusiva sobre estas materias. Isto produciu un fenómeno de progresiva autonomización do ordenamento xurídico territorial e urbanístico, fenómeno que se recrou a partir da sentenza do Tribunal Constitucional 61/1997. A maior parte das comunidades autónomas contan coas súas propias leis<sup>5</sup>.

En canto á Administración local, o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas nas seguintes materias: ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; promoción e xestión de vivendas; parques e xardíns, pavimentación de vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais. Este precepto refírese fundamentalmente a competencias urbanísticas do municipio, non de ordenación do territorio, que ten unha clara vocación supramunicipal, tanto na dimensión territorial coma na institucional.

Sen embargo, existen unha serie de títulos competenciais a favor dos municipios que poden ter certa incidencia sobre a ordenación do territorio, como a protección do medio natural. Por outra parte, a competencia municipal en materia de urbanismo non é absoluta, senón que se atopa limitada polas competencias autonómicas sobre urbanismo e a ordenación do territorio, así como polas competencias sectoriais estatais sobre materias que inciden sobre o urbanismo.

En canto ás competencias autonómicas sobre urbanismo, debemos resalta-las relativas á aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación, instrumento básico da ordenación municipal, e ó control da legalidade urbanística, tamén nas relativas as obras sen licenza, onde podería

---

<sup>5</sup> No caso de Canarias, o Texto refundido 1/2000 da Lei de ordenación do territorio das Canarias e de espazos naturais, e no caso de Galicia, a Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e a Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

opera-la subrogación da Administración autonómica, como nas licencias ilegais outorgadas pola Administración local.

Con respecto á limitación á competencia municipal sobre urbanismo debido á competencia autonómica sobre a ordenación do territorio, debemos sinala-la posición xerarquicamente superior dos instrumentos de ordenación territorial e dos recursos naturais fronte ós puramente urbanísticos e as potestades relativas á suspensión da tramitación dos plans urbanísticos e licencias. Asemade, a clásica competencia municipal sobre o outorgamento de licencias urbanísticas vese alterada cando se trata de actuacións promovidas pola Administración autonómica e estatal. O maior perigo que pode presentarse é a posible invasión do principio constitucionalmente establecido da autonomía local. Neste sentido, e para compensa-la subordinación dos plans urbanísticos ós territoriais así como a fiscalización da aprobación dos plans xerais de ordenación urbanística por parte da Administración autonómica, é necesario establecer fórmulas de participación da Administración local na elaboración e execución dos instrumentos de ordenación territorial.

Xa dixemos que o Estado era competente en materia de telecomunicacións en virtude do artigo 149.1.21<sup>a</sup> da Constitución, pero isto non quere dicir que as comunidades autónomas e a Administración local non poidan condicionar esta competencia mediante títulos que lle son propios.

En canto á potestade legislativa no tocante á telecomunicacións está reservada ás Cortes xerais<sup>6</sup>. Pero o Goberno ten reservado un importante papel mediante a presentación de proxectos de lei. Por outro lado, o papel do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía ten unha enorme transcendencia, sobre todo en canto á regulación dos títulos habilitantes para despregar redes de telecomunicacións. Por último temos a figura da Comisión do Mercado das Telecomunicacións<sup>7</sup>, para velar polo cumprimento por parte dos distintos axentes implicados no mercado das telecomunicacións dos principios de libre competencia, transparencia e igualdade de trato.

En canto ás competencias autonómicas e locais en materia de telecomunicacións, e independentemente daquelas derivadas do desenvolvemento e da execución das «normas básicas do réxime de prensa, radio e televisión e, en xeral, de tódolos medios de comunicación social», que inciden sobre os medios de comunicación social, pero non sobre as infraestructuras de redes de telecomunicacións, temos que subliña-la inci-

<sup>6</sup> Vid artigo 66.2 da Constitución.

<sup>7</sup> Creada polo Real decreto lei 6/1996, do 7 de xuño, de liberalización das telecomunicacións.

dencia das competencias destas administracións sobre a ordenación do territorio e do urbanismo. De todas formas, existen outras razóns que apoian un maior protagonismo das comunidades autónomas no sector das telecomunicacións. En primeiro lugar debemos destaca-la crecente importancia que ten o sector desde o punto de vista económico. Tamén é de destaca-la incidencia das telecomunicacións como medio para acadar un maior grao de cohesión social e territorial. Tamén a nivel europeo se avoga por unha maior presenza das rexións europeas no sector das telecomunicacións. Hai que destaca-lo papel cada vez máis activo que están xogando as comunidades autónomas como operadores de telecomunicacións.

Como xa dixemos, existen unha serie de competencias estatais sectoriais que teñen unha incidencia directa sobre o territorio, tanto desde un plano físico como pola súa influencia na localización de centros de produción e a distribución da poboación<sup>8</sup>. A construción deste tipo de infraestructuras podería orixinar problemas non soamente en canto a unha non calculada compulsión sobre a vida social e económica dos territorios nos que se asentán, e polo tanto condicionando a futura planificación territorial e urbanística do lugar, senón tamén en canto á súa coordinación cos actuais instrumentos de formulación territorial e urbanística.

En definitiva, o deslinde competencial entre a ordenación do territorio e o urbanismo e aquelas materias sectoriais competencia do Estado con incidencia directa sobre o territorio é un complexo entramado, que foi obxecto dunha abundante xurisprudencia do Tribunal Constitucional<sup>9</sup>.

En definitiva, dado o carácter horizontal da ordenación do territorio e do urbanismo prodúcese unha inevitable, e ata necesario solapamento, con outras competencias con incidencia territorial, como as telecomunicacións, conflito que só pode ser solucionado, en parte, pola técnica de delimitación dos distintos títulos competenciais en xogo, e que ten na preceptiva cooperación e coordinación das distintas administracións implicadas un instrumento para evita-la proliferación deste tipo de conflitos.

O seguinte relatorio da mañá tamén estivo a cargo do profesor **Ángel Lobo Rodrigo** sobre «instrumentos de planeamento aplicables á implantación de redes de telecomunicación».

<sup>8</sup> Podemos cita-los títulos competenciais estatais en materia de infraestructuras dos artigos 149.1.20<sup>a</sup>, 149.1.21<sup>a</sup>, 149.1.22<sup>a</sup> e 149.1.24<sup>a</sup>.

<sup>9</sup> Vid. sentenza do Tribunal Constitucional 149/1998, do 2 de xullo; 61/1997, do 20 de marzo.

Empezou dicindo o relator que o despregamento de redes de telecomunicacións ten unha gran incidencia sobre o territorio, ademais de ser un factor fundamental en canto á localización de centros económicos e de núcleos residenciais. En consecuencia, é lóxico que a súa implantación deba ser recollida polos correspondentes instrumentos de planeamento territorial e urbanísticos.

Á hora da redacción de instrumentos de ordenación territorial e urbanísticos, é obrigatorio solicita-lo informe do artigo 44.3 da Lei xeral de telecomunicacións en canto ás necesidades de redes de telecomunicacións. ¿Cal é o momento máis adecuado para solicitar este informe? O RP establece no seu artigo 116.2 que «despois de acorda-la elaboración do plan, a autoridade ou organismo administrativo correspondente poderá conseguí-la documentación e información necesarias dos organismos públicos, respectivos, dos concesionarios de servicios públicos e dos particulares que a puidesen aportar». Desta forma, as administracións que se poidan ver afectadas pola futura aprobación do instrumento de planeamento e que teñan competencias con incidencia territorial, poidan aporta-los informes necesarios para a futura redacción do plans. Resulta lóxico que os redactores do instrumento de planeamento contén con toda a información precisa á hora de elabora-lo plan, entre as que se atoparía a necesidade de redes de telecomunicacións. Por outra parte, podería ir en contra da autonomía local e autonómica que, unha vez aprobado inicialmente o plan, o Estado impuxese mediante o informe do artigo 44.3, un modelo a seguir en canto ás necesidades de redes públicas de telecomunicacións. Sen embargo, na práctica, este informe solicítase no momento posterior á aprobación inicial do instrumento de planeamento en cuestión.

En canto ó prazo para evacua-lo informe por parte do órgano competente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, a LRX-PAC establece no seu artigo 83.2 a regra xeral de que «os informes serán evacuados no prazo de 10 días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro maior ou menor». Nin a Lei xeral de telecomunicacións nin o Regulamento de servicios universais, sinalan un prazo para a evacuación deste informe, polo que lle será de aplicación ó réxime xeral.

Cabe a posibilidade de que o órgano competente do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía non emita o informe no prazo previsto. A Lei 30/1992 dispón, no seu artigo 83.3 que «de non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade na que incorra o responsable da demora, se poderán proseguí-las actuacións, calquera que sexa o carácter do informe solicitado, excepto nos supostos de informes preceptivos que sexan determinantes para a resolución do procedemento, no que se poderá interrompe-lo prazo dos trámites sucesivos».



Polo tanto, no suposto do informe do artigo 44.3, dado o seu carácter preceptivo e vinculante, cabería a posibilidade de suspenderlo procedemento ata a súa eventual evacuación, decisión que deberá ser tomada polo órgano instructor do procedemento<sup>10</sup>. Pola súa banda, o artigo 83.4 da Lei 30/1992 dispón que «se o informe debiera ser emitido por unha Administración pública distinta da que tramita o procedemento para expresa-lo punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorra o prazo sen que aquel se evacuara, poderase proseguir as actuacións. O informe emitido fóra de prazo poderá non ser tido en conta ó adopta-la corresponde resolución». Este informe responde á necesidade de que o despregamento de redes de telecomunicacións se leve a cabo dunha forma racional nun marco de libre mercado, competencia do Estado, sen esquecer que este tipo de actuacións ten unha incidencia importante sobre o territorio, competencia da Comunidade Autónoma.

Segundo o teor do artigo 83.4 a non evacuación do informe non ocasiona unha paralización do procedemento para a aprobación do instrumento de planeamento: as actuacións poderán seguir unha vez transcorrido o prazo que tiña o órgano competente para evacuar o informe. Neste caso, o defecto que supón a non existencia do informe poderá ser resolto e requirirá non só a incorporación ó expediente do informe emitido fóra de prazo, senón, de se-lo caso, unha valoración do seu contido se fora este contrario ó acto validado.

O órgano competente para resolver poderá non ter en conta o informe emitido fóra de prazo. Neste punto cre o relator que esa desvinculación das administracións competentes para a redacción e aprobación do instrumento de planeamento deberá ser convenientemente motivada.

Non atopamos ningunha alusión directa ás telecomunicacións na Lei 10/1995 de ordenación do territorio de Galicia. Sen embargo, esta lei si que se refire en repetidas ocasións ás infraestructuras, concepto que sen dúbida engloba ás redes de telecomunicacións. A lei describe os seguintes instrumentos de ordenación territorial:

- Directrices de ordenación do territorio.
- Plans territoriais integrados.
- Programas coordinados de actuación.

<sup>10</sup> Esta afirmación pódese matizar en canto á importancia do informe no conxunto do instrumento do planeamento territorial e urbanístico que se vai aprobar. Desta forma, se se trata dun plan especial de telecomunicacións, por exemplo, a non evacuación do informe por parte do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía determinará, eventualmente, a suspensión do procedemento.



- ▮ Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- ▮ Plans de ordenación do medio físico.

A Lei 10/1995 define no artigo 2 a ordenación do territorio e no artigo 3 os obxectivos da ordenación do territorio. Entre os instrumentos de ordenación do territorio, susceptibles de conter extremos sobre as redes de telecomunicación, debemos destaca-las directrices de ordenación territorial (artigo 7.1.h) da Lei 10/1995. O desenvolvemento destas directrices farase mediante os plans territoriais integrados (artigo 12 da Lei 10/1995). Os plans e proxectos sectoriais non serán de aplicación, ó referirse a un concepto de infraestrutura restrictivo (artigo 22 da Lei 10/1995).

Seguiu dicindo o relator que, tradicionalmente, as redes de telecomunicacións non mereceron unha especial atención por parte dos distintos instrumentos de planeamento.

En canto ós plans xerais de ordenación urbana, configúranse como os principios instrumentos de ordenación urbanística, e teñen un cometido fundamental, que é a clasificación do solo do municipio. Atendendo á clase do solo sobre o que actúe, así como á finalidade perseguida, os PXOU son desenvolvidos principalmente polos plans parciais e os plans especiais.

En canto á referencia dos PXOU ás redes de telecomunicacións, foron escasas, debido á menor importancia que tiñan no pasado recente este tipo de infraestruturas no desenvolvemento do municipio, fronte a outras coma as redes de estradas ou de ferrocarrís, e pola súa incidencia no ornato urbano ó ser unha actividade prestada en réxime de monopolio. A escasa atención dos PXOU ó fenómeno actual do despregamento de redes de telecomunicacións por distintos operadores e de redes de distintos tipos (cables, antenas para móbiles, etc.) provocou recentemente unha profusa regulación desta materia por parte dos municipios, ben mediante modificacións ó PXOU ou a través de instrumentos de planeamento máis específicos coma os plans especiais ou as ordenanzas municipais.

Criticou o relator as escasas referencias ás telecomunicacións da Lei 1/1997 do solo de Galicia, referencias que sempre se fan dunha forma indirecta, como é o caso do artigo 12.d) que establece que os plans xerais de ordenación municipal conterán en solo urbanizable as seguintes determinacións: trazados das redes fundamentais de abastecemento de augas, sumidoiros, enerxía eléctrica e demais servizos que, no seu caso, preveñan o plan.

Polo que se refire ós plans parciais de ordenación, trátase do instrumento de planeamento idóneo para ordenar e desenvolve-lo contido do solo clasificado polo PXOU como urbanizable programado.

As obras de urbanización teñen como finalidade a realización dunha serie de actuacións cun importante interese para o sector, e que o sitúan nunha posición óptima para proceder á súa urbanización. Trátase dunha das cargas que deben soportar os propietarios do solo urbanizable polas plusvalías xeradas pola clasificación dos seus terreos como tales. A Lei 6/1998, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, tamén sinala no artigo 18.6 sobre os deberes dos propietarios do solo urbanizable a obriga de custear ou executar a urbanización do sector ou ámbito correspondente.

Unha vez establecido como punto de partida a obriga dos propietarios de custear os gastos de urbanización, o problema radica en determinar cál é a extensión desta obriga, é dicir, qué conceptos entrarían dentro dos gastos de urbanización. Tradicionalmente, estes conceptos foron as obras de viabilidade, saneamento, abastecemento de auga e enerxía eléctrica, alumeadado público, arborado e xardinería, na forma que estiveran previstos nos plans e proxectos e que sexan de interese para a unidade de execución. Sen embargo, entende o profesor que esta lista non é pechada. A maioría da lexislación urbanística autonómica inclúe normalmente a posibilidade de contabilizar como gastos de urbanización as instalacións de telecomunicacións. Por outra parte, existe outro grupo de autonomías que, anque non citan as infraestructuras de telecomunicacións de forma expresa como gastos de urbanización, esta consecuencia extráese do seu articulado. Mais o problema radica en precisar a extensión deste gasto, se se limita a obra civil ou debe cubrir tamén os gastos de instalación da rede. Un mecanismo que podería servir para reconducir o problema sería a posibilidade que presentan algunhas leis autonómicas de repercutir os gastos de instalación das redes de telecomunicacións realizados polos urbanizadores. Desta forma, a lei galega, anque non alude expresamente ós operadores de telecomunicacións, establece no seu artigo 132.2.a) o dereito dos urbanizadores a reintegrarse dos gastos de instalación das redes de abastecementos a cargo das entidades, titulares ou concesionarias, que prestasen os seus servizos, salvo na parte en que deban de contribuí-los propietarios segundo a regulamentación daqueles. De todas formas, e dado que a implantación de redes de telecomunicacións é unha actividade realizada na actualidade por operadores privados e non suxeita a ningún tipo de planificación, é interesante que os promotores das novas urbanizacións contacten cos operadores de telecomunicacións para desta forma realizaren unha infraestructura que responda non só as necesidades do sector, senón tamén ós intereses dos ditos operadores, o cal evitará molestas aperturas de gabias no futuro.

Outra cuestión que lles preocupa especialmente ós concellos é a posibilidade de establecer un dimensionamento mínimo ou estándar das

canalizacións que van alberga-los cables de telecomunicacións. A Administración local pretende posuír unha infraestrutura civil de telecomunicacións suficiente para facerlle fronte a necesidades presentes e futuras e evita-los prexuízos derivados da utilización irracional do dominio público.

Dicir que na obra non falta nada é algo habitual neste tipo de comentarios, nos que o rigor sistemático logra a maior parte das veces que a exhaustividade sexa unha das principais virtudes do comentarista. Pero dicir que non sobra nada é unha afirmación moito máis valiosa, sobre todo á vista das dimensións do traballo. Este libro pesa, pero cada un dos seus gramos está concienzudamente medido. Exprésao moi ben González Navarro a propósito do contido das disposicións adicionais da lei orgánica comentada, pero pode facerse extensivo a todo o traballo: «el tratamiento... puede tacharse de cualquier cosa menos de improvisado». As numerosas digresións que se introducen producen unha sensación de frescura dificilmente lograda na literatura xurídica e recordan a cada paso que o ordenamento xurídico é un cosmos ordenado onde todo ten o seu lugar ou, por empregar palabras do profesor, *un conjunto coherente y solidario donde –como en el ajedrez– la posición de cada trebeya influye en la posición de las restantes piezas del tablero*. A obra comentada serve así de pretexto para a reflexión profunda que excede con moito do propio libro: a crise irreversible do concepto de acto administrativo, o control das potestades discrecionais, o dereito de participación no Estado social e democrático de dereito, o estilo administrativo, a lingua, a Administración instrumental e a fuxida do dereito administrativo, as novas tecnoloxías no mundo xurídico e, como non, a teoría dos grupos normativos, que os autores consideran necesaria para facer manexable o complexo panorama xurídico español e que se veñen difundindo, incansablemente, na súa propia obra.

2. A xustificación histórico-xurídica do dereito de petición prodúcese ó fio dunha interesante perspectiva dos principais textos xurídicos dende 1822, momento no que por primeira vez se recoñece o dereito, daquela individual, de todo español de representar ás Cortes, ó Rei e ás demais autoridades constituídas, o que xulgara convenientemente ó ben público (lei do 12 de febreiro de 1822). Con algunhas variacións en canto ó seu contido, estendéndose por momentos

ás peticións colectivas e, sobre todo, ampliándose o suxeito pasivo ós poderes públicos, en xeral, o dereito de petición configurouse como *medio de formular súplicas sobre aspectos que carecían doutros cauces procedementais que non implicaban a obrigaón de ser atendidas*.

O éxito da súa primeira regulaci3n específica, contida na Lei 92/1960, do 22 de decembro, reguladora do dereito de petición, enmarcada polos comentaristas entre as leis administrativas de notable técnica normativa que caracterizaron a lexislaci3n española do final da década dos cincuenta do século XX, pon de manifesto que a necesidade dun novo texto legal non era tan acuciante como puidera parecer, respondendo en boa medida a súa aprobaci3n a unha operaci3n de estética constitucional tralo recoñecemento como dereito fundamental do chamado «de petición» no artigo 29 da Constituci3n española de 1978.

Na valoraci3n xeral da Lei orgánica (LODEPE) alúdese á «*escasa ambici3n del legislador, que ha pecado de exceso de conservadurismo, de falta de imaginaci3n o de ambas cosas a la vez*». Así, por exemplo, achácase á LODEPE non ter establecido conexi3ns suficientes con instituci3ns afíns ou con peticións especiais; así mesmo, algunhas cuesti3ns que viñan presentando problemas no pasado non son nin sequera aludidas, o que obrigará a realizar un esforzo interpretativo extra para a súa resoluci3n; finalmente os comentaristas lamentan que non se teñan incorporado algunhas precisi3ns que potencien o exercicio do dereito de petición e incrementen a súa eficacia.

3 A LODEPE non se aparta do dereito de petición tal e como o coñeceu a xurisprudencia constitucional: un dereito de configuraci3n legal, que goza da máxima protecci3n constitucional, que consiste nun dereito subxectivo *uti civis* de obxecto moi variado exercitable ante unha diversidade de destinatarios e concibido como técnica residual supletoria doutros instrumentos xurídicos.

Esta definici3n aproxímanos a un dereito de carácter residual e estricto. O primeiro –residual– respecto doutros instrumentos de relaci3n entre os cidadáns e os poderes públicos. «*En un Estado social y democrático de Derecho es –si se me permite la expresi3n– «el último de la fila» en el arsenal de instrumentos garantizadores de la libertad que dicho Estado pone a disposici3n de los sintientes humanos y de los grupos en que se integran aquéllos*», di González Navarro. O segundo –estricto– por canto engloba aquelas peticións ou solicitudes para as que o ordenamento xurídico non dispuxo unha vía específica, e deixa fóra do concepto de «petici3n» manifestaci3ns tan diversas e dispares coma as acci3ns xudiciais ou as suxesti3ns ós poderes públicos. De aí que se regule a inadmisión das peticións «nas que a resoluci3n se deba amparar nun título específico» e daquelas «sobre o obxecto das cales exista un procedemento parlamentario, administrativo ou un proceso xudicial xa iniciado» (artigo 8 da LODEPE).

A clave reside, polo tanto, no título xurídico no que se fundamente a petici3n. É esta a base para distingui-lo dereito de petici3n doutras figuras afíns, tales como as instancias ou solicitudes á Administraci3n ou os recursos admi-

nistrativos, no que se exige a titularidade dun dereito ou un interese lexítimo por parte do actor, ou as pretensións procesuais, no sentido descrito por H. Guasp de peticións fundadas que teñen unha significación xurídica, unha fundamentación xurídica que falta na simple petición.

A pesar de todo, a dificultade de establece-la diferenciación entre as peticións fundadas no dereito positivo ou nos principios que o sustentan e aquelas outras que teñen un fundamento que está máis acá ou máis alá do dereito e, polo tanto, non é xurídico (petitions *stricto sensu*, ou simples peticións) non foi superada pola LODEPE. «*No hemos avanzado gran cosa en el mejoramiento del ordenamiento español*», conclúe González Navarro, ó analiza-lo contido do artigo 3 da lei.

O carácter residual e estricto ó que se fixo referencia non se identifica, sen embargo, coa titularidade restrinxida. En ocasións expresamente, noutras coa necesaria remisión á xurisprudencia, o dereito de petición recoñéceselles ós menores que teñen xuízo para iso, ás persoas físicas e ás técnicas, prescindindo da vecindade ou da condición política e incluíndose expresamente o recoñecemento do dereito ó *status* do estranxeiro, coa máxima amplitude e sen distincións defendidas ata o LODEPE respecto ó réxime de protección, que será o mesmo sexa cal fora a nacionalidade do seu titular.

Entre as principais novidades da LODEPE, os autores destacan as seguintes: amplitude das delimitacións do ámbito subxectivo de titulares do dereito de petición, principalmente pola extensión do dereito ós estranxeiros e apátridas; delimitación abstracta dos destinatarios das peticións; antiformalismo e novas tecnoloxías para o exercicio do dereito a través de calquera medio, incluso de carácter electrónico, que permita acredita-la autenticidade da petición; audiencia especial do petionario perante os destinatarios; regulación dos deberes dos destinatarios das peticións; réxime de protección xurisdiccional do dereito de petición, a través das vías establecidas no artigo 53.2 da Constitución española de 1978, sen prexuízo de calquera outra acción que o petionario estimara oportuna; finalmente, conversión das iniciativas legislativas populares inadmitidas en petición ante as cámaras legislativas.

• A estrutura dos «comentarios», como a propia LODEPE, correspóndese co modelo relacional, baixo a perspectiva da relación xurídica constituída entre o petionario e o poder público destinatario da petición. Así, distínguese a chamada estrutura estática da dinámica. Naquela estúdiáanse os suxeitos, é dicir, o petionario (art.1) e o destinatario (art.2) así como o obxecto (art. 3). A integración de ámbolos elementos non está expresa, aínda que si implícita noutros preceptos. Na chamada estrutura dinámica estúdiáanse diversas fases da relación: iniciación (arts. 4, 5 e 6), crise e desenvolvemento (arts. 7, 8, 9 e 10), e terminación (art. 11). No artigo 12 prevese a eventual constitución dunha nova relación xurídica: a procesual ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Os comentaristas non teñen escatimado os esforzos ó abordaren o estudio das disposicións adicionais da lei (a 1ª relativa ós réximes especiais, a 2ª sobre o defensor do pobo e institucións autonómicas análogas e a 3ª sobre peticións dos internos das institucións penitenciarias), con ocasión das cales se nos ofrecen algunhas das observacións máis suxestivas do traballo.

Se do comentario xeral da LODEPE se traslucía unha excesiva timidez do lexislador, o tratamento do réxime especial das peticións dirixidas ó Congreso dos Deputados, Senado ou asembleas lexislativas das comunidades autónomas merece igual reflexión. «*La Disposición Adicional 1ª plantea más problemas por lo que dice, que por lo que no dice*», comenta Alenza. Para empezar, efectúalle unha remisión xeral á regulación dos correspondentes regulamentos parlamentarios sen aludir á aplicación supletoria das súas disposicións. Pero, ademais, deixa sen concretar algunhas cuestións como o número de asinantes necesarios para pedi-la conversión en petición das iniciativas lexislativas inadmitidas ou os efectos que se derivan da dita inadmisión. «*Ha sobrado, por tanto, timidez en el legislador orgánico y, sobre todo, ha faltado –y no sólo en esta Disposición Adicional– imaginación para arbitrar medidas que condujeran a la pretendida revitalización del derecho de petición*». Entre as novidades máis destacables, a posibilidade de converte-las iniciativas lexislativas populares inadmitidas en peticións ante as cámaras, reciclando os esforzos realizados no exercicio da iniciativa lexislativa popular para a súa formulación como petición ante o lexislativo, permite aproveitar-lo camiño andado residenciando nunha etapa previa –a das peticións antes as cámaras– as actuacións practicadas para que non devengan totalmente ineficaces.

A propósito da análise da disposición adicional 2ª, Gónzalez Navarro afonda no estudio do defensor do pobo, superando con creces as cuestións que «*tienen que ver con el derecho de petición*», por máis que esa fora a formulación inicial do autor. O «*régimen de las quejas*» dirixidas ó defensor do pobo recibe un tratamento diferenciado do xeral dedicado ás restantes peticións deste tipo. E tal tratamento diferenciado ten, á súa vez, unha particularidade: é unha queixa cualificada polo destinatario, que é un poder público determinado, «*un órgano constitucional cuyo nombre se adorna de extrañas resonancias que, por un lado, nos lo hacen familiar –al fin y al cabo, pueblo somos todos– y, por otro, nos lo hacen distante, por lo de sacro que hay siempre en lo que aparece nimbado por el aura que rodea al Parlamento del que es –nada menos, aunque nada más– su Alto Comisionado*». Polo que á LODEPE se refire, é indubidable a posibilidade de dirixirlle peticións *stricto sensu* ó defensor do pobo, a xulgar polos termos en que está redactado o artigo 2, (do destinatario), así como de dirixirlle iniciativas e suxestións, vistos os artigos 2 e 3 da lei.

Finalmente abórdase o estudio das peticións dos internos nas institucións penitenciarias (disposición adicional 3ª), centrado nos seguintes termos: a posibilidade do interno de utilizar, ademais do específico dereito de petición previsto na lexislación penitenciaria, á que a LODEPE se remite, a potestade xeral

de pedir ou queixarse en materias alleas ó pechado mundo no que ten que vivir, facendo uso para iso da lexislación xeral contida na lei orgánica comentada. A análise serve de pretexto, coma en tantas outras ocasións, para estudia-la bases da política penitenciaria actual.

**Marta García Pérez**

*Profesora titular de dereito administrativo  
Universidade da Coruña*



## *Cauces de comunicación de las Administraciones Públicas con los ciudadanos*

**Manuel Beato Espejo**

Madrid, Tecnos, 2002

**A** exposición de motivos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece que o procedemento administrativo é unha peza esencial no camiño de modernización das administracións públicas. Por modernización das administracións públicas enténdese a posta en marcha dun proceso gradual e perseverante de reestructuración administrativa e organizativa, de introdución de novos sistemas e técnicas de xestión, de descentralización de funcións, de obtención de resultados na prestación de servizos, de dignificación da figura do empregado público; en definitiva, dun cambio de valores, onde prevaleza a responsabilidade e onde a relación entre obxectivos formulados e resultados obtidos sexa de signo positivo.

Hai que integrar as administracións públicas na sociedade para servir ós cidadáns e facer que os seus dereitos constitucionais sexan reais e efectivos. Hai que poñer en marcha unha Administración máis capacitada para responder debidamente ás esixencias dos cidadáns. Dentro da unidade do Estado, hai que buscar e acadar unha relación fluída entre as administracións públicas, baixo un principio de cooperación recíproca e de mutua lealdade, xa que isto tamén axuda a achegarlle-las servizos administrativos ós cidadáns. Para garantir a calidade e a transparencia da actuación administrativa, hai que poñer a disposición das

administracións públicas medios técnicos axeitados e suficientes que faciliten a súa produción xurídica e a súa comunicación cos cidadáns; aínda que, para algúns, supoña a quebra de certas garantías máis formais que substantivas.

Nunha sociedade tan complexa e fragmentada coma a actual, a Administración atópase con grandes dificultades para servir ó interese xeral. Por unha banda, esíxeselle o debido respecto á igualdade e ó ben común, pero, por outra, pídeselle que responda individualmente a demandas concretas de cidadáns concretos; o que a sitúa nunha tensión difícil de romper e en posicións, ás veces, deslexitimadas, confusas, que levan ó cidadán a preguntarse a quén serve a Administración pública.

O modelo que utiliza a Administración para executa-las leis, manifestación da vontade xeral, e en virtude do cal aplica a súa autoridade en prol dunha actuación obxectiva e imparcial, altérase pola busca de valores individuais, de clientes concretos, do mercado cambiante, da eficacia, do gasto do débito, do aforro.

O proceso de informatización das administracións públicas é un dos elementos clave para a súa reforma, pero existe grandes esforzos: non só internos, de adecuación e formación do persoal necesario, senón tamén de formación do usuario.

Un dos primeiros e máis importantes clientes da industria tecnolóxica é a Administración pública. Isto permítelle non só dispoñer dos aparatos precisos para crear, acumular e trasladar información, senón que tamén lle serve para orienta-la investigación tecnolóxica no sentido que desexe.

A través dos servicios informáticos que as administracións públicas crean, xorde unha nova filosofía da xestión administrativa. A informática non é un instrumento ó servizo da técnica, senón que se converte nun fin en si mesmo; é máis, a política e a técnica sométense ós proxectos e ás decisións dos servizos informáticos. Dito noutros termos, a xestión administrativa automatízase non xa no sentido de dispoñer de elementos informáticos, senón no de depender deles para adoptar decisións.

Ademais desa dependencia para a xestión, o cúmulo de material informático en mans da Administración pública produce a creación, almacenamento e transmisión de datos sobre persoas e bens de tal xeito que leve ó máis exacto coñecemento dos seus titulares. É dicir, créanse bancos de datos como unidades administrativas autónomas, con personalidade xurídica e patrimonio propio, que concentran a información e adquiren poder sobre outras administracións públicas e sobre os cidadáns.

O proxecto de portelo único e o desenvolvemento dos servidores *World Wide Web* nas administracións públicas facilitan, sen dúbida, o achegamento ós cidadáns pola fonte documental que representan e pola información que lles proporcionan. Instrumentos que serven, ó mesmo tempo, de canle de comunicación entre as distintas administracións públicas e, polo tanto, de intercambio de información en beneficio da colectividade.

A Lei 4/1999 impón a obriga de resolver e de notificar en tódolos procedementos, tanto a instancia de parte como de oficio, establecendo cómputos distintos dos prazos dados. Nos que se inician a instancia de parte interesada, o prazo compútase desde que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación, o cal supón unha maior precisión que na Lei 30/1992, que establecía que o prazo se computaría desde que a solicitude entrara en calquera dos rexistros do ministerio competente para iníciala tramitación da solicitude. Tamén se impón que a Administración, no prazo de dez días desde a recepción da solicitude, lle debe comunicar ó solicitante a data na que foi recibida polo órgano competente.

Nos procedementos que se inícien de oficio, o prazo compútase desde a data do acordo de iniciación do procedemento. Acordo que tamén lles deberá ser comunicado ós interesados.

O uso dos medios técnicos dispoñibles na sociedade é un elemento que hai que ter en conta na modernización das administracións públicas, nos procedementos que se han seguir na toma de decisións e nas medidas a adoptar para acadar maior participación dos cidadáns na xestión pública. En definitiva, unha forma de integración da Administración na sociedade e unha mostra de calidade e transparencia no actual administrativo.

Este bo desexo de impulso e aplicación das técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración pública recóllese expresamente tanto nas leis procedementais de 1992 e de 1999, xa citadas, coma nun conxunto de disposicións adxectivas e substantivas.

Como conducto que as une a todas debe tomarse o artigo 45 da Lei de 1992, que lles impón a tódalas administracións públicas o deber de usar eses medios para o exercicio das competencias atribuídas.

Cando ese exercicio supoña a relación cos cidadáns, os medios electrónicos, informáticos e telemáticos que vaian utilizar uns e outros deben ser compatibles; o contrario, loxicamente, impediría a práctica dos dereitos do cidadán, polo menos a través dos medios que a lei tenta impulsar.

O autor fai un estudio de certos instrumentos de comunicación por medios electrónicos, informáticos e telemáticos, cunha referencia especial ó uso da firma electrónica e ó recoñecemento das entidades prestadoras de servizos de certificación, con garantías xurídicas e sen menoscabo da autenticidade do documento e da recepción polo interesado.

Pero, xunto á idea que subxace como fundamental, é dicir, a necesidade de cumprir coa obriga imposta de resolver, en forma expresa e no prazo, as peticións que se formulen, o autor diseña a estrutura informativa montada polas distintas administracións (organización rexistral, medios de comunicación da recepción de documentos, instrumentos de relación entre os distintos entes vinculados –portelo único–, cartas de servizo, etc) para ofrecerlle ó cidadán un servizo de información eficaz e eficiente.

As administracións públicas do século XXI prefigúranse claramente como

unhas administracións orientadas ós cidadáns, conscientes de que a súa misión principal é o servizo e a atención ás necesidades daqueles e ás súas demandas razoables. Por este motivo, entre os obxectivos xerais marcados para a construción da Administración do novo século, considérase prioritaria a mellora da atención ós cidadáns en tódalas súas vertentes, así como o establecemento dun sistema de comunicación recíproca entre aqueles e a Administración.

A consecución deste obxectivo xeral lograrase a través do desenvolvemento dun conxunto de estratexias e da implantación de medidas concretas ligadas a cada unha destas estratexias, para o cal deben de terse en conta as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e das comunicacións.

**Juan M. González Hiltner**

*Bolseiro de investigación EGAP*

## *Fraude contra Derecho*

**José Lois Estévez**

Madrid, Civitas, 2001

O autor divide esta obra en tres partes ben diferenciadas: na primeira trata o problema do fraude á lei, aprofundando no estudo da acepción da palabra fraude, pasando polo dereito romano, o dereito moderno e tamén pola xurisprudencia. Así mesmo, aborda o tema das premisas lóxico-xurídicas para unha definición de fraude á lei. Refírese tamén á esencia da manobra fraudulenta realizada polos particulares e ós medios utilizados para defraudar e, ademais, nesta primeira parte, o autor trata o fraude á lei no proceso de creación xurídica e tamén con ocasión de aplica-la lei. En derradeiro lugar, Xosé Lois Estévez, dá unha definición de fraude á lei.

Na segunda parte o autor trata da etioloxía e prevención do fraude á lei analizando as leis contrarias e conformes ó sentir xeral; as respectuosas ou perturbadoras do equilibrio xurídico e as que están en pugna ou en pro dos intereses particulares.

A terceira, e última parte deste libro, dedica o autor ó diagnóstico e proba do fraude á lei, e explica a sospeita inicial de fraude e os seus indicios.

Vista a estrutura xeral da obra, podemos analizar cada unha das tres partes que xa sinalamos. Deste xeito, e como é normal, comezaremos pola primeira delas.

O autor comeza esta obra falando do problema do fraude á lei e para iso acode á acepción vulgar e etimolóxica da palabra *fraude*. É por isto que pon de manifesto que se nun sentido vulgar fraude significa engano malicioso e inxusto,

etimoloxicamente a dita voz non sufriu cambios importantes no seu valor semántico.

O dereito romano tivo o indicio de que máis alá da infracción pura e simple dos textos legais, había outra forma de reacción que evitaba as prohibicións con previda desculpa; pero ó tratar de identificala, fixoa consistir nunha supeditación do espírito á letra da lei; en executa-lo que se supón reprobado *intencionalmente* polo lexislador so pretexto de que non aparece expresamente prohibido.

O tratamento xurídico asignado ós actos fraudulentos viña ligado ó que parece o carácter da lei. Só as *leges perfectae* sancionaban coa nulidade o acto na súa contra ou en fraude. Von Mayr sostén que os compiladores xustinianos desenvolveron o concepto de *fraus legis* como consecuencia de abolirse a distinción entre *leges perfectae, minus quam perfectae e imperfectae*.

As cautelas interpretativas dos xurisconsultos romanos permítennos entreve-lo seu *modus operandi* en tan delicado problema: convertían o *in fraudem legis* nun *contra legem agere*. Deste xeito, fixábanse máis no contido ca nas formas, negábanse a ter por válido un resultado que de xeneralizarse reduciría a norma vencellante a unha recomendación benevolente, a mercé das partes.

É dicir, en Roma, ó revés que no dereito moderno, a noción de fraude á lei encoméndaselles á aprehensión intuitiva, ó instinto dos prudentes, ós seus presuntos esforzos para preserva-lo dereito e a xustiza na aplicación práctica dos textos. Non hai propiamente no dereito romano unha definición conceptual, lóxica, do fraude á lei. Abondan, en cambio, xuízosos exemplos desta teoría no seu espírito.

No dereito moderno, os grandes códigos do noso mundo parecían gardar un estraño silencio sobre o fraude á lei. Nin o definían, nin sequera o mencionaban. A propia xurisprudencia amosábase reservada e obstinada. Na maioría dos casos fuxía desta temida e incomprendida construción.

España non constituía unha excepción a esta regra. O Código civil español non mencionara explicitamente o fraude á lei. Tampouco a xurisprudencia. A doutrina mesma parecía ignora-la existencia desta figura. Con todo, a partir do primeiro cuarto do século pasado, iníciase timidamente un cambio de actitude. Resulta interesante a historia porque amosa cómo a doutrina (que moitos autores descartan como fonte do dereito), unha vez formada, repercute primeiro na xurisprudencia e acaba por converterse en lei.

Houbo moitos autores que trataron o tema pero foi, sen dúbida, Federico De Castro quen consagrou o fraude á lei no seu *Derecho Civil de España*. Tras unha sucinta exposición da xénese histórica do concepto, distinguía o fraude das figuras afíns e definíao como *un acto cun resultado prohibido por unha lei pero que se amparaba noutra dictada con distinta finalidade*. Ademais, De Castro, trataba de establece-lo seu ámbito de aplicación e fixaba os seus requisitos e efectos.

A visión que predominou na doutrina española foi a que se difundía na mag-



nífica obra de De Castro. A maior parte dos nosos civilistas limitáronse a secundala. Así, por exemplo, autores como Castán, Puig Peña, Bonet, Lacruz, Díez-Picazo, Cossío, Albaladejo, Batlle, Gitrama, De los Mozos, etc.

Deste xeito, ó reformarse o título preliminar do noso Código civil tívose presente, sobre todo, o punto de vista predominante na doutrina nacional, aínda que se lle aplicou unha certa modificación; pois o parágrafo 4º do artigo 6 di que *os actos realizados ó amparo do texto dunha norma que persigan un resultado prohibido polo ordenamento xurídico, ou contrario a el, se consideraran executados en fraude á lei e non impedirán a debida aplicación da norma que se trata de eludir.*

Esta definición peca de insuficiente, pero en calquera caso, a recepción da doutrina sobre o fraude, pola xurisprudencia primeiro e logo pola lexislación, acredita de qué xeito se vai conformando a opinión dese público constituído polos xuristas e cómo polo seu influxo se oficializa.

Desde a súa orixe, a loita contra o fraude é inevitablemente un cometido xurisprudencial. Así segue a ser agora e continuará no futuro. A razón está clara: a doutrina do fraude á lei construíuse como unha reacción dos intérpretes *oficiais* contra as tentativas *privadas* de *paraliza-los* preceptos condenándoo ás súas hipóteses estrictas, mentres gracias á autonomía da vontade, trataban de crearse *formalmente* situacións de excepción, inmunes ás prohibicións lexislativas.

Só a xurisprudencia ten a oportunidade de reprimilo; pero só en moi contadas ocasións pode facelo sen mostrarse arbitraria. Pois un tribunal de dereito, lonxe de decidir segundo o seu propio sentimento xurídico e aínda segundo a súa propia conciencia, debe submisión a normas moi constrictas de índole procesual e material, relativas ás alegacións, á proba, á valoración da proba, á congruencia co pedido e, sobre todo, a unha imparcialidade sen sospeita.

A actitude inhibicionista dos ordenamentos contemporáneos ante o problema do fraude á lei, aínda que profundamente significativa, resulta en franca inconsecuencia cos principios imperantes.

O dereito positivo da nosa época está dominado polo signo dun normativismo absolutista e pretencioso, que tende a prevelo e regulalo todo. Non só se multiplican as normas ata constituír un labirinto que ningún fio de Ariadna logra desenredar, senón que, ademais, cada unha, co afán de ter en conta as circunstancias máis nimias, se perde nunha serie de sutilezas que converten nunha verdadeira tortura para os xuristas a súa comprensión e conciliación. A lei intenta reorganizalo todo, e o lexislador, co propósito de asegurarse a xa difícil submisión do xuíz, quere aprisionalo nunha estreita trama normativa e procura subministrarlle por adiantado todo xuízo.

Sintomaticamente e por excepción, ante o problema da *fraus legi*, o lexislador adoita observar un comportamento diferente. En lugar de precisar con rigor cómo se debe concibir e trata-lo fraude, na maioría dos países fíxolles unha verdadeira deixazón ós tribunais do seu descubrimento e terapia.

Isto responde, seguramente, a unha das notas máis rechamantes do fraude á lei: este confúndese co dereito. Tódalas formas xurídicas son boas para el e vive suxeito a unha transformación incesante.

Fronte a esta gama de posibles modificacións a impotencia do lexislador é moi visible, se condena unha forma, o fraude adoptará outra; e os subterfuxios non rematarán nunca. Pretender prevelos todos levaría a repetir ante cada norma todo un mundo de trabas, precaucións e contramedidas que farían o texto inmanexable. Defini-lo fraude e encomendarlle-la súa detección ós tribunais parece o único accesible para o lexislador con algún resultado: pero o traballo non resulta fructífero porque a reprobación do *fraus legi* é consubstancial á mera constatación de que toda disposición de intención pública, válida e vixente, debe ser efectiva.

A loita contra o fraude á lei ofrécese, así, como unha misión xurisprudencial, ou con maior xeneralidade aínda, como unha misión de tódolos órganos oficiais que aplican o ordenamento positivo.

O autor dedícalle unha alínea nesta primeira parte da súa obra ás premisas lóxico-xurídicas para unha definición do fraude á lei. Así, na xénese da noción no dereito moderno, a maioría das disputas, tanto de carácter doutrinal coma práctico, que xorden unha e outra vez a propósito do fraude á lei, non terían ocorrido co realismo san e co método científico rigoroso que demanda a concepción empírico crítica do dereito, se se comezara por dilucidar-la significación lóxico-xurídica da noción clasificadora, e despois, a sabendas xa das súas implicacións se inventariara con exhaustividade a casuística do fraude á lei, con supostos non triviais senón autenticamente significativos.

Polo que atinxe á causación do fraude desde o dereito, o autor sinala que para establece-las fronteiras do acto fraudulento debemos, en primeiro termo, separalo doutras figuras afíns coas que se soe mesturar. Sobre todo, cómpre distinguilo do que é unha mera *infracción legal*. O noso primeiro coidado ten que consistir en dilucidar ata qué punto é ilícito o fraude e en inquirir despois se esta ilicitude hipotética e diferente posúe suficiente singularidade para xustificar que se reivindicque no seu favor unha nova rúbrica terminolóxica.

Segundo unha teoría de grande avoengo entre os xuristas, a norma xurídica actúa sobre os súbditos de catro maneiras: mandando, prohibindo, permitindo e castigando. O mandato ou a prohibición legal, o mesmo que a sanción ó acto tipificado, determinan a esfera das conductas ilícitas, é dicir, o que debe ser condenado a inviable no mundo xurídico. Se descartámo-las formulacións de mero carácter declarativo e as de índole constitutiva, o dereito resolveríase nun cúmulo de prescricións imperativas. E dado que non se admite, a título de excusa, ningunha alegación de ignorancia, o resultado sería que o dereito, bloqueando efectivamente a liberdade cos seus *nons* ou *sís*, deixaríaalles expedito unicamente o camiño ós actos conformes á regra. Por iso se invoca tan a miúdo o axioma: todo canto non estea prohibido está xuridicamente permitido. Proposto así o problema, sería imposible facerlle sitio ó fraude entre os actos ilí-

ditos, nin o dereito podería coñecer un terceiro xénero entre o cumprimento e a infracción: a norma ou se acata ou se viola; pero nada máis. A razón é franca. Rexendo o principio de legalidade e o seu corolario (a liberdade residual), prohibicións ou mandatos que non consten, non poderían lícitamente ser impostos *a posteriori*; e máxime cando a ignorancia non exime. Pero así o fraude non podería nunca incorrer en sanción, agás que sexamos infieis ós principios.

No artigo 6, número 4, do título preliminar reformado, os lexisladores españois, quizais coa pretensión de sortear algúns dos palpables inconvenientes que queixarían a fórmulas similares, substituíron a contraposición doutrinal entre *norma infrinxida* e *norma de cobertura* (que disolvería o fraude nos actos contra a lei) por unha máis larvada oposición entre *norma invocada* e ordenamento xurídico. Así, os actos fraudulentos non serían xa *contra lei*, senón *contra dereito* (con só facer equiparable *dereito* e *ordenamento xurídico*). O noso lexislador viría deste xeito, a sabendas ou non, a refuxiarse nunha concepción paralela á da tese doutoral do autor, que dicía: *Este é o paradoxo do fraude: enfronta-lo dereito co dereito; pretender substraerse ó dereito utilizando como instrumento o propio dereito: apoiarse na estrutura ou modo de ser do sistema xurídico para facer pasar por normal un feito prohibido.*

Queda, sen embargo, desmentida esta primeira impresión polo propio aserto do Código civil: *Os actos realizados ó amparo do texto dunha norma que persigan un resultado prohibido polo ordenamento xurídico, ou contrario a el, consideraranse executados en fraude de lei e non impedirán a debida aplicación da norma que se tratara de eludir.*

A frase subliñada, coa súa manifesta referencia á norma transgredida, bota por terra a anterior hipótese e induce a crer que a mención do *ordenamento xurídico* non responde a ningunha intención de maior alcance, senón a simples motivacións estilísticas. A teor da súa verdadeira intencionalidade, a formulación do artigo sería equivalente a esta outra: *Os actos realizados ó amparo do texto dunha norma que persigan un resultado prohibido noutra, ou contrario a ela, consideraranse executados en fraude de lei e non impedirán a debida aplicación da que se tratara de eludir.*

Se cadra polos antecedentes do precepto sexa posible deducir que os principais inspiradores da reforma abrigaban o propósito de configura-lo fraude á lei tomando o ordenamento xurídico como un todo; pero á hora de dar corpo ó que sería o criterio legal, non se pode negar que prevalecendo sobre o designio reflexivo, a idea subconsciente que os dominaba comunicóuselles ás súas expresións. Reapareceu, así, fronte á norma de cobertura e de amparo, outra norma en conflito, a que trataba de eludirse, co que a referencia ó ordenamento xurídico como un todo viña a quedar en mera retórica.

En canto á esencia da manobra fraudulenta realizada polos particulares, recorda o autor que Thöl reducía a dous os posibles casos de fraude: unha falsa interpretación do principio xurídico ou unha desfiguración da situación de feito.

Lois Estévez refírese tamén ós medios utilizados para defraudar sinalando que para sistematizar con certa eficiencia os procedementos dos que se serve o fraude para eludi-la lei, convén preguntarse primeiro sobre quen ou sobre que recae a prohibición. A prohibición legal pode afectar unicamente a un conxunto determinado de persoas; a negocios ou actos xurídicos en xeral ou a calquera dos seus elementos en particular; ou a cousas ou instrumentos específicos.

Cando a prohibición afecta a unhas persoas e non a outras, pode eludirse poñendo ó afectado de acordo con alguén que non o estea para que, finxidamente substituíndoo como suxeito da relación xurídica, lle transmita despois a cousa, os seus froitos ou os efectos desexados. É o suposto da interposición de persoa.

Cando a prohibición se refire a un negocio xurídico ou a un acto, procúrase evitala desfigurándoo; é dicir, privando a súa aparencia dalgún ingrediente decisivo para a súa cualificación xurídica ou engadíndolle calquera nota ou circunstancia modificativa que cambie o seu xénero. Chamaremos a esta manobra desfiguración. Tamén cabe descompoñe-lo acto noutros máis simples, coa condición de que cada un sexa ou pareza inocente ou estea permitido. Falamos entón de desdoblamento.

Cando se funde a prohibición sobre elementos ou circunstancias, ben do acto ben do negocio, cabe intentar esquivala ocultándoos ou facendo que os suplanten outros elementos ou circunstancias lícitas.

En todos estes supostos a manobra fraudulenta realízase para facer inerte unha prohibición legal. Os actos mediante os que se procura a inmunidade fronte á norma prohibitiva son entón, sen lugar a dúbidas, *actos contra lei disfradados*, procedementos para converter en inaparente o antixurídico.

Polo que respecta ó fraude á lei no proceso de creación xurídica, o autor manifesta que é o fraude á lei máis perigoso e menos estudado e é cometido polos poderes do Estado cando se deixan arrastrar polo seu afán de supremacía.

En canto ó fraude á lei con ocasión de aplicala, sinala que aínda que a función de vulgar non poida reducirse, como pretendía Montesquieu, a unha repetición servil dos textos legais, haberá que garantir dalgún xeito que, co pretexto de interpreta-las normas, non sexa posible, aberta ou solapadamente, contradicilas. Pois unha cousa é recoñecer que os xuíces están chamados a crear dereito nos casos concretos e outra moi distinta facultalos para sobrepoñérense ás leis e recíbilas a beneficio de inventario, segundo particulares conveniencias ou segundo, incluso, o propio sentimento xurídico.

Que os xuíces poidan incorrer en fraude á lei vén recoñecéndose desde Roma. Pero, certamente, o fraude xudicial á lei resulta ignorado *de facto* no dereito moderno. Para desgracia de todos, a súa frecuencia é moito maior do desexable.

Por último, para rematar xa esta primeira parte do libro, o autor dá unha definición de fraude á lei e, así, di que a característica que comparten tódolos casos que explica na súa obra como exemplos de fraude á lei, consiste en *enmas-*

*cara-la que sería, se transcendera, antixuridicidade flagrante do suposto facticio tipificado, cambiando habilidosamente os seus rastros empíricos, para que pareza indiferente ou permitido polo dereito.*

Non parece, pois, que poida existir *fraus legi* sen previa maquinación que disfrace os feitos e, metamorfoseándoos, os faga inmunes á prescrición que se procura evitar. Tentar aproveitarse de calquera aporía ou lagoa descuberta no ordenamento, non constitúe fraude, senón facer vale-lo axioma de liberdade ou formular un mero problema interpretativo. Pois tanto as antinomias como as lagoas implican un baleiro legal ou a inexistencia dalgunha limitación esixible. E, por principio, se non hai regra que concretamente a reduza, ten que afirmarse como subsistente a liberdade.

O fraude á lei non consiste en ampararse nunha norma para eludir outra; senón en altera-los feitos de tal xeito que a disposición que se teme pareza inatínente ó evento mentido. De aí que poida definirse como deformación artificial dos signos sensibles que materializan empiricamente un suposto facticio, para que, trascanteada a súa *evidencia social*, lle escape á asignación xurídica que lle correspondería por *esencia*.

A segunda parte do libro refírese á *etioloxía e prevención do fraude á lei*. Nela, o autor sinala que toda lei suscita no medio social dúas clases de reaccións: unhas veces tradúcense en tendencias espontáneas ó acatamento masivo, instintivas; e outras, deliberadas, xorden despois de dar a coñece-lo contido do precepto e son, tal vez, de repulsa. As primeiras, debidas ó hábito de obediencia que semella formar parte da nosa herdade social, fan posible a efectividade do ordenamento positivo. As segundas, desembocan nun dos seguintes resultados:

- a) a lei é contraria ou conforme ó sentir xeral
- b) respectuosa ou perturbadora do equilibrio xurídico
- c) en pugna ou en prol dos intereses particulares de cada suxeito ó que afecta.

Cando as leis se inspiran en sentimentos que a maioría do pobo comparte, a propensión a gardalás ten que se-lo suposto normal. Pola contra, cando incomodan ou desagradan a moitos, o estímulo para reaccionar contra elas aumenta en proporción ó número de afectados. A probabilidade de ineficacia neste caso faise moi grande. Á pasividade da maioría, que non adoita informarse das innovacións legislativas nin está capacitada para entendelas, unírase entón o esforzo imaxinativo dos expertos para enervalas.

Deste xeito, témo-las seguintes reaccións ante a lei:

1ª. Inhibición colectiva. A norma amósase tan descoñecedora das realidades e necesidades sociais que a inmensa maioría dos seus destinatarios se comportan coma se non existira e incluso as autoridades, non considerándose lexitimadas para esixi-lo seu cumprimento, finxirán ignora-la infracción. A consecuencia disto é o desuso.



Outra causa de incumprimento xeneralizado é a hipertrofia lexislativa. Cando se lexisla en exceso, non hai quen de coñece-la inmensa maioría dos textos legais. Cómo poderemos, pois, garanti-la súa observancia. Aínda admitindo o principio establecido no artigo 6.1 do Código civil, segundo o cal a ignorancia das leis non é alegable como escusa do seu incumprimento, resulta incuestionable que non cabe aplicar semellante precepto senón *a posteriori* e a situacións litixiosas concretas; porque as normas descoñecidas pola maioría dos seus destinatarios son de acatamento imposible. E, na práctica, a ignorancia masiva equivale a universal repudio, como se se debese a un acordo multitudinario para boicotear unha disposición odiosa.

2ª. Franca oposición á norma. A norma contradí ata tal punto os sentimentos colectivos que o seu quebrantamento se produce masivamente e sen recato e aínda que os poderes públicos pretendan esixi-la súa observancia están condenados de antemán a fracasar. Tropezan cunha resistencia social tan cuantiosa que resulta invencible. Cabe concretala nunha especie de lei natural, extrínseca ó dereito, susceptible de formularse así: *A probabilidade de impoñer coercitivamente o cumprimento dun precepto xurídico é inversamente proporcional ó número de transgresións que se cometan contra el en unidade de tempo.*

3ª. Quebrantamento larvado. É un suposto moi común: calquera persoa que vexa importantes intereses seus ameazados por unha norma e teña medo de que, se a infrinxe abertamente, se lle apliquen as sancións previstas nela, haberá de procurarse, ó solaparse a violación, algún xeito inaparente de eludi-los disuasivos ameazantes. Esta reacción pode darse en contadas ou en múltiples ocasións. No primeiro caso, enfrontariámonos a tentativas de evasión illadas, que hai que combater caso a caso, a medida que se diagnóstiquen. Se ocorre en múltiples ocasións, o propio efecto cuantitativo impón un cambio de calidade e na súa virtude chégase moitas veces a constituír, ó consolida-lo procedemento como costume, novas figuras ou institutos xurídicos.

Na terceira parte do libro, o autor trata do diagnóstico e proba do fraude á lei, e sinala que o fraude á lei, como creación de falsas aparencias para esconder e facer pasar por outra a verdadeira realidade, ten que estar formalmente salvagardado por documentos, con preferencia públicos. Tratando de impedir que se aplique unha lei a un suposto facticio nela previsto, necesita predispoñe-la proba de tal xeito que funcionarios e xuíces non poidan identificar, se respectan as normas probatorias, o caso real desfigurado, senón só ver nel unha excepción ou algún outro caso diferente. A proba é aquí, polo tanto, enganosa.

O dereito ten sempre que dar por suposto que os sucesos que contan con maior índice de frecuencia, ou sexa, os máis probables, son os que deberán terse por acontecidos; e, en cambio, resulta lóxico esixir unha proba especial cando se afirma que se produciron feitos que acontecen máis rara vez.

Acredita-la existencia do fraude obrigará entón, ante todo, a desvirtua-los medios persuasivos cos cales unha parte, polo xeral o demandado, ofrece a



demostración de que a súa situación difire e é inconciliable coas previsións da norma invocada pola súa contraria. Como, ademais, a carga da proba pesa substancialmente sobre o actor, a demanda do cal debe desestimarse se non consegue achegar suficientes instrumentos de convicción en aval da súa tese; cerciorarse de que se intentou defraudar-la lei constitúe unha auténtica *probatio diabólica*.

Porque, por unha banda, o defraudador reconstituíu, de ordinario, proba de que realizou un negocio xurídico lícito, ó non estar prohibido en ningunha lei e resultar por ende aplicable ó mesmo o axioma de liberdade e o principio de autonomía volitiva; *per contra*, o adversario debe demostrar que, por non explicarse os feitos senón como un medio para eludir-la aplicación dunha norma imperativa ou, mellor, de orde pública (*ius cogens*), a autonomía volitiva non se consínte.

Toda a énfase debe poñerse neste aspecto da demostración, porque se o negocio xurídico é normal, estatisticamente frecuente e non foi expresamente prohibido, é obvio que non poderá tildarse de fraudulento sen incorrer en pronunciamento arbitrario. Pois non podendo pasar inadvertido ó lexislador, ó ser un dato patente da experiencia xurídica, faise inevitable cualificalo de permitido. Xa que sería moi inxusto tratar como fraudulento o que, por coñecido e non prohibido, hai que ter á forza por permitido.

En canto á sospeita inicial; para chegar a convencerse de que certos actos ou negocios xurídicos, que en aparencia non quebrantan ningún precepto positivo, sen embargo, entrañan fraude á lei, o primeiro de todo é sospeitar por algúns vestixios, a súa existencia. Para isto, debemos comezar preguntándonos qué circunstancias poden movernos a reecer que un determinado comportamento fora motivado polo deliberado propósito de subtraerse a unha esixencia ou prohibición normativa.

Habermos de contar, así, cunha norma, vixente á data na que se realizou o acto ou o negocio xurídico, que non admita a autonomía da vontade, senón que obrigue ó sometemento incondicional dos afectados. Sobre este punto non existe, naturalmente, ningunha esixencia de proba, por reducirse a unha cuestión de mero dereito. O que si resulta problemático é acreditar que a hipótese ou suposto fáctico normativo fora desvirtuado para que non pareza comprende-lo caso litixioso real.

En rigor, a manobra defraudadora móntase exercitando a autonomía volitiva para producir unha proba legal ou sumamente verosímil de que as partes constituíron voluntariamente unha relación xurídica inusitada, nova ou pouco frecuente, que hai que cualificar de lícita, porque non foi aínda obxecto de prohibición legal.

Estes dous riscos son os que permiten conxectura-la existencia do fraude: o precepto con pretensións de ineludibilidade e o acto ou actos anómalos que, prevaléndose da liberdade contractual, logran obter, por medios que non delatan a súa ilexitimidade, un resultado equivalente ou idéntico ó suposto fáctico que a norma pública trata de inhibir.

Debemos recoñecer, sen embargo, que un indicio de fraude non abonda para xustifica-la súa represión nunha sentenza. O xuíz, actuando imparcialmente debe respecta-las regulamentacións sobre a proba, a distribución da súa carga e a súa definitiva valoración. Pois converter nun feito un simple indicio, aínda que sexa a máis frecuente tentación en que pecan os xuíces, significa ceder ó prexuízo e incorrer en arbitrariedade.

Polo que respecta ós indicios de fraude, o fraude, ó igual ca unha enfermidade debe ser detectado polos seus síntomas. Como evento anómalo, soe deixar tras de si algúns rastros delatores, que servirán precisamente como o seu medio de diagnóstico.

Finalmente, en relación coa proba do fraude, sinala o autor que o fraude non pode presumirse, hai que probalo, porque debe rexe-la presunción de inocencia para o imputado. A proba faise a miúdo por medio de presuncións legais, que poden chegar á ficción cando *son iuris et de iure*.

Teremos indicios de que unha cousa non comprendida nunha prohibición legal foi tomada en substitución da que se ve afectada por aquela; de que unha persoa a quen é lícito un certo acto xurídico figura en lugar doutra que o ten prohibido; ou ben un contrato non permitido se reempraza por outro lícito, urdido para producir un resultado económico equivalente; ou calquera outro negocio xurídico visto con tolerancia, ponse en lugar do reprobado.

En resumo: substitución de persoas, de cousas ou de actos xurídicos.

De aí que para detecta-la maquinación fraudulenta, haberá que preguntarse se a persoa que aparece como titular é a que realmente protagoniza o acto xurídico substitutivo ou ben algunha outra interposta, que deberá de gardar coa primeira relacións estreitas de parentesco ou amizade. Cuestionar tamén se a cousa está, ou non, empregándose en lugar doutra ou se os actos ou negocios xurídicos se xustifican e son intelixibles por si mesmos ou se só teñen sentido como partes dun todo para acadar un resultado económico prohibido no seu xeito normal de acadalo; é dicir, mediante un acto ou negocio que é o medio tradicional para a súa consecución.

Así, temos sintetizados os indicios que poden permitir diagnostica-la comisión do fraude e sobre os cales se van proxecta-las reflexións do xurista e do xuíz.

Cuestionándonos todas estas cousas e contrastando cada unha cos seus posibles indicios, a sospeita inicial pode conducirnos á certeza moral que se require para diagnostica-lo fraude á lei sen pecar de arbitrario.

**Isabel Castiñeiras Bouzas**

*Avogada*

## *Instituciones de Derecho Ambiental*

**Andrés Betancor Rodríguez**

Madrid, La Ley, 2001. 1.517 páxs.

A degradación do medio natural é unha preocupación recente da nosa sociedade. Intentando ofrecer unha resposta a este conflito social, o Dereito ambiental empeza a adquirir perfís propios a partir da década dos setenta. Así, o profesor Martín Mateo publicou, en 1977, o seu *Tratado de Derecho ambiental*; punto de partida do estudio en España desta disciplina. Desde os anos sesenta, moitos teñen sido os que seguiron esta estela inicial marcada por tan insigne mestre. A capacidade productiva da doutrina española tense ido incrementando nestes últimos anos coa publicación de innumerables manuais, monografías e artigos sobre a cuestión. Teñen sido, é son, múltiples os administrativistas que, desde o compromiso, dedican boa parte do seu esforzo docente e investigador ó estudio e ó perfeccionamento do dereito ambiental. Andrés Betancor Rodríguez, profesor titular de Dereito administrativo da Universidade Carlos III, está desenvolvendo nos últimos anos un importante labor docente, divulgativo e investigador no marco desta nova disciplina xurídica. Director do Máster en política e xestión ambiental da Universidade Carlos III e da *Revista Interdisciplinar de Gestión ambiental*, trátase dun dos compoñentes máis dinámicos no conxunto de estudiosos e especialistas de dereito ambiental en España.

A presente obra, *Instituciones de Derecho Ambiental*, é o voluminoso resultado dun ambicioso proxecto. Unha nova achega doutrinal no camiño cara ó perfeccionamento do dereito ambiental. O autor pretende identificar, ó longo do

presente traballo de investigación, as características, os principios, fins e instrumentos dunha disciplina xurídica con vocación de autonomía.

Parte dunha dobre perspectiva. En primeiro termo, o estudo está dotado dunha perspectiva institucional. Non se realiza unha análise sectorial da normativa ambiental para a protección dos diferentes vectores ambientais (auga, aire, residuos, etc) senón que se desenvolve un estudio horizontal dos instrumentos que manexa o dereito para cumprila súa función tuitiva. O autor realiza unha reflexión global e abstracta da natureza e instrumentación dos diferentes mecanismos de tutela. En segundo termo, adopta unha perspectiva interdisciplinaria. A problemática ambiental ten un carácter multidimensional. A protección, conservación e mellora do marco de vida esixe unha actuación integrada, non pode realizarse desde a compartimentación das disciplinas científicas. A actuación tuitiva do Dereito só se pode realizar desde o coñecemento e a toma en consideración previa dos coñecementos achegados por outras disciplinas científicas coma a ecoloxía, a economía e a socioloxía.

Na presente obra, o autor aborda tres cuestións fundamentais: a condición sistémica do Dereito ambiental (primeira parte); o estatuto xurídico da natureza e dos recursos naturais (segunda parte); e, moi especialmente, o réxime xurídico dos instrumentos de protección ambiental (terceira parte).

A primeira parte da obra –o Dereito ambiental como sistema–, tras realizar unha aproximación inicial ó concepto de dereito entendido como sistema normativo (alínea III), realiza unha defensa do Dereito ambiental como rama autónoma do ordenamento xurídico, sobre a base do seu carácter interdisciplinario e supranacional. Neste esforzo xustificativo, identifica cáles son as características, os fins e os principios do Dereito ambiental (alínea IV). Apunta suxerentes reflexións sobre as tendencias actuais do Dereito ambiental: a flexibilización das súas esixencias, no marco xeral da imperante ideoloxía liberalizadora e desreguladora; a dimensión científica do dereito; o conflito entre a seguridade xurídica e a incerteza científica.

O autor leva a cabo, igualmente, un esforzo por concreta-lo concepto de desenvolvemento sostible. Diferencia dous obxectivos instrumentais, a utilización racional dos recursos e o desenvolvemento sostible, e un obxectivo principal, a conservación da natureza e, en particular, da biodiversidade. Rexeita o concepto de desenvolvemento sostible manexado pola Comunidade Europea por antropocéntrico e profundamente economicista, e propón unha alternativa «(...) ecocéntrica y socio-económica, o sea holística e integral-integradora». Pese ó suxestivo dalgunha das súas ideas, apréciase, ó meu xuízo, unha certa confusión de conceptos, que desemboca nunha conceptualización non de todo intelixible do concepto de desenvolvemento sostible.

Seguindo claramente o artigo 174 CE, a obra identifica os seguintes principios do Dereito ambiental: prevención, cautela, corrección dos atentados, preferentemente na súa fonte, e quen contamina paga. Fronte ás afirmacións dalgúns autores como Krämer, realiza unha acesa e lóxica defensa do valor xu-

rídico dos principios. Clarifica, acertadamente, cuestións coma a diferenza entre o principio de prevención e de precaución, asignándolle autonomía propia a este último.

No marco da alínea V do título I da primeira parte, Betancor, clasifica as fontes do Dereito ambiental de acordo cun criterio material, formal e de eficacia. O autor chama a atención sobre a menor capacidade directiva das leis, así como sobre o risco de fragmentación do Dereito. Nesta orde de ideas, alude á crise da ordenación xeral a favor da ordenación singular, máis en concreto, á remisión das normas á concreción das esixencias básicas das actividades contaminadoras, a través de concretos actos administrativos ou de acordos voluntarios coa Administración. A xuízo do autor, a dita inercia representa unha ameaza á seguridade xurídica e á igualdade. En último termo, a obra fai referencia ó proceso de xuridificación das normas técnicas, así como ós problemas que isto presenta, como pode se-lo recoñecemento dos efectos xurídicos.

Analizado o marco xeral que configura o esqueleto básico do Dereito ambiental, a obra identifica cáles son os actores da escena ambiental (alínea VI). Sinala o diferente papel que desempeñan os cidadáns, lexitimados para participar na xestión pública do medio natural; a Administración, como garda da legalidade e da protección do dereito ó medio natural adecuado; e das empresas, en tanto que suxeitos pasivos ó deber industrial de respecta-lo medio natural.

O título II da primeira parte trata de dúas regras e principios estruturais do Dereito ambiental. Primeiro, apunta algunhas cuestións desde a perspectiva internacional das grandes declaracións de orde programática, que veñen configurando os principios e a estratexia xeral de actuación internacional (alínea VII). En segundo termo, o autor aborda a constitucionalización do medio natural e da política ambiental no Tratado constitutivo da Comunidade Europea (alínea VIII). Trata a integración dos obxectivos ambientais nos obxectivos (artigo 2 CE) e principios xerais da Comunidade Europea, así coma os obxectivos, os principios e os criterios específicos da Política ambiental comunitaria. Betancor realiza interesantes comentarios sobre a eficacia xurídica dos obxectivos, principios e criterios da Política ambiental comunitaria, fronte ás posicións doutrinais que lles outorgan o valor de meras declaracións políticas.

A constitucionalización do medio natural estúdiasi na alínea IX do título II da primeira parte. Nun primeiro momento, a obra analiza o artigo 45 CE, así como o conflito entre o dereito a un medio natural adecuado con outros bens e dereitos constitucionais, coma ocorre co principio de liberdade de empresa. Nun segundo lugar, estudia o clásico tema da distribución competencial no marco constitucional. Diferencia entre competencias ambientais-substantivas (recursos hídricos, minas, etc.) e a ambiental-formal (protección do medio natural). A competencia ambiental-formal de protección do medio natural –artigos 148.11 e 149.23 CE– refírese, ó xuízo do autor, ás técnicas e instrumentos de protección. En todo caso, o título competencial do artigo 149.23 CE e, segundo Betancor, un título de segundo grao en concorrencia cos títulos ambien-



tais substantivos. No sentido da xurisprudencia do Tribunal Constitucional da Sentencia 13\1881 considera que as competencias ambientais substantivas exercen unha *vis atractiva* sobre a protección ambiental. Así, Betancor, entende que a competencia ambiental-formal é unha competencia de carácter residual, destinada a cubri-los ocos doutros títulos máis específicos. A pesar do clarificador da súa exposición, cabe advertir do perigo de baleiramento da competencia ambiental, así coma da posible subtracción ás comunidades autónomas da competencia executiva en materia ambiental. A *vis atractiva* exercida polas competencias substantivas estatais sobre a competencia ambiental formal, pode derivar na subvaloración práctica desta compoñente. A pesar do afirmado por Betancor, a necesaria integración das esixencias de protección no resto de políticas sectoriais non require necesariamente unha interpretación coma a defendida polo autor. A integración supón que as esixencias de protección sexan asumidas tanto no deseño coma na aplicación das políticas sectoriais, non a centralización mediante o exercicio conxunto da competencia substantiva e formal. En todo caso, aínda estimando os posibles beneficios derivados do posicionamento do autor, isto non lexítima que se desvirtúe a competencia executiva das comunidades autónomas en materia de protección ambiental.

A segunda parte da obra aborda a cuestión do estatuto xurídico da natureza e dos recursos naturais. Nun primeiro momento, trata a cuestión da institucionalización xurídica da natureza (alínea X). O autor apunta os factores ideolóxicos e científicos que interveñen na construción social da natureza. Pasa, nun segundo momento, ó concepto xurídico do medio natural, e intenta deseñar, finalmente, un estatuto xurídico para o medio natural desde o concepto de patrimonio común da humanidade manexado por OST.

Na alínea XI, Betancor debuxa o estatuto xurídico dos recursos naturais: o aire; a auga; a flora e a fauna silvestre e o solo. Esboza unha breve exposición das disposicións normativas –internacionais, comunitarias e estatais– e das técnicas de protección orientadas á preservación de cada un dos recursos naturais.

A terceira parte do presente traballo de investigación, a protección xurídica do medio natural, é o núcleo fundamental deste obra. Analízanse as actividades humanas obxecto de regulación ambiental (título I); os instrumentos de protección ambiental (título II) e o dano ambiental e as súas consecuencias xurídicas (título III).

A alínea XII, integrada no título I da terceira parte, estudia as actividades humanas obxecto de regulación ambiental, así como as técnicas de avaliación de riscos utilizadas na súa determinación. Tras realizar un breve estudo da avaliación dos riscos, leva a cabo un exame das técnicas e instrumentos preventivos e correctivos utilizados na lexislación específica que regula o impacto das actividades (accidentes maiores, produtos, organismos modificados xeneticamente, residuos).

O título II aproxímase ó tema central: os instrumentos de protección. En primeiro termo, a alínea XIII confecciona unha clasificación inicial dos instru-



mentos de protección. Tras considera-la insuficiencia da clasificación tradicional da actividade administrativa, na que non se ten en conta a actividade informal da Administración, Betancor delimita as técnicas de protección ambiental do seguinte modo: planificación (alínea XIV); intervención (alínea XV); promoción (alínea XVI); e negociación (alínea XVII). Para finalizar este esforzo de encadramento inicial, o autor expón, de modo brillante, a súa visión sobre a denominada crise dos instrumentos xurídicos. Centra a súa reflexión na falta de aplicabilidade crónica do dereito ambiental e na tendencia, cada vez máis palpable, cara á liberalización e desregularización en materia ambiental como unha manifestación concreta dunha inercia xeral. Sinala tamén, as dificultades que presenta a alternativa baseada no mercado, tanto desde unha perspectiva microeconómica, coma macroeconómica. A imposibilidade de que o mercado poida interioriza-los valores ambientais ou a súa dificultade para satisfacer-los intereses xerais, desde a súa perspectiva antropocéntrica e a súa fundamentación no egoísmo xeracional. Ante os fallos que ofrece o mercado, Betancor apunta as diversas alternativas formuladas ata o momento. Resalta, non sen certo escepticismo, de orde ética e xurídica, o papel dos instrumentos económicos, aínda que entende que, en todo caso, deben manter un papel secundario e dependente con relación ós instrumentos normativos.

Tras esta valoración previa das técnicas de protección ambiental, procede a analizar, un por un, os ditos instrumentos de acordo coa sistemática xa apuntada. Así, en primeiro lugar, aborda, na alínea XIV, o papel, a eficacia xurídica e a transcendencia práctica da planificación nos distintos sectores normativos (augas, espazos naturais, ordenación do territorio e residuos).

A alínea XV trata as técnicas e instrumentos preventivos de intervención administrativa: a avaliación do impacto ambiental; as autorizacións ambientais; as auditorías e informes ambientais; a inspección ambiental; e as ordes ambientais. A técnica de EIA é analizada en toda a súa dimensión, abordando as dúbidas e cuestións xurídicas que presentan, tanto o procedemento, coma a non de todo correcta transposición da normativa comunitaria. O presente traballo de investigación aborda, igualmente, o estudo das autorizacións ambientais: as autorizacións da lexislación sectorial; a licenza municipal do antigo réxime do Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas; a nova perspectiva, introducida polo Dereito comunitario, da prevención e o control integrado da contaminación. Desde unha perspectiva xeral, o autor, a medida que analiza a propia natureza das autorizacións de vertido, pon en dúbida o anquilosado concepto clásico de autorización, superado na realidade por un maior achegamento destas fórmulas de intervención á figura da concesión administrativa. Do mesmo modo, a obra efectúa un exame superficial do novo papel das auditorías ambientais, en canto técnicas operativas de control e xestión privada das actividades industriais. Estudia, tamén, o réxime xurídico da inspección e o control das actividades ambientais; tomando en consideración o crecente, e quizais excesivo, protagonismo dos axentes privados, isto é, as entidades colabo-

radoras da Administración. Finalmente, a alínea XV remata cunha reflexión sobre o que o autor denomina, de forma un tanto prosaica, a «perda de soidade do acto». A progresiva conversión do Dereito ambiental dun dereito de intervención nun dereito de promoción ou estímulo.

Nesta mesma orde de ideas, a alínea XVI introdúcenos no estudio das razóns de fondo do auxe dos instrumentos de promoción fronte ós de coacción, no contexto imperante da ideoloxía liberal e da incapacidade do Dereito e das administracións para regular e controlar eficazmente tódalas actividades humanas. Betancor afonda nos distintos instrumentos de estimulación –axudas, fondos, seguros e impostos ambientais–; nas medidas de orientación –recomendacións; ecoetiquetado, e ecoauditorías– e nos mecanismos de ilustración –fundamentalmente, o acceso á información ambiental–.

Para finaliza-la análise dos instrumentos de protección ambiental, a alínea XVII acomete o novidoso tema dos acordos ambientais. Ofrece unha reflexiva visión dos principais problemas xurídicos que presentan os acordos ambientais, especialmente no seo dos procedementos autorizatorios ou sancionadores.

O título III da terceira parte ponlle fin a este traballo de investigación introducíndonos ó tema da responsabilidade administrativa por infraccións ambientais. Tras esbozar inicialmente os trazos característicos do dano ambiental (alínea XIX), así como unha breve referencia á responsabilidade civil e penal (alínea XIX), o autor estudia, polo miúdo, o Dereito ambiental sancionador: a esixencia de responsabilidades administrativas por mera inobservación; as características xenuínas das infraccións administrativas; as posibles consecuencias derivadas da infracción ambiental; e o procedemento para esixi-la correspondente responsabilidade (alínea XXI).

A bibliografía manexada é ampla e completa. Ademais, o voluminoso resultado da investigación vén acompañado do apoio de varios índices –de figuras, de normas, de resolucións xudiciais, analítico e sistemático– que fan máis manexable e práctica a obra.

A pesar do excesivo dogmatismo e de que se bota en falta un maior esforzo de síntese nalgunha das alíneas desta obra, o autor levou a cabo un traballo creativo, suxestivo e exhaustivo. Desde a crítica e a orixinalidade ofrece interesantes reflexións nos temas claves da política e do dereito ambiental. Trátase, en definitiva, dun novo e ineludible referente no seo da doutrina xurídico-ambientalista máis autorizada.

**Juan José Pernas García**

*Bolseiro predoutoral da Universidade da Coruña  
Área de Dereito administrativo*

## *Las acciones impugnatorias en la quiebra, en el marco del sistema concursal: derecho vigente y reforma*

**Rosario C. Escribano Gámir**

Madrid, Aranzadi, 2001

A quebra<sup>1</sup> é un estado legal que lle fai perder ó quebrado a disposición e administración dos seus bens, restrinxe a súa capacidade e inhabilita para o exercicio do comercio en tanto que non sexa rehabilitado.

A quebra é unha institución xurídica, de carácter procesual integrada por un conxunto de normas e actos procesuais dirixidos á liquidación do patrimonio do quebrado e ó reparto entre os acredores, unitariamente organizados baixo o principio de comunidade de perdas.

Dende o dereito romano ata os nosos días os lexisladores elaboraron normas que eles crían máis útiles para a finalidade tutelar da comunidade de acredores prexudicada. Este punto de partida sérvenos como base para adiantar que no dereito comparado son máis as semellanzas cás diferencias.

O libro de dona Rosario C. Escribano céntrase no marco das accións impugnadoras coas que contan os acredores concursais para reintegrar-la masa da quebra. O libro consta de tres capítulos:

<sup>1</sup> Vid., por todos, Garrigues, J: *Curso de Derecho Mercantil*, II, 7ª ed. Madrid, 1980, pax. 378. Segundo este, a quebra constitúe un procedemento de execución colectiva que descansa no principio da comunidade de perdas, cando o patrimonio do debedor é insuficiente para atender tódalas débedas.

- As accións impugnadoras concursais como instrumento legal de reintegración da masa da quebra.
- As accións impugnadoras concursais no noso dereito positivo vixente.
- As accións impugnadoras na quebra, no marco da reforma do noso dereito concursal.

Na actualidade temos tres sistemas de reintegración do patrimonio no dereito comparado:

1. Sistema de reintegración absoluto. Este sistema non distingue entre actos, de tal maneira que os efectos do sistema principian dende a data na que se retrotraía a quebra.

2. Sistema de reintegración relativo. Nace como consecuencia da necesidade de evitar perturbacións do sistema anterior, consiste en anular tan só *ipso iure* determinadas actuacións daquel, tales coma os actos a título gratuito, os pagos de débedas non vencidas, as constituicións de garantías reais para débedas anteriores, así como aquelas outras que teñan idéntica natureza.

3. Sistema de reintegración mixto. É unha combinación dos sistemas anteriores, de tal maneira que deveñen ineficaces tódolos actos levados a cabo polo quebrado no período que media entre a declaración de quebra e o anterior na que se retrotraen os efectos da dita declaración, dispoñen dunha serie de accións impugnadoras fronte a actos específicos.

No noso Código de comercio o sistema que se seguiu foi o modelo anglosaxón que mestura o período da *relation back*, no que tódolos negocios nel conclusos son nulos, con outro que posibilita a ineficacia parcial de determinados actos, segundo as circunstancias que rodearon a súa realización; a pesar do paralelismo non teñen un entroncamento común.

Só estarán afectados aqueles negocios xurídicos que tiveron lugar no tempo no que o debedor era insolvente, distinguindo:

1. Sistema de determinación xudicial. Son os tribunais os que establecen a data da insolvencia.<sup>2</sup>

2. Sistema de fixación legal. O período sospeitoso non é único, utilizan un sistema flexible, de tal maneira que o lexislador para reparar esta inseguridade do modelo deu entrada a unha serie de presuncións e, naturalmente a facultar ó debedor a demostra-la súa insolvencia no transo en cuestión.<sup>3</sup>

3. Sistema indeterminado. Evítase calquera fixación, legal ou xudicial, do momento no que poden enervarse os instrumentos restitutorios, de tal maneira que o principio xeral declara impugnables aqueles actos que concluíran antes da

<sup>2</sup> Este sistema é o francés. Baixo este criterio móvese o dereito español, que ademais non coñece ningún límite temporal, (O artigo 1024 do Ccom/1829 sustenta legalmente este parecer. A vixencia do citado precepto non é nin moito menos pacífica e, deste modo, non falta doutrina científica nin xurisprudencial que a neguen).

<sup>3</sup> Este sistema séguese en Italia, Gran Bretaña e Estados Unidos.

apertura do procedemento e que prexudicasen ós acredores. A proba da insolvencia resulta ineludible, só poderán ser obxecto de impugnación aqueles actos realizados polo debedor debido insolvente, non se admite ningún tipo de pre-sunción.<sup>4</sup>

A autora céntrase nesta parte do libro en darnos unha visión histórica da quebra no dereito comparado e por suposto tamén en España, paréceme brillante a súa capacidade de síntese e a claridade de ideas; pero agora quémome centrar nas accións impugnadoras concursais no noso dereito positivo vixente, correspóndese co capítulo II do manual.

O primeiro que hai que subliñar son as deficiencias lexislativas que presenta a ordenación da quebra en España, no noso Código de comercio as accións impugnadoras atópanse nos artigos 879 a 882. Empezaremos abordando o tema falando dos institutos da retroacción e da acción pauliana.

A acción pauliana pode definirse como a facultade que o ordenamento xurídico lle concede ó acredor para impugnar actos válidos e eficaces realizados polo seu debedor, dado que, polo seu carácter fraudulento, cāusanlle certo prexuízo, ó impedirlle satisfacer o dereito ou crédito do que é activo titular. O principio de responsabilidade e o dereito de garantía implícanse nesta institución.

A través da *actio pauliana* o acto que se ataca é válido e eficaz *erga omnes* e necesita da canle impugnadora para alcanza-la súa ineficacia, ou sexa, precisa dunha declaración xudicial en tal senso. Aínda así, queda a defensa contra o acto inopoñible, pois a acción correspondente «constitúe unha facultade automática do beneficiado».

Concluimos, pois, a natureza impugnativa da acción pauliana. A súa ineficacia é potestativa e xudicial, sobrevida, parcial, relativa e estreitamente vinculada ó prexuízo. Trátase dunha acción tutelar do crédito, conservadora (pode exercitarse aínda que o crédito non sexa esixible), subsidiaria, especial, de carácter persoal, de tipo rescisorio e con efectos limitados.

As accións dos artigos 879 a 882 do Código de comercio, segundo a autora, constitúen accións impugnadoras de tipo rescisorio pauliano por fraude de acredores<sup>5</sup>.

En canto ós presupostos distínguense dous:

1. Crédito a favor do impugnante.
2. Acto de disposición que beneficia a un terceiro.

Respecto ós seus requisitos a distinción é tamén dobre:

1. *Eventus damni*
2. *Consilium fraudis*

<sup>4</sup> Este sistema séguese en Alemaña.

<sup>5</sup> A STS do 9 de xuño de 1932 (RJ 1932, 1094), expón que mentres non se inste á eficacia dos actos e contratos consignados nos preceptos do Código de comercio, aqueles terán que reputarse válidos.

A autora neste apartado da súa exposición fai uso da discriminación civil, de tal maneira que os presupostos das accións dos artigos 879 a 882 serán tres. O primeiro presuposto é, dende logo, complexo, toda vez que subsume outros dous: estado de insolvencia (que á súa vez esixe a insuficiencia do patrimonio neto do debedor) e a condición do debedor. O segundo presuposto, consiste na existencia do crédito a favor de quen intenta a impugnación. O requisito pauliano tradúcese neste ámbito na formalización da masa da quebra (que xunta tódolos créditos de aqueles acredores individuais do debedor e que, trala declaración xudicial, se constitúen en colectividade), conforme ó proceso disciplinado na lei. Para rematar, o terceiro presuposto é a realización dun acto dispositivo polo debedor dos consignados nos artigos 879 a 882 do Código de comercio, e que beneficie a un terceiro.

De acordo co previsto no artigo 1366 da Leciv<sup>6</sup>, a lexitimación activa para o exercicio das accións rescisorias concursais correspóndelles exclusivamente ós síndicos. O emprego polo lexislador do termo «personalidade», o artigo 1366 da LECiv, parece participar que nos atopamos ante unha lexitimación *ad proce-sum* e non substantiva nin *ad causam*, por ser representativa. De tal maneira, que a titularidade das accións reintegradoras do patrimonio do quebrado correspóndelles ós acredores, o seu exercicio confíreselles *ex lege* ós síndicos. O fundamento da exclusividade predicada para a lexitimación, imbricárase na mencionada representación, calidade na que actúan os síndicos.

Non é unicamente a sindicatura a que ten a representación dos intereses da masa. Na hipótese de que o debedor e a colectividade de acredores alcancen un convenio, a comisión liquidadora, como órgano executivo da cesión, asumiría aquela, cualificadamente, non se pode evitar entende-la posibilidade de que a prenomeada comisión sexa facultada no convenio para exercitar, por e para a masa, as accións que a esta lle correspondan, e que, dende logo, antes da realización do negocio xurídico entre as partes quebrada e acreedora, lle competían ó síndico.<sup>7</sup>

A interposición, tanto das reclamacións extraxudiciais ós terceiros para obter reintegro á masa do que a esta lle pertenza, coma, tralo fracaso daquelas, «os medios de dereito que correspondan segundo o obxecto de cada reclamación», está necesitada da autorización antes mencionada.

As demandas de rescisión dos negocios xurídicos consignados nos artigos 881 e 882 do código de comercio, substáncianse polo xuízo declarativo que lle

<sup>6</sup> Vixente en virtude da disposición derogatoria única 1.1ª da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, que entrou en vigor o pasado 8 de xaneiro de 2001.

<sup>7</sup> O Tribunal Supremo se ben negou a lexitimación activa do acredor singularmente considerado, refutou tamén que o exercicio das accións antes referidas só lle incumbían á sindicatura, non deixa de considerar que a realización do convenio non transloce o decaemento do interese da masa co fin de reintegra-lo patrimonio do seu debedor. De feito, en ningunha norma, o Código de comercio exixe a realización do acordo entre as partes, conclusas as operacións reintegradoras da masa activa.



corresponda á súa contía (artigo 1377 LACiv/1881). Pero ademais, o declarativo deberá acudir ó síndico, cando co exercicio dalgunha das accións dos artigos 879 e 880 do Código de comercio pretenda alcanzar a un subadquirinte. As restriccións que operan nos procesos sumarios referidos, obrigan a abandonalos cando estas se superan. Polo demais, a partir da entrada en vigor da Lei de axuízamento civil, teranse en conta nesta materia as novas regras para determinar o proceso declarativo pertinente (artigos 248 e seguintes da Lei de axuízamento civil).

Tanto a xurisprudencia coma a doutrina civil tradicional, imputaron reiteradamente a acción rescisoria por fraude de acredores para os efectos xurídicos previstos nos artigos 1295 do Código civil. Verbo do exame dos específicos efectos que desata o exercicio das accións impugnadoras, contempladas polos nosos lexisladores de 1829 e de 1885, hai que advertir da posible implicación de varios suxeitos no lado pasivo da lexitimación procesual. Trátase da chamada proposición triangular, pois non é, dende logo, difícil de imaxinar que o ben transmitido por algún dos negocios previstos nos artigos 879 e seguintes do código de comercio, pode volver ser obxecto doutro diverso ou, incluso, igual. Desta forma, producirase unha cadea transmisora que a sindicatura deberá de atacar, para conseguila reintegración da masa.

■ Efectos entre a masa e o terceiro adquirinte.

A ineficacia implica a reparación xurídica do prexuízo causado ós acredores polo acto lesivo. Os bens obxecto dos negocios afectados pola rescisión, volverán a masa *in natura* (artigo 1375 LECiv) e, se non fose posible, o seu equivalente en diñeiro (artigos 1124, 1295 e 1303 Código civil).

De acordo co artigo 1378 LECiv, en relación co 1101 do Código de comercio de 1829, a presentación dos créditos para o seu exame debe levarse a cabo no prazo máximo de sesenta días, a contar dende a data en que teña lugar a resolución xudicial que o estableza. A norma do artigo 1298 Código civil, no caso de que se frustrate a acción rescisoria, por imposibilidade de levar a cabo a res titución, esta degrádase en indemnizadora polos danos e prexuízos causados. A causa da falta de reembolso é indiferente, basta que se dea o feito descrito para que naza a citada obriga.

■ Efectos entre a masa e os subadquirintes.

De acordo co carácter rescisorio da pauliana, e no previsto nos artigos 1295 e 1298 do Código civil, a ineficacia afectaríalle á órbita patrimonial do subadquirinte.

■ Efectos entre o quebrado e o terceiro adquirinte.

O réxime de efectos entre o quebrado e os terceiros debe entreverse nas normas establecidas nos artigos 1.298, 1.305 e 1306 do Código civil. En primeiro lugar, cando o negocio impugnado entrañe a comisión dun delicto ou falta común a ámbolos contratantes (mala fe), carecerán reciprocamente, de acción. A

rescisión desta maneira poríalles fin ás relacións interpartes. En segundo lugar, cando o delicto ou falta mencionada só fôra imputable ó quebrado, o terceiro (de boa fe ou cun título superior) conservaría as accións oportunas para reclamarlle, á súa opción, ou ben aquilo que entregara, ou ben o cumprimento da prestación á que o quebrado se obrigou. Por último, cando a conducta descrita lle sexa atribuíble ó terceiro, carece de calquera acción contra o quebrado nos termos descritos.

Este libro de dona Rosario C. Escribano Gámir pode quedar, dende o meu punto de vista, anticuado, xa que nel se toca moi por riba a reforma da lei concursal; de feito, a autora inclúea nun anexo ó seu traballo, de tódalas maneiras non quero deixar escapa-la ocasión sen dedicar unhas liñas a esta reforma concursal.

Como é ben sabido, a normativa vixente en materia de dereito concursal atópase dispersa en varias disposicións legais, a maioría das cales foron promulgadas no século XIX. A máis moderna, e peza clave do noso sistema, que se dictou para resolver un caso concreto e evita-la quebra dun banco, leva oitenta anos de vixencia. Ante este panorama non é estraño que haxa distintos intentos de modifica-la normativa concursal, algún deles moi serios e ben concibidos, que sen embargo non chegaron a prosperar. Actualmente estamos en presenza dunha nova proposta de cambio e parece que agora vai en serio.

A lei concursal é un dos proxectos lexislativos que o Goberno ten previsto aprobar este trimestre para inicia-la súa tramitación parlamentaria. O anteproxecto desta lei, presentado ó Consello de Ministros o pasado mes de setembro, contempla entre as súas novidades a creación dos xulgados especializados en materia mercantil. Estes xulgados coñecerán nun principio (aínda que o anteproxecto prevé unhas competencias moito máis amplas):

- Tódolos litixios relativos a sociedades mercantís e cooperativas.
- Todo o relativo a propiedade intelectual e industrial.
- A actividade do transporte, incluíndo a totalidade do dereito marítimo.
- As accións relativas a condicións xerais de contratación nos casos previstos na lexislación sobre esta materia.

A futura lei, segundo o anteproxecto, tratará de posibilita-los principios de mantemento da empresa e de conservación dos postos de traballo. Tamén establece un procedemento dirixido por un xuíz único e especializado que será titular dos novos xulgados do mercantil. As características principais son:

- Os procedementos de quebras e suspensión modernízanse e simplifícase a súa estrutura. Ademais unifícanse os procesos e concéntranse os recursos.
- O procedemento concursal toma carácter de xuízo universal. Un único xuíz coñecerá tódolos extremos do caso aínda que afecten a varias xurisdicións.
- Limitáanse os privilexios que se derivan da lexislación actual co obxectivo de conseguír un equilibrio entre o interese público e o dos traballadores.

|| Créase un único procedemento que salva a actual división entre a suspensión de pagos e a quebra. Artículanse dúas solucións ó conflito, o convenio ou a liquidación.

Con referencia o libro, dicir que as accións impugnadoras na quebra se ven totalmente modificadas co anteproxecto, e polo que se refire a formación da masa activa do concurso, hai que sinalar de forma moi positiva a desaparición do sistema de retroacción, que tantos e tan importantes problemas veu suscitando a súa estricta aplicación por parte da xurisprudencia.

En conxunto, o anteproxecto de lei concursal mércenos unha valoración altamente positiva. Hai que ter en conta que, na actualidade, o réxime xurídico das quebras intégrase por normas do Código de comercio de 1829, da Lei de axuízamento civil de 1881 e do Código de comercio de 1885, mentres que a disciplina da suspensión de pagos recóllese na coñecida Lei de 1922. Trátase pois dunha normativa arcaica, dispersa e que considera unha realidade socioeconómica que non se corresponde coa actual. Só pola modernización do noso dereito concursal, que é o que aspira o anteproxecto, xa merece ser aplaudida.

O CXAE valorouse como acertada a «significativa» función atribuída ós avogados no anteproxecto de lei ó establecer que a Administración xudicial do concurso será desempeñada por tres membros, un deles avogado con experiencia profesional polo menos de dez anos de exercicio. Eu persoalmente non estou de acordo, pois dez anos de exercicio non implican coñecementos concursais, senón que unha vez máis os avogados fan un *cluster* para que a xente nova teña máis impedimentos no exercicio da profesión.

A pesar de todo o exposto, hai sectores que non están de acordo con algunhas medidas do anteproxecto, que son as seguintes:

- || Os auditores consideran que a nova normativa abre a posibilidade de que os administradores non precisen de formación na área económica.
- || Os secretarios xudiciais tamén encontran algunha obxección, xa que o anteproxecto négalle a inclusión de facultades procesuais ó secretario xudicial deixando a súa figura no esquecemento.
- || Algúns sindicatos critican a lei por non establece-la posibilidade de saldar primeiro as débedas que mantén a empresa cos seus traballadores, senón que a equipara con outras débedas doutros traballadores.

A autora na súa obra dedícalle un apartado ás accións impugnadoras concursais, como mecanismo do sistema de reintegración da masa e a súa inclusión na futura Lei de quebras, no cal nos expón o seguinte:

Partindo do sistema español de reintegración da masa da quebra, confórmasse sobre dous elementos: a retroacción, contemplada no artigo 878.2 do Código de comercio, e as accións impugnadoras de determinados actos, previstos polo lexislador nos artigos 879 a 882 do citado código, de tal maneira que ten un dobre carácter xudicial e legal. As accións rescisorias e a reintegración en xeral da masa quedan baleiras se con artificios se restrinxen os bens que

teñen unha saída indebida que resulta inataviable. Parece ser que a lei eleva o cada vez máis reclamado prexuízo en privilexio duns poucos (non se privilexian determinados créditos, senón a preterición da masa crediticia restante (ordinaria) e, por conseguinte, irrogarlle un prexuízo que, de acordo cos principios conformadores do sistema, debería poder neutralizar.

Estamos, en suma, ante un traballo importante e necesario, no cal a autora fai un excepcional *excursus* falando das accións impugnadoras e indo e volvendo constantemente ó dereito comparado que, en función da aprobación ou non da nova lei, perderá ou non vixencia e que cobre un baleiro non cuberto ata agora; de tal maneira que a parte do libro que dona Rosario chama anexo converterase no esquema dunha futura publicación por parte da autora que tan brillantemente enfocou o tema das accións impugnadoras na quebra, que tal como todos sabemos é un tema confuso e complexo, tanto para a doutrina coma para a xurisprudencia; é por isto que o labor da autora case se pode cualificar de pioneiro. Non é fácil xulgar unha obra deste tipo nunhas curtas liñas, pero doume por satisfeito se se contribúe a unha maior difusión desta.

**Xosé Antón Barreiro Pereira**

*Avogada*





## NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografiadas a dobre espazo nunha soa cara e numeradas, e incluírán, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasificar o artigo.
6. Baixo o título colocárase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

### *Libros:*

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

### *Artigos:*

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar.

Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remitíranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismos, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

**Revista Galega de Administración Pública**

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4  
15707 Santiago de Compostela.  
Galicia. España.











CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,  
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA  
DE ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICA